# OBRADOIRO 27
REVISTA DE ARQUITECTURA

ıos con Galicia

# ÍNDICE

OBRADOIRO 27
Revista de Arquitectura
Colexio de Arquitectos de Galicia

EDITORIAL . . . . . 2

MONOGRAFIA: ARQUITECTURA SANITARIA

Manuel Gallego. A emoción do tempo
**Manuel Rivas** . . . . . 4

Edificios para Institutos de investigación, Campus Sur
**Manuel Gallego Jorreto** . . . . . 6

A saúde dos homes infames
**Fernando Casqueiro** . . . . . 16

Centro de Saúde de Viveiro
**Manuel Gallego Jorreto** . . . . . 24

Centro de Saúde de Elviña
**Alberto Noguerol e Pilar Diez** . . . . . 32

Centro de Saúde de Vigo
**Alfonso Penela** . . . . . 40

Centro de Saúde de Perillo
**Carlos A. Pita Abad** . . . . . 46

Centro de Saúde Calo-Teo
**Francisco J. Rivas Barros e Xosé M. Rosales Noves** . . . . . 50

Centro de Saúde de Xunqueira de Espadañedo
**Alfredo Freixedo Alemparte** . . . . . 56

Centro de Saúde de Monteporreiro
**Gabriel Santos Zas** . . . . . 60

Centro de Saúde do Castrillón
**Antonio Amado Lorenzo** . . . . . 64

Centro de Saúde de Vilalba
**Carlos E. Meijide Calvo e Francisco J. Vidal Pérez** . . . . . 68

Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira en Cee
**Jacobo Rodríguez-Losada Allende** . . . . . 76

Hospital de Oza
**Albert Pineda e Andrés Reboredo** . . . . . 80

Facultade de Ciencias da Saúde
**Manuel de las Casas** . . . . . 88

Entrevista con Álvaro Siza
**Carlos G. Seoane** . . . . . 96

Complexo Paroquial do Marco de Canavezes
**Álvaro Siza** . . . . . 106

O poboado industrial das minas de Fontao
**Xosé Lois Martínez Súarez** . . . . . 118

CONCURSOS 130

NOVAS

IV Premio de Arquitectura Julio Galán Carbajal . . . . 148

RESENCIÓNS 154












Dragados

1945 / 1995

Cortizo Sistemas S.A.

# Diseñamos Soluciones.

Centros de Investigación Tecnológica Universidad de Santiago.
Sistema "Muro invertido". Arquitecto: Manuel Gallego Jorreto.
Instalador: Arteal, S.L.

Edificio "Sifón" Universidad de Deusto, Bilbao. Fachada estructural, Cortizo Sistemas.
Arquitectos: Fco. Javier y Valentín Galdos Tobalina.
Instalador: Carpintería Lau, S.L.



Academia Gallega de Seguridad, A Estrada.
Sistema Lucernario. Arquitecto: Pablo Costa Buján.
Instalador: Alca, S.L.

En CORTIZO SISTEMAS, S.A., diseñamos los sistemas de aluminio más avanzados para la arquitectura y colaboramos con los profesionales ofreciendo apoyo técnico y soluciones concretas a sus proyectos de arquitectura e ingenieria.

Desde la recepción de los planos del proyecto hasta la solución al cerramiento cubriendo todas las fases: cálculos de resistencia, detalles de perfilería, encuentros en obra, estudio económico, memoria de carpintería, y seguimiento a pie de obra.

CORTIZO SISTEMAS, S.A. es una realidad a su servicio.

Cortizo Sistemas S.A.

OB-2

**Deseo recibir más información sobre sus sistemas:**

- ❑ Sistema Aluminio-madera
- ❑ Ventanas con RPT
- ❑ Ventanas sin RPT
- ❑ Fachadas ligeras

Nombre: . . . . . .

Profesión: . . . . . .

Dirección: . . . . . .

. . . . . .

Ciudad: . . . . . .

Provincia: . . . . . .

C.P. . . . . Telf.: . . . . . .

**Remítanos este cupón por correo o fax:**
**Cortizo Sistemas, S.A. Ctra. Padrón-Noya Km 2.**
**15901. Padrón (La Coruña).**
**Telf.: 981 804213. Fax.: 981 804212**



# FEYJU

GALICIA, S.L.

CONSTRUCCIONES

Travesía de Vigo, 131 - 1º
Telfs.: (986) 37 66 67 - 37 67 63
Fax: (986) 37 66 33
36206 VIGO (PONTEVEDRA)

# Galicia móvese cunha nova enerxía.

Galicia xa dispón de gas natural.
A enerxía con máis futuro.

A máis económica. Capaz de proporciona-la maior comodidade ós nosos fogares e toda a eficiencia necesaria para a nosa industria.

A máis limpa. A súa combustión non produce fumes nin residuos. E é transportada por gasoductos subterráneos que non alteran a paisaxe nin contaminan o noso ambiente.

Galicia móvese cunha nova enerxía: a nosa mellor enerxía ó servicio de Galicia.

Web: gasnaturalsdg.es

gasGalicia

*Ó servicio das persoas.*

# Ahora, a la Diputación de A Coruña...



www.dicoruna.es

clik

## ... la encontrarás en Internet

DIPUTACION DE A CORUÑA

sangrā

# Francisco Parada s.l.

ha colaborado
en la construcción
del **Sanatorio de Oza**
con la instalación
de sanitarios Sangrá

Francisco Parada

Fernando Macías, 15-17 La Coruña
Telfs.: 981 - 25 02 84 - 25 32 50

ALMACÉN Y EXPOSICIÓN:
Polígono de la Grela. Crta. del Bosque
(parte trasera de parque de bomberos)
Telfs.: 981 - 13 40 06 - 13 48 18
Fax: 981 - 13 48 17 - La Coruña

Mobiliario de oficina
Iluminación
Hogar
Complementos
**Finisterrae Diseño**
Pintor Joaquín Vaamonde 3
15005 A Coruña
Tel 981 120641
Fax 981 121706

FINISTERRAE

solidez
trabajo
eficacia
orden
# oficina
proyecto

**d line**
Knud Holscher Design

La màs amplia colecciòn de elementos y sistemas de **Acero Inox 18/8 AISI 316** para dar una soluciòn funcional, homogenea y de total calidad a cualquier tipo de edificio que requiera los tests, ensayos y **homologaciones màs exigentes** (DIN, EN, Egolf, Dantest o BS).



Con el catàlogo y lista de precios de **d line**™ *international as*, podrà especificar un edificio completo: manillas para todo tipo de instalaciònes, cerraduras DIN 18251 para carpinterìa de madera y DIN 18252 para carpinterìa metàlica, sistemas antipànico DIN 18250-18273, cilindros-llaves y planes de cierre jerarquizados DIN 18254, cierrapuertas DIN 18263, manillones, tiradores de armario, accesorios para cuartos de baño, ayudas pasivas para discapacitados fisicos y señalètica.

Si ademàs necesita de una explicaciòn màs en profundidad, nuestro **Dto. Proyectos** le mandarà a uno de nuestros Profesionales a su oficina o estudio para resolver cualquier tipo de duda adicional.

Tambièn, puede visitar nuestras **pàginas web en internet: http://www.elpicaporte.com http://www.dline.dk**, y enviarnos sus preguntas al correo electrònico LCG@elpicaporte.com

El Picaporte™
Departamento de proyectos
CONTRACT

Alfredo Vicenti, 40. 15004 La Coruña.Tf. 981 273390. Fax 981 278180
Progreso, 10. 36202 Vigo. Tf. 986 438300. Fax 986 433380
Cervantes, 11. 33004 Oviedo. 98 5237723. Fax 98 5237723

**Los Clásicos del Diseño:** Le Corbusier, Macintosh,

M. Van der Rhoe, Jacobsen.

**Los Contemporáneos:** Philippe Starck,

Aldo Rossi, Enzo Mari, Oscar Tusquets...

1969

VP

Vilanova Peña

Telf: (986) 710 039 Fax: (986) 710 033 RIBADUMIA. PONTEVEDRA. http://www.vilanova-p.com






Construcciones A. Varela Villamor, S. L.
Tel.: 986 85 97 16 - 986 84 65 13 Fax: 986 84 27 96
Lourizán - Puente Molinos 36153 PONTEVEDRA

INDEZA SL
PROMOTORA-CONSTRUCTORA OBRAS PUBLICAS
Tel.: 986 78 00 28 - 986 78 01 01 - 986 78 37 81 - 986 78 42 33 Fax: 986 78 16 51
Avda. Buenos Aires, 81 36500 LALIN (Pontevedra)


# VIVEIRO, UNA CIUDAD EN VANGUARDIA

EXCMO. CONCELLO
DE VIVEIRO

Praza Maior, 1 - 27850 VIVEIRO (Lugo)
Telf.: 982 56 01 28 - 982 56 11 47
E-mail: viveiro@fegamp.es

**NEOR, S.A.** EMPRESA CONSTRUCTORA

Laureles, 9 • Teléfonos (981) 56 30 26 - 56 32 26 • Fax (981) 57 32 26 • 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Restauraciones en la Catedral de Santiago de Compostela.
Arquitectos: Baltar, Bartolomé y Almuiña.

IMPERMEABILIZACIONES
RESTAURACIONES
PAVIMENTOS
T.S.P S.L.

DISTRIBUIDOR DE:
THORO
THORO SYSTEM PRODUCTS S.A.

**Impermeabilización:**
* Productos de base cementosa que actúan tanto con presión positiva como negativa.
* Morteros elásticos para la impermeabilización de estructuras sujetas a movimiento.
* Selladores de vías de agua.

**Restauración:**
* Mortero de Reparación.
* Sistemas de Recarbonatación y protección de estructuras de hormigón.
* Hidrofugantes en base agua sin disolventes.
* Morteros monocapa. Impermeables y resistentes a la contaminación.

**Pavimentos:**
* Cementos autonivelantes de grán resintencia a la abrasión.
* Autonivelantes epoxy y poliuretano resistentes a los ataques químicos (grasas, aceites, ácidos, etc.).

**C/ Arenal, 13 - bajo - 15002 LA CORUÑA - Telf. y Fax: 22 60 05.**

R E V I S T A O B R A D O I R O




OBRADOIRO 24
EQUIPAMENTOS




OBRADOIRO 25
OPERA PRIMA




OBRADOIRO 26
CIDADE E PROXECTO




OBRADOIRO 27
ARQUITECTURA SANITARIA

PARA INFORMACIÓN E PEDIDOS:
COLEXIO DE ARQUITECTOS DE GALICIA
CASA DA CONGA - PRAZA DA QUINTANA, S/N.
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA
TELÉFONO (981) 55 24 00 - TELEFAX (981) 56 16 58

CREATIVO

fascinante

original...

*CORIAN® es más.*

*Exija siempre CORIAN® genuino, producido exclusivamente por DuPont.*
*CORIAN® es un material sólido único en su clase, utilizado con excelentes resultados desde hace 25 años.*

*También es versátil, funcional, duradero... y está disponible en una extensa gama de colores. CORIAN® es un material en el que podrá confiar y le ayudará a singularizar todos los proyectos. Gracias a CORIAN® comprobará que nunca fue tan fácil convertir sus ideas en realidad, y lo que es más importante, que una vez llevadas a cabo, los años no pasarán por ellas. Y es que con CORIAN® el único límite es la imaginación.*
*Para más información:*

**IMTERGA**
C/ Arias Arquieto, 3
27600 SARRIA
Tel: (982) 53 02 20 - Fax: (982) 53 04 14

CORIAN®
Created For Life.
DUPONT®

*® CORIAN es una marca registrada de DuPont.*

Arteal
CARPINTEROS DEL ALUMINIO

Polígono Ind. del Tambre
Vía Edison, 34
Teléfono (981) 57 76 00
Fax (981) 57 76 26
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de política Territorial,
Obras Públicas e Vivenda

INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

PROMOCIÓN
DE
SOLO EMPRESARIAL

# XESTUR OURENSE

PROMOCIÓN
DE
VIVENDAS DE V.P.O

**OBRAS REALIZADAS**

- URBANIZACIÓN SAN BENITO DE ALLARIZ (12 VIVENDAS V.P.O.)
- IMPLANTACIÓN ELEMENTOS COMPLEMENTARIOS DO NOVO CAMPUS UNIVERSITARIO DE OURENSE
- PARQUE EMPRESARIAL DE XINZO DA LIMIA
- PARQUE EMPRESARIAL DO CARBALLINO
- PARQUE EMPRESARIAL DE PEREIRO DE AGUIAR
- SOLO DE RESERVA EMPRESARIAL DE OURENSE EN SARREAUS XA VENDIDO POR CONCURSO.

**OBRAS EN EXECUCIÓN**

- PARQUE EMPRESARIAL DO BARCO DE VALDEORRAS
- PARQUE EMPRESARIAL DE ALLARIZ
- CONSTRUCCIÓN DE 30 VIVENDAS DE V.P.O. EN ARNOIA

**EN FASE DE PROXECTO**

- PARQUE EMPRESARIAL DE RIBADAVIA
- PARQUE EMPRESARIAL DE CELANOVA
- PARQUE EMPRESARIAL DE VILAMARIN
- VIVENDAS DE V.P.O. PARA XENTE NOVA NO NUCLEO HISTORICO DE OURENSE

XESTUR OURENSE
XESTION URBANISTICA DE OURENSE, S.A.
Curros Enriquez 1 - Planta 8ª
Telf.: (988) 510191 - Fax: (988) 510189
32003 OURENSE
xestur-ourense@ctv2.es

# OBRADOIRO 27

REVISTA DE ARQUITECTURA

# EDITORIAL

Para os arquitectos galegos foi un honor que o Premio Nacional de Arquitectura 1997 do Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España fose para Xosé Manuel Gallego Jorreto, polo edificio do Museo de Belas Artes de A Coruña, X. M. Gallego é xa referencia significativa da mellor arquitectura que se constrúe en Galicia.

A análise da súa obra suxire a idea do clasicismo:

Clasicismo como sinónimo de intemporalidade: hai nelas unha consciente ( ou inconsciente ) fuxida da brillantez para conseguir a cambio a permanencia que vai moito máis alá da moda, da axitada obsesión por estar á última que moitas veces contamina os productos máis celebrados incluso polos medios de comunicación afins á profesión.

Clasicismo como pureza formal, aínda que, como sempre ten sucedido, detrás desa aparente sinxeleza hai unha inxente cantidade de traballo e de reflexión sobre da esencia da Arquitectura, que se traduce para cada proxecto no estudo e reestudo das solucións de conxunto e de detalle.

Clasicismo tamén como maxisterio: un maxisterio tanto máis eficaz canto que non está cementado sobre dun discurso valeiro e retórico senón sobre a súa actitude ante a obra.

X. M. Gallego reclámase discípulo e admirador dun maestro, Alejandro de la Sota. Pero xa chegou a hora de que deixemos de miralo como discipulo e vexamos o mestre que hai nél.

X. M. Rey Pichel
DECANO-PRESIDENTE DO COAG



# ARQUITECTURA SANITARIA

# Manuel Gallego. A EMOCIÓN DO TEMPO

**MANUEL RIVAS, escritor**

O contrario do aburrimento non é o barullo senón a serenidade. O aburrimento, dinos Thomas Szasz, é a sensación de que todo é unha perda de tempo, e a serenidade, de que nada o é.

Así vexo eu a arquitectura de Manuel Gallego. Nada nela é perda de tempo. Máis ben, pola contra, o tempo semella ser aquí o lugar, o resultado dun proxecto. O tempo sae do anonimato e da invisibilidade. Ese náufrago solitario e fuxidio encontra, por fin, un corpo que o acobilla na tempestade. O tempo aquí non é unha patina, unha vestimenta formal, senón primeira materia da construcción. Cando isto sucede, cando a emoción ten a textura da obra laboriosamente construida, o que xurde é a serenidade.

Tempo que non ten perda. Serenidade. Ese é o selo de Manuel Gallego.

A conversa con el tampouco ten perda. É unha experiencia. Un non fala en van con Manuel Gallego. A propósito de náufragos, os mariñeiros supervivintes dunha traxedia falan do intre de serenidade que posui a un na beira da consciencia. Chámanlle os "pensamentos de ouro".

Nesta caospolis na que parece derivar Galicia, na caostrucción urbanística, un distingue a mellor arquitectura coma alentar vitalista de náufrago. Pensamentos de ouro na beira dunha grande inconsciencia. Saes, pois, da conversa con Manuel Gallego coa sensación de levar un saquiño de pensamentos de ouro que teñen a forma de lentes. Son unhas lentes especiais que cando miras para dentro miras tamén para fóra. A súa medida non é a distancia senón a profundidade

Esas lentes atravesan o opaco, móstrannos o lado oculto. Radiografían os alicerces, os complexos cimentos da caostrucción e a socioloxía da fealdade que se estende polo chan galego. Son lentes con moviola, que tamén miran para atrás cando miran cara adiante e viceversa, que contemplan a historia desde o libre discorrer, desprexuizadas, que atenden o feitizo dunha trepia na lareira coa mesma atención ca un deseño da Bauhaus, ou que ollan unha murada de canteiro anónimo cuberta polo minio natural do lique co degaro dun detalle maxistral de Le Corbusier, pero non por iso lentes nostálxicas, alérxicas a calquera idea de "fin da historia", pois marabillanse a cada paso, sexa pendello ou aeroporto, alí onde se den cita a necesidade e o inxenio. Lentes que miran con ironía cara a arquitectura pagada de sí mesma. Que nos devolven ás cuestións básicas, ao fin e ao principio: O ser humano, a intemperie e a tensión, ¿utópica?, dun amado fogar.

Fin e principio. É o título dun fermosísimo poema de Wislawa Szymborska. Nel, a nobel polonesa fala dos labores de reconstrucción despois dunha guerra. "Unha mínima orde non se fará soa". Alguén ten que facer a limpeza, apartar as escombreiras, fundirse na lama e na cinza, nas esquírolas de vidro e nos panos ensanguentados, arrastrar trabes para termar dos tellados, repoñer fiestras, colocar as portas nos gonzos, facer de novo pontes e estacións...

E, por último, di o poema de Szymborska:

Na herba que medrou
sobre causas e efectos
alguén debe tumbarse
cunha espiga entre os dentes
para contemplar as nubes.

Manuel Gallego nace en 1936. Aínda que as circunstancias nas que se forma como arquitecto non son as do fin inmediato dunha guerra, algún día veremos a dictadura coma unha longuísima postguerra, un mal de aire pousado na atmósfera do país coma abafante borralla. As máis duradeiras cicatrices son as que fican na cultura, no sentido máis amplo, tamén no que significa de relación co medio, co espacio xeográfico. As peores cicatrices, escribiu Juan Cueto, son as que a mala política deixa na paisaxe.

Non é un arquitecto de postguerra, pero eu non podo deixar de ver a Manuel Gallego como unha sorte de re-constructor, como a síntese dunha desas figuras que se arremangan para apartar escombreiras e restablecer unha mínima orde e de quen se tumba na herba e contempla as nubes cunha espiga entre os dentes mentres pensa na relación entre causas e efectos.

Nada disto que digo ten que ver con escolas nin con teorizacións explícitas. Nin tampouco cunha vindicación saudosa dun antigo reino da arquitectura perdida. A melancolía da arquitectura de Manuel Gallego, que a ten, é unha melancolía de futuro. Non hai máis que ver como as suas obras reconstituen o horizonte. No sentido máis literal. Hai obras que tapan, como odiosos pronomes persoais de primeira persoa, e hainas que axudan a ver, que ennoblecen a mirada. Iso é outro rasgo de Manuel Gallego: O que devolve o horizonte.

Él quixo, quere, facer arquitectura en Galicia.



Fotografía: **Xurxo Lobato**

Enxertando a obra nunha concepción do urbanismo, da vivencia societaria, que non se desentenda do sentido humanístico. Pero Galicia non como inopia senón como principio de realidade. Para o que estamos a falar, un territorio duro, disputado palmo a palmo. Entre o promisorio e a fachenda, semella que todas as enerxías, todas as pasións, se volcan sobre o chan. Para quen aínda distingue entre simple negocio e arquitectura, isto podería levar a un sentimento tráxico, á doma ou ao silencio. Pero Manuel Gallego non se sentiu repelido senón atraído polo conflicto. O escenario da desfeita é tamén o da vida. O país "vello e canso" de que falou Ramón Piñeiro manifestase, no canto da intervención constructiva, cun vitalismo abraiante, por veces tan prometeico como patético. Crendo estar á marxe, os arquitectos do "bo gusto" ou da moda compulsiva aportan toneladas métricas de ridículo. O verdadeiro cerne moderno non consiste en estar á última senón situarse nesa liña de principio-fin, mergullarse no caos sen esquecer nunca a relación entre causa efecto.

Como o poeta en Nova York, o arquitecto en Galicia.

Dicía Miguel Torga que o primeiro compromiso do escritor é o de escribir. En Manuel Gallego é a obra a que destila o discurso. É a obra a que fala, como un ideograma laboriosamente trazado. As liñas son pensamentos. Os materiais rexurden como aforismos. É unha obra que non nace da vaidade senón da vontade obsesiva por resolver un problema. Por iso ten a estética dunha criatura ecolóxica. Ten a beleza imprescindible de quen zafa no darwinismo, entre as poutas da brutalidade especulativa e da retórica monumentalista. E non necesita proclamarse como proposta crítica.

A súa propia existencia é un manifesto. Ademáis dos valores propiamente arquitectónicos, está obra está feita con materiais ben escasos na nosa historia contemporánea, no comportamento das élites dirixentes do desventurado país galego: a dignidade e a responsabilidade.

Sabemos dabondo que ningún espacio construido é neutro nin inocente. Pola contra, a arquitectura non soe mentir. É moi obscena. Non hai máis que ver os edificios que albergan o poder e a usura. Hainos que fan aboiar os sentimentos de dominio e humillación, de soberbia e servidume. E hainos que fan agromar o mellor que hai en nós. Por exemplo *os pensamentos de ouro*. Eses que lle acaen ao náufrago cando atopa as naves de Manuel Gallego.

# EDIFICIOS PARA INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN CAMPUS SUR. SANTIAGO DE COMPOSTELA

Arquitecto proxecto: **Manuel Gallego Jorreto.**
Arquitectos directores: **Manuel Gallego Jorreto, e Arturo Campanero García.**
Promotor: **Universidade de Santiago de Compostela.**
Constructor: **Construccións San José.**
Remate da obra: **1996.**
Situación: **Campus Sur. Santiago de Compostela.**
Fotografías: **Manuel Gallego (2, 4 e 6) e Pablo Gallego.**

O proxecto redáctase por encargo da Universidade de Santiago de Compostela para unha zona nova do campus universitario, con planeamento aprobado, un Plan Especial de Ordenación en proceso de urbanización.

O encargo e o proxecto desglosáronse en dous:

1.– O Instituto da Cerámica e Vidro con programa definido.

2.– Tres edificios para Institutos de Investigación cun uso non precisado.

Ambolos dous, aínda que independentes, deben responder a unha ordenación común xa presentada ao redactar o proxecto no Plan Especial (alturas, aliñamentos e m2 construídos), é dicir, a unha proposta única.

O lugar de emprazamento considerouse na súa dobre interpretación como borde, balconada desde a parte superior onde está a vía principal de acceso e como cornixa desde a zona interior, onde se sitúan os campos de deportes, os espacios verdes e a vía de saída de Santiago cara a Noia.

Os edificios aínda que independentes, preséntanse como conxunto. Atendendo á súa disposición secuencial, perfilaranse no alto como elementos pétreos e prismáticos onde a repetición se matiza con pequenas deferencias de forma e volume.

As diferencias serán as que permitan o axuste a un funcionamento específico, que é o caso do Instituto de Cerámica, e tamén o axuste concreto ao seu lugar de colocación. A pendente do terreo vai orixinar diferencias en semisotos e xardíns. Isto vai acentuar o soporte dos edificios a modo de pedestal, á vez que reforza un certo carácter direccional do conxunto, como un eixe ordenador desa zona concreta do Campus Universitario.

Cada edificio proxéctase cunha certa autonomía, a que esixe e xera a súa propia organización e que se fundamenta no carácter do seu uso como edificio de investigación. Espacio para o estudio e o traballo coa posibilidade de zonas recollidas e vertidas cara a un espacio axardinado (arborizado) propio do centro. Proponse un espacio que facilita a tranquilidade e a reflexión, o xardín con árbores que se integra a cada edificio constituíndo parte del. Unha arboreda densa completará o edificio e defenderao do sol de poñente.

O carácter tecnolóxico céntrase na búsqueda das máximas posibilidades para espacios potenciais de laboratorios, zonas de estudio e traballo. Espacios facilmente relacionables e coa máxima diafanidade. A súa tecnoloxía céntrase nun correcto sistema de iluminación e de ventilación, e a posibilidade de incorporar instalacións ou de varialas. Un edificio con tecnoloxía punta é un edificio que ten que permitir un axuste continuo; a accesibilidade ás instalacións e a flexibilidade, tamén son moi importantes.





PLANTA SEMISOTO



PLANTA BAIXA



PLANTA PRIMEIRA/SEGUNDA

PLANTA BIBLIOTECA



Utilízanse chapas de granito intentando buscar a plástica das súas posibilidades actuais, a modo de grandes paneis colgados e con xunta aberta.

Na organización dos edificios estableceuse unha orde por plantas, orde lóxica que se utiliza buscando rigor á forma resultante, como argumento básico da súa composición.

Planta baixa: acceso, acollida, conserxería, espacios administrativos, espacios de usos múltiples (clases, etc.) e espacios de reunións ou salas de xuntas.

Planta tipo: laboratorios e despachos. Espacios de traballo e de investigación.

Planta última: espacio de pequena biblioteca e estudio, vertido cara ao xardín privado, como unha pequena cabeza do edificio.

Proxéctase sobre cuberta, unha planta para posibles instalacións ligadas ao eixe do edificio (aire acondicionado, ascensores, etc.).

Durante a execución da obra, moi rápida, deuse destino e contido a cada edificio. Iso provocou multitude de modificacións no seu axuste e funcionamento.

A organización xenérica do edificio someteuse a proba na súa capacidade de acomodación ás particularidades. Intentáronse canalizar os cambios para reforzar o seu carácter tipolóxico. Así, a zona central coas novas necesidades de ventilacións forzadas, gases e espacios para posibles cambios de instalacións, transformouse nunha auténtica torre ou cheminea, ordenadora do funcionamento e da enerxía.




ESQUEMA SECCIÓN




SECCIÓN LONXITUDINAL






ALZADO XERAL SUR



*OBRADOIRO*
*10*

2

PLANTA BAIXA



1. PEZAS DE GRANITO e=4,5 cm. (1´e=10 cm.)
2. MASTROS AL. FIXACIÓN E CAMARA DE AIRE
3. ELEMENTOS AL. SUXEICIÓN MASTROS
4. PROXECTADO POLIURETANO 3 cm.
5. PETO FORMIGÓN
6. CHAPA PREGADA AL. VERTEAUGAS
7. ANGULAR AL. LACADO
8. CARPINTERÍA AL. LACADO VENTÁS, CON PONTE TÉRMICA BWR-57
9. ELEMENTOS ACEIRO INOX. SUXEICIÓN PEDRA
10. REMATE ACEIRO INOX.
11. ACRISLALAMENTO CLIMALIT
12. VERTEAUGAS AL. LACADO
13. TUBO DE AL. 40x80x3 mm.
14. TABOLEIRO DMH-35 mm.
15. PLETINA DE ANCORAXE 160x7 mm. PREGADA
16. TABOLEIRO DMH-16 mm.
17. TABOLEIRO PREFORMADO CORIAN
18. CÁMARA DE AIRE E ENRASTRELADO
19. CANALETA DE AL. PARA INSTALACIÓN ELÉCTRICA





DETALLE MURO CORTINA E CORREDERAS



4

1. PANTALLA DE FORMIGON ARMADO S/PLANO DE DETALLE DA EXTRUCTURA (P-56)
2. GRANITO EXTRADURO GRAN FINO PULIDO e=45 mm., COLGADO XUNTA ABERTA CON ANCORAXES SISTEMA FISCHER ( E-10; M 12-105) DE ACEIRO INOX. TIPO (AISI-304 (A-2)) DE SUSTENTACIÓN NA BASE EN CORONACIÓN E LATERAIS
3. PROXECTADO DE 3 cm. DE POLIURETANO (30 KG/m3)
4. PLANCHA DE POLIURETANO DE ALTA DENSIDADE
5. TABOLEIRO ARMADO E CANTEADO, LACADO EN BRANCO FORMANDO CAIXA DE CORTINAS, INCLUSO L=50x50 mm. GALVANIZADO EN QUENTE
6. ESPACIO DE CORTINERO CON TAPA (DM e=19 mm.) PRACTICABLE
7. ANGULAR 70x70 PARA ANCORAXE CARPINTERIA (GALVANIZADO EN QUENTE)
8. GARRAS DE ANCORAXE DE CARPINTERIA (IDEM ANTERIOR)
9. CARPINTERÍA DE ALUMINIO LACADO (OU GALVANIZADO) COLOR GRIS PRACTICABLE PARA LIMPEZA (BASCULANTE O FRANCESA CARA O INTERIOR) CON FERRAXES G-U, CON VERTEAUGAS; RECOLLIDA DE CONDENSACIONS E PONTE TERMICO E ACRISTALAMENTO 6+6
10. FALSO TEITO ACÚSTICO AMSTRONG (60,<60)
11. TABOLEIRO DE DM. e=30 mm. ANTIHUMIDADE TIPO INTAMASA CON SUXEICCIÓN DE T=50x50 mm. (GALVANIZADO EN QUENTE) ANCORADA A CHAN E PAREDE
12. VERTEAUGAS DE CHAPA PLEGADA (e=2 mm.) DE ALUMINIO LACADO (GALVANIZADO) MESMA COLOR DE CARPINTERÍA
13. CARRIL ELECTRIFICADO PARA ALUMBRADO, TELEFONÍA INFORMATICA E PREVISION OUTROS USOS (ELECTROPLINTO TIPO PLA-130-ELECTROSYSTEM)
14. PAVIMENTO TIPO INTERCELL, CHAN CELULAR DE ACCESO LIBRE, CON PANEIS CON PEDESTAIS AUTOPORTANTES E PLACAS DE ACEIRO 50x50 ACABADO EN LOUSAS DE GOMA RESISTENTES A ÁCIDOS
15. VERTEAUGAS DE CHAPA PREGADA (e=2 mm.) DE ALUMINIO LACADO (GALVANIZADO) MESMA COLOR DE CARPINTERIA
16. PERSIANA TIPO LLAMBI MODELO PVC EN ALUMINIO LACADO (GALVANIZADO) MESMA COLOR DE CARPINTERÍA (CON LÁMINA ORIENTABLE. REIXA)
17. BARRAS DE ACEIRO ZINCADO (reixa) DE PROTECCIÓN (CON RETENEDOR)
18. ENCIMEIRA DE TÁBOA AGLOMERADA CON LAMINADO DE FORMICA (alta presión Postforming) FRONTE CURVA
19. MURO DE BLOQUES DE GRANITO DE e=15 cm. E CON ANCORAXES SOAMENTE A TOMBO
20. LÁMINA IMPERMEABILIZANTE ARMADA SOLDADA (e=2 mm.)
21. CHAPA DE ALUMINIO. COLOR CARPINTERÍA RANURADA e=2 mm. ENRASADA CON PERFIL DE CARPINTERÍA
22. AIREADOR COMPACTO TIPO UNITAS (SEN PONTE FRÍA)
23. RINGLEIRA DE LADRILLO, GUÍA DE CERRAMENTO INTERIOR
24. PAVIMENTO DE LOUSAS DE GRANITO SERRADO e=60 mm.











6



*OBRADOIRO*

# A SAÚDE DOS HOMES INFAMES

**Fernando Casqueiro, arquitecto.**

"Este texto trata da linguaxe, do espacio e da morte. Trata da mirada" (Michel Foucaul, *O nacemento da clínica*).

**INTRODUCCIÓN. (Dicir–pensar–ver).**

Asígnaseme por parte dos responsables da revista "Obradoiro" a tarefa de redactar un texto sobre Arquitectura da Saúde. Ao mergullar na memoria na busca das arquitecturas da saúde só acoden á cita obras do período heroico do Movemento Moderno: Zonnestraal ´28, Paimio ´33, Hospital Clínico ´35, Dispensario Antituberculoso ´37. Moi lonxe, demasiado lonxe.

Afondando máis apodérase do campo o recordo duns poucos esbozos e as fotos da maqueta do proxecto para o Hospital de Venecia de Le Corbusier ´65. E xa está.

¿Que pasou? ¿Onde están os hospitais dos mestres? ¿Por que non hai edificios da Saúde nas publicacións de arquitectura de hoxe?

Mirando o presente vemos satisfeitos o enorme esforzo social para alzar catedrais á Saúde e sen embargo constatamos que eses edificios son eficaces, son limpos, son caros pero non nos representan. Non conteñen no seu carácter, na impronta sobre o territorio e a cidade, a manifestación do colosal esforzo colectivo de darnos saúde a todos. De achegar a absolutamente todos os cidadáns a posibilidade real de vivir ata o límite do que a máquina biolóxica "corpo humano" é capaz de resistir. E de ampliar día a día esa fronteira.

Entón ¿a que ese divorcio? ¿É a Arquitectura a que abandona a Saúde ou é A Saúde a que abandona a Arquitectura? ¿Por que?

A limpar a maleza que oculta a orixe dese abandono diríxese este texto.

O artigo pretende mostrar que a idea que nós teñamos da saúde pública condiciona a propia saúde pública e, como parte dela, a natureza dos edificios que construímos. A historia das cousas é a historia das ideas. A das palabras que as nomean. Para falar de Arquitectura falaremos da Razón da Arquitectura.

Emmanuel Kant descubriu en 1781 unha cousa terrible: que a natureza non ten leis. Que a Razón crea as súas propias leis e díctallas a ela.

A revolución copernicana que propón Kant é a de supoñer que, en vez de ser a nosa facultade cognoscitiva a que se rexe pola natureza do obxecto que coñecemos, é este o que se rexe por aquela. En palabras de Kant: "Só coñecemos *a priori* das cousas o que nós poñemos nelas". (Kant E., 1997, pp. 21)

En data moito máis recente, en 1966, o teólogo e historiador da ciencia Thomas S. Kuhn refunda a fe na Razón e en *La estructura de las revoluciones científicas*, volve sobre o mesmo e descobre que para todos nós a existencia de algo que el bautiza co nome de "paradigmas" non é senón un conxunto de respostas, cun grao de acerto suficientemente satisfactorio, a un determinado e limitado conxunto de preguntas. As poucas preguntas que durante algún tempo dan sentido á nosa vida.

Formúlase un paradigma e ése nel. Só se pode vivir nun paradigma ontolóxico, de feito vivimos e coñecemos instalados en confortables "paradigmas", aínda que para moitos, como o amigo de Moliére que falaba en prosa, sen sabelo.

Así enfocado o presente artigo rastrea en primeiro lugar qué cousa é a Saúde e a técnica que a serve, a Medicina, para, a partir de aí, ver ata cándo a arquitectura seguiu á saúde e a partir de cándo a abandona, cál pode ser o carácter da saúde pública hoxe, para, finalmente, definir o carácter necesario dos edificios da saúde. O que o coidado do corpo san supón para as sociedades contemporáneas. Máis en concreto, o que representa o acto heroico de ter sandado a todos os homes, famosos e sen fama. A todos nós. Aos infames. A min.

SAÚDE. MEDICINA.
*Maxia, milagre e medicina.*
*O nacemento da clínica.*
*Ciencia e tecnoloxía.*
*A vida dos homes infames.*
*O nacemento da saúde pública.*
*A saúde pública en España.*
*Crise da medicina e crise da antimedicina.*

O concepto "saúde", co carácter expansivo do que hoxe disfruta, non é eterno. Os seus límites poden precisarse. A súa aparición pode datarse, pode seguirse a súa evolución e detectarse as razóns das actuais vacilacións.

Para acotar un campo tan complexo como qué cousa significa hoxe o concepto Saúde servímonos do traballo dos filósofos contemporáneos.

Os filósofos contemporáneos definen conceptos. Maís alá do ben e do mal que é un asunto do que hoxe se ocupa a ética, máis alá incluso do belo e do feo ao que atende a estética, os filósofos de hoxe sitúanse entre o verdadeiro e o falso.

Para definir os límites da Saúde rastréanse os da técnica que a serve, a Medicina. En 1992 o filósofo e mestre Gustavo Bueno Sánchez (Oviedo 1924) foi invitado a impartir unha lección nos cursos de verán da Universidade Complutense, en Almería, sobre un título algo sorprendente pero revelador: "Medicina, Magia y Milagro". O texto da súa lección sérvenos como pauta para investigar sobre os límites da Medicina.

Para fixar as orixes da medicina científica, a Clínica, a súa evolución e a súa crise actual, referirémonos ao traballo que o filósofo francés Michel Foucault (Poitiers, 1925– París, 1984) realizara durante máis de 20 anos en torno á Saúde, o Poder e a Razón.

**Medicina, Maxia e Milagre.**

Chama a atención o heteroxéneo do título. Dous dos enunciados, Medicina e Maxia son, en canto categorías, causas e o terceiro, Milagre, unha das consecuencias

da Relixión. Así o título correcto sería "Medicina, Maxia e Relixión", e ordenados en forma de crecente dominio da lóxica: "Maxia, Relixión, e Medicina".

O poderoso rastreo da gnoseoloxía buenista sobre o tema do congreso ao que se invita o mestre dá algo de luz no territorio dos límites da sáude e nos da medicina como técnica ao seu servicio.

Ao ocuparse da Medicina, Bueno establece un territorio no que pensar. A súa tarefa é o pensar cómo pensar. Non induce conclusión algunha ao respecto. Non ten carga estética, nin moral, nin por suposto ética. A qué se parece a medicina. De qué se diferencia. Busca unha parella de conceptos cos que formar unha tríada evolutiva no rigor do pensar. Sen ética, sen estética, sen mística.

Constrúe o mestre unha hábil translación do rigor de Hegel ao illar a Relixión da Arte e a Filosofía. *Arte, Relixión e Filosofía* como paralelos a *Maxia, Milagre e Medicina.* Este paralelismo hegeliano, algo forzado pero útil, retrotráenos a unha dimensión antropolóxica do corpo e do seu coidado que nos supera na estreita marxe dun artigo dunha revista de arquitectura. Pero aínda así, a tríada de Hegel pode actuar como espello para entender a tríada de Bueno.

Exclúense do espacio metafísico ou teolóxico, hipoteticamente superior, aínda que "para algúns a Relixión non é senón a fe na maxia". (Bueno. G., 1993, pp. 7).

Defínense desde unha visión negativa. As tres son institucións que teñen que ver coas anomalías. Defínese anomalía como a "desviación sistemática" non meramente fortuíta, aleatoria ou episódica da norma ou do canon.

Medicina, maxia e milagre poden considerarse como institucións dadas en función de tres distintos tipos de anomalías que Bueno define: diserxia, disnomía e discrasia.

•A Maxia relaciónase coas distorsións das "capacidades ordinarias" de acción dos suxeitos corpóreos en relación cos obxectos do seu entorno. Diserxia, distorsión. O técnico é o mago.

•O Milagre con desviacións das conexións "normais" ou "legais" que teñen lugar entre os obxectos do mundo. Disnomias. O seu aplicador é o "chamán". Un "chamán" pode ser considerado como unha composición de médico e mago, e aínda sacerdote.

•A Medicina relaciónase coas enfermidades, malformacións e, incluso, coa morte dos suxeitos corpóreos. En palabras de Bueno trátase "dunha tecnoloxía estructurada en función das discrasias do suxeito corpóreo humano". (Tecnoloxía como *Tecné*, como virtude da *Poiesis*). Aplícaa o médico en todas as súas variacións en torno ao curador, curandeiro, comadrona, médico hipocrático, médico homeópata, pastequeiro (*pax tecum*), acupunturista.

Pero a tecnoloxía das anomalías do corpo ¿pode manterse no espacio antropolóxico ou hai que atribuíla, tamén, ao espacio etolóxico?

No espacio antropolóxico, e para facer tremer a convicción de pertenza ao humano do médico, Bueno lémbranos que hai animais que tamén comen determinadas herbas para sandar. Terapia animal e terapia humana. Isto levaría a medicina algo fóra do espacio puramente antropolóxico. Ambigüidade tecnolóxica. É máis, as discrasias que atende a tecnolóxía médica ¿atenden o humano en canto que humano ou só en canto que animal?. Volve Bueno a facer tremer os límites do espacio antropolóxico da medicina.

No espacio ético tamén pode facer dubidar a nosa fe no benéfico das técnicas da saúde. Como tecnoloxía das discrasias do corpo humano pode considerarse tamén a que as produce. É dicir, hai tecnoloxías *efectoras* de *discrasias* e *reductoras* de *discrasias.* Pero en canto a puras tecnoloxías, comparten territorio tanto un bisturí como un revólver.

Son tecnoloxías productoras de discrasias a contaminación intrínseca aos procesos industriais ou a contaminación da industria farmacéutica como productora de drogas e estupefacientes ou, en última instancia e desde sempre, a guerra.

Descóbrese así unha terrible simetría. A das tecnoloxías da saúde do corpo humano.

**O nacemento da clínica**. Unha xenealoxía da clínica.

No seu texto "*El nacimiento de la clínica*", Foucault, como Bueno no seu, esfórzase en construír o seu modo de pensar pero non renuncia a unha dimensión ética da saúde. En última instancia, a súa obsesiva pulsión polo control do poder levarao a sospeitar dos verdadeiros fins desta expansión da saúde e dos seus mecanismos de producción.

O tamén filósofo madrileño José Luis Pardo Torío servíase na súa lección pronunciada na Escola de Arquitectura de Madrid, en abril de 1.997, da metáfora da contemplación simultánea dos cadros para ilustrarnos sobre a imposibilidade de Foucault para ver á vez dúas realidades incongruentes.

O primeiro deles é un cadro de Iaeronimus Bosch (O Bosco), que ás veces se chama "a nave dos loucos", un estraño barco que navega polo ríos tranquilos de Renania e polos canais flamencos ao principio do Renacemento. A aparición da loucura. Unha representación do terror que produce a forza irrefreable da enaxenación nas sociedades precientíficas.

O segundo é un cadro de Brisset, que representa unha clase de Charcot no Hospital da Salpetriere de París en 1885 e no que o profesor, ante a mirada atenta dunha vintena de discípulos, sostén na súa man dereita un cronómetro mentres á súa beira, de pé, desmaiada en brazos do seu asistente e atendida por unha enfermeira, permanece inconsciente a paciente que serve de obxecto á disertación de Charcot sobre a neurose. O saber amansou por completo a forza desbordante da alienación mental.

O problema de Foucault é que non pode ver os dous cadros á vez. O paso da superstición á medicina. Non o

inquieta nin o principio nin o final dese traxecto senón o traxecto mesmo. O problema de Foucault non é qué pensar senón cómo pensar.

Sérvese Foucault da aparición da clínica contemporánea para revelar a "xenealoxía", máis que a orixe, dun novo modo de ver: A Modernidade.

Posto que o estudio do home normal só é posible a partir da experiencia negativa do patolóxico ¿Cómo se constituíu a división do normal e do patolóxico na medicina moderna?.

O obxecto por excelencia da medicina clínica é o caso individual. A gran novidade da clínica consistirá en converter a medicina nunha *ciencia do individuo* na medida en que este pode enfermar e morrer.

A medicina da época clásica, para Foucault, foi unha medicina taxonómica que catalogaba as enfermidades á maneira das especies naturais, organizándoas en grupos e familias, baixo o modelo da botánica.

Aparece entón un novo discurso que se basea en: 1º) unha medicina dos síntomas, 2º) unha medicina anatomopatolóxica e 3º) unha medicina das febres. Este novo discurso só puido despregarse a partir dunha reorganización institucional da medicina e, en especial, do **papel dos hospitais**, un cambio que permitiu fundir tres espacios de intervención sanitaria que ata entón estaban separados: 1º) a semiótica e clasificación das enfermidades, 2º) a súa inscrición no organismo individual do paciente e 3º) a preocupación social polos problemas da saúde pública.

Michel Foucault utiliza a historia da clínica como unha ferramenta ao servicio dunha crítica filosófica da razón. Parece que o fundamental da obra de MF fora a construcción de ferramentas do pensar.

A crítica é o instrumento da **razón que xorde**: é o instrumento de exame das condicións lexítimas nas que pode usarse a razón autonomamente, isto é, sen caer no dogmatismo ou no escepticismo.

A partir do S.XIX, a racionalidade científica e técnica deixará de ser o baluarte da crítica para cristalizar en novas formas de control, novas técnicas de goberno, novas servidumes. Xorde a autosatisfeita ciencia do positivismo e un estado que se autocomprende como razón última da historia.

**A ciencia e o progreso**

A anestesia.– Un exemplo de considerable progreso médico foi o descubrimento dos anestésicos e da técnica de anestesia xeral nos anos 1844–1847. A partir do momento en que se logra adormecer as persoas desaparece a barreira do sufrimento e pódese proceder a calquera operación. A partir deste momento pódese practicar unha operación cirúrxica e os cirurxiáns da época entregáronse a ese labor con entusiasmo. Pero aínda non se dispoñía de instrumentos asépticos.

A anestesia tradicional realízase historicamente con opio e mariguana.

Sir Humphry Davy descobre en 1800 o óxido nitroso e utilízase por primeira vez como anestésico en 1844 por parte do odontólogo estadounidense Horace Wells. Con algúns aditivos e modificacións aínda é utilizado.

En 1842 o cirurxián estadounidense Crawford Long utiliza o éter etílico como anestesia xeral, sen publicar os resultados. O odontólogo estadounidense Willian Morton extrae en público un dente en 1846 e leva a gloria.

En 1847 Sir James Simpson descobre as propiedades do cloroformo. Pero éter e cloroformo teñen perigosos efectos secundarios.

A asepsia.– Comeza a introducirse na práctica médica en 1870, e despois da guerra dese mesmo ano e do relativo éxito obtido polos médicos alemáns, convértese nunha práctica corrente en todos os países do mundo.

Os antibióticos.– Louis Pasteur formula a teoría de que os xermes causan as enfermidades e descobre que algunhas bacterias os suprimen.

Alexander Fleming, descobre en 1928 o Penicillium.

Howard Florey e Ernst Chain illan o principio activo e en 1940 utilizan por primeira vez en seres humanos a penicilina. O seu uso xeneralízase na década dos 50.

O descubrimento dos antibióticos, é dicir, da posibilidade de loitar por primeira vez de maneira eficaz contra as enfermidades infecciosas, é contemporáneo ao nacemento dos grandes sistemas de seguro social.

Os anticonceptivos.– En 1956 xorde a última revolución. A píldora combinada. Os anticonceptivos orais. Unha combinación de hormonas, estróxenos e proxesterona, que evita a ovulación.

Por fin, na década dos 60, a humanidade descobre o sexo sen reproducción. Por fin as mulleres poden decidir o control do seu corpo e dan un paso á fronte para ocuparse da metade do terreo de xogo. A humanidade é desde entón, tamén muller.

**A vida dos homes infames.**

Fama, (do latín *fama*): Noticia ou voz común dunha cousa. Opinión que as xentes teñen dunha cousa.

*Fama–ae*: Fama, noticia, opinión pública, maledicencia.

In– (do latín *In–* de valor negativo ou privativo): Significa negación e privación.

Infame, (do latín *infamis*): Que carece de estima, creto e estimación. Moi malo e vil na súa especie.

"Todo o mundo sabe que nas sociedades europeas o poder político evoluíu cara a formas cada vez máis centralizadas. Eu quixera suxerir aquí a posibilidade de analizar un tipo moi diferente de transformación relativo a esas relacións de poder. Se o Estado é a forma politica dun poder centralizado e centralizador, poderiamos denominar o poder individualizador **poder pastoral**".

Parece que para defendernos de todo tipo de poder, e, en concreto, do poder centralizador das sociedades avanzadas europeas o traxecto que Michel Foucault propón é a rendición dos febles: sería individualizar no colectivo e gregarizar no individual. O triunfo da banalidade posmoderna.

**O nacemento da saúde pública.**

En plena guera mundial, en 1942, elaborouse o famoso Plan Beveridge que, en Inglaterra e en outros moitos países, serviu de modelo á organización da saúde despois da Segunda Guerra mundial.

Paradoxicamente, foi na guerra mundial onde se perderon 40 millóns de vidas humanas, simultaneamente a tocar fondo coa planificación do asasinato industrial de máis de 6 millóns de xudeus, case no mesmo momento en que o máis abxecto da historia da humanidade concibe a "solución final", cando se consolida o dereito, non só á vida, senón a algo moito máis cuantioso e complexo, o DEREITO Á SAÚDE.

Como consecuencia:

1º.– O plan Beveridge indica que o Estado se fai cargo da saúde. A saúde transfórmase en obxecto de preocupación dos Estados, non basicamente para eles mesmos, senón para os individuos, é dicir, o DEREITO do home a manter o seu CORPO EN BOA SAÚDE convértese en obxecto da propia acción do Estado. Invértense os termos: o concepto de individuo en boa saúde para o Estado substitúese polo de Estado para o individuo en boa saúde.

2º.– Establécese unha nova MORAL DO CORPO. Supérase o concepto de hixiene. Xa non se fala da obriga da limpeza e a hixiene para gozar de boa saúde senón do dereito a estar enfermo cando se desexe e necesite. O dereito a interromper o traballo comeza a tomar corpo.

3º.– A Saúde entra no campo da MACROECONOMÍA. Os déficits debidos á saúde ou á súa falta deixan de ser simplemente fenómenos que podían ser resoltos coas caixas de pensións. A partir de entón a saúde convértese nunha partida integrada nos desembolsos do presuposto estatal.

4º.– A Saúde convértese en obxecto dunha verdadeira LOITA POLÍTICA. Inclúese nos programas dos partidos políticos. Discútese a súa conveniencia e o seu alcance.

En resumo, na década dos 40 aos 50, xorde un novo DEREITO, MORAL, ECONOMÍA E POLÍTICA do corpo.

O auxe dunha nova loxia. Despois dunha teocracia, unha somatocracia. Desprázase o centro do universo de Deus ao Home (ao home doente).

Ata a metade do século XVIII ninguén saía do hospital. Ingresábase nestas institucións para morrer, o Hospital era un verdadeiro MORTUORIO. A partir deste momento xorde o dereito universal a asistir a un SANATORIO.

**Saúde de todos. A saúde pública en España.**

Diñeiro. Moito diñeiro. A saúde privada cómprase con diñeiro. E se non é suficiente, os paspáns compran a súa saúde particular con moitísimo diñeiro. Os heroes populares españois hoxe, en canto poden, fanse xudeus e van reparar o corazón ao Hospital do Monte Sinaí. En Nova York, por suposto. O cancro en Houston. Con estas cousas non se xoga.

Panda de traidores, merda de heroes.

En España temos un sistema de Saúde Pública que roza o heroico. Pero o pobo que o paga, adormecido, prefire facer colectas benéficas para remitirlle ao Tío Americano os nenos aos que hai que transplantar a médula. Seguimos mirando fóra sen apreciar os éxitos dos nosos propios esforzos.

A saúde dun pobo pode medirse en función da súa riqueza. Vida, morte e pesetas. De entre todos os nacementos habidos nun país ¿cantos son viables? En realidade o dato que se manexa é o inverso ¿cantos morren de cada 1000 nacementos? En España menos de 7, unha das mortalidades infantís máis baixas do mundo. O outro dato é igualmente simple e non menos revelador: de entre os que viven ¿cal é a idade media dos mortos nun ano? Coñécese este dato como esperanza de vida. En España por enriba dos 80 anos. Unha das máis altas do mundo.

O cruce dos tres datos, mortalidade infantil, esperanza de vida e nivel de renda, revela que nun país como España, cun nivel de renda que nos sitúa na posición 15ª ou 16ª do mundo, a nosa mortalidade infantil está no 2º ou 3º posto e a nosa esperanza de vida non moito máis abaixo.

Conseguir isto cústanos unha fortuna. Nun ano o mantemento dun gran hospital vén ser maior que a inversión necesaria para construír todo o edificio, que ademais soe ser a maior empresa da cidade na que se sitúa.

A Saúde Pública é cousa de todos. O sistema de Saúde Pública en España está por enriba do que o noso nivel de renda nos promete. Daquela, algo teremos feito mellor que o que nos correspondía para ter esa esperanza de vida.

A causa fundamental pode buscarse en que decidimos pagarnos unha saúde en expansión. Esta tendencia revélase claramente nos programas de necesidades máis e máis amplos aos que debe atender a construcción dos edificios da saúde:

Planificación e programación da saúde.
Pacientes internos e ambulantes.
Persoal médico e de enfermería.
Persoal docente e de investigación.
Persoal de xestión, de administración, de mantemento.
Circulacións que consumen o 15% da superficie total construída.
Incertidume con respecto ao propio futuro. Disposición ao cambio favorable.
Cambios nos criterios, nos programas, nas técnicas. Adaptación.

Nos programas de necesidades dos grandes centros de saúde, cada vez hai máis énfase nos argumentos periféricos. Estase creando unha cultura da Saúde Pública que desborda o mero acto de sandar, que se está expandindo e ocupando áreas de coñecemento antes alleas. O aire, os ríos, as cidades, a terra enteira estase vendo como un organismo susceptible de mani-

festar patoloxías e, en consecuencia, de recibir terapias curadoras.

**Crise da medicina e crise da antimedicina**

Paralelamente ao auxe, extensión e universalización da Saúde Pública xorde a visión negativa, a sospeita sobre a cientificidade e a eficacia da medicina. O non saber deixou de ser perigoso, o perigo radica no propio saber.

Fronte ao cientifismo xorde o escepticismo culpabilizador coa pregunta de ¿como é que esta racionalidade desembocou nun exceso de orde sobre os homes e sobre a Terra? ¿como tan gran sen sentido puido brotar da razón, isto é, da fonte do sentido? Polo exceso de abstracción. Porque as ideas xerais alonxan os valores dos individuos que poden chegar a ser sometidos polas súas ideas.

Así, como reacción, a tarefa crítica hoxe convértese, para Foucault, nun diagnóstico do presente. Ese afundimento da confianza na formulación de valores abstractos universais acabou abrindo a porta ao actual relativismo. Ao pacto co que pode ser e ao abandono da responsabilidade para definir o que debe ser.

Para os suspicaces, a medicalización indefinida non é senón a expansión dunha nova casta. Outro síntoma do afundimento do individuo. A invasión de ámbitos de liberdade. Desde o inicio da medicina moderna, os catro factores que a caracterizan son, para a visión negativa, os antivalores do apartado anterior.

1º*.– Fronte ao novo Dereito ao Corpo, a aparición dunha autoridade médica. Toda autoridade é digna de sospeita. Auxe dunha nova casta, dun novo poder, doutra posibilidade de terror.

2º*.– Fronte á nova Moral do Corpo, a aparición dun novo campo de intervención da medicina, distinto das enfermidades: o aire, a auga, as construccións, os terreos, os desaugadoiros... todo é obxecto da medicina.

3º*.– Fronte á nova visión Macroeconómica, a introducción dun aparato de medicalización colectiva e, en consecuencia, alienadora, a saber, o hospital.

4º*.– Fronte á nova Loita Política, a introducción de mecanismos de administración médica. Rexistro de datos, estadística, comparacións. Control escuro dos mecanismos de información e manipulación de datos sensibles. (Listas de abortos, enfermos de sida, crónicos,... etc.).

A implacable máquina de pensar leva a Foucault incluso a desdeñar o único poder dos débiles: o colectivo. Algo así como o asasinato dos teus para demostrar o teu valor. Estraña dimensión do valor moi semellante ao suicida valor español. Violencia introspectiva.

Neste punto, Michel Foucault empezou a converterse nun paranoico. O perfecto aliado dos poderosos. O que sementa a sospeita en nós mesmos que non nos merecemos nin sequera a saúde pública. A dolor de Foucault é moi destructiva e, o que é peor, cara a si mesmo, cara aos infames, cara a min. A orixe desta sospeita patolóxica é, coma sempre, Auswitz e Buchemwald. Despois de Auswitz non son posibles nin o coñecemento, nin o perdón, nin tan sequera a piedade. A experiencia da guerra destruíu moito máis que 40 millóns de corpos. Destruíu nel, e noutros moitos, a confianza na humanidade.

É posible que o Horror Nazi se apoiara na medicina ou nalgunha forma maníaca da razón, pero non máis que na técnica dos automóbiles, na filosofía ou na arquitectura. Pero o perverso da utilización perversa da ciencia e da técnica non está nestas, senón naquela. A razón dos cárceres é rexenerar, e non vixiar e castigar. A Saúde Pública conseguiu que, en menos dun século, a esperanza de vida do español sen fama pasara de menos de 40 anos a máis de 80. O que fagamos co noso tempo e co noso corpo san non é asunto do que teña que dar conta a Saúde.

SAÚDE E ENFERMIDADE DA ARQUITECTURA.

*A época heroica.*
*Morte en Venecia.*
*Tecnocracia contra arquitectura.*
*Información e ecoloxía.*

*A época heroica*

O nacemento da Clínica é simultáneo ao nacemento da Ciencia e, en consecuencia, da Modernidade. A modernidade é ciencia+técnica. Ciencia da resistencia dos materiais, ciencia do coñecemento do Sol, ciencia do estudio das actividades e dos programas.

Os arquitectos da época heroica puxeron ao servicio da Arquitectura da Saúde os máis altos coñecementos científicos que naquel momento se tiñan sobre a materia: o control científico sobre a resistencia á rotura dos corpos sólidos, o que, en termos do século XIX, se chama resistencia de materiais. Dos dous materiais modernos, aceiro e formigón, este segundo era algo sen precedentes. Un material que estaba xurdindo a medida que avanzaba a ciencia que o dominaba. O seu carácter pétreo e monolítico manifestábase con plenitude no dominio dos voadizos.

O Sol curaba nos anos 20. O hixienismo imperante descubrira o efecto benéfico da radiación solar sobre o corpo humano. Volta a certa animalidade do humano. Inicio do nudismo. Os edificios da Saúde constrúen co Sol.

A visión científica dos comportamentos humanos produce nas ciencias do individuo o nacemento de novas disciplinas como a psicoloxía ou a psiquiatría, no colectivo nada menos que unha visión "científica" da historia, e no ámbito da arquitectura o xurdimento dun novo concepto: a función. Un compoñente illable, en razón dalgunha característica, do conxunto de actividades humanas. E para cada "función" un espacio específico.

En consecuencia, a Arquitectura da Saúde é, entón, de formigón, orientada e funcional. Formigón armado visto, longas ventás, amplas terrazas e unha meridiana des–composición en "funcións" nos edificios heroicos do

século XX. Paimio, Zonnestraal, Dispensario Antituberculoso, Hospital Clínico.

Non existían modelos formais, senón modos de enfrontar o coñecemento dos problemas e de propoñer solucións. Os arquitectos non facían problema da forma: "Non recoñecemos problemas de forma. Só recoñecemos problemas de construcción" dicía o Mies xove. Os edificios florecían libres e sans. Fermosos. Encontrando a súa propia forma. A de cada problema.

**Morte en Venecia.**

A película "Morte en Venecia" de Luchino Visconti (1971) e o proxecto de Hospital para Venecia de Le Corbusier (1965) actúan como faros. As dúas grandes obras crepusculares sinalan o verdadeiro e último fin da modernidade. O último suspiro dunha cultura extenuada. Dúas mostras do enorme caudal do tempo, sabiduría e cultura que a maldita "Besta Negra" asasinou.

O mestre suízo extrema as cualidades resistentes do formigón armado. Non nos tamaños senón na forma. Formigón nos piares que xorden da auga, formigón nas lousas dos tres estratos que o compoñen, formigón nos cerramentos da planta alta que se curvan e converten tamén en cuberta. Superficies alabeadas, formando lucernarios autorresistentes. Forma resistente construíble só en formigón armado.

Edificio horizontal. Metáfora urbana. Ensimesmado. Case autista. Mudo. Xeométrico. Paul Klee. Esencialismo minimalista.

O derradeiro proxecto do Mestre non tiña forma. Era só construcción e non foi construído.

**Tecnocracia contra arquitectura**

Se o nacemento da Clínica corre paraleo ao nacemento da Ciencia e con ela ao da noción de modernidade e do home moderno, está plenamente xustificado



O segundo proxecto (1965) Maqueta do novo hospital de Venecia, Le Corbusier.

que abriguemos un profundo temor ás causas que forzaron que desde a 2ª Guerra Mundial a Arquitectura do Sagrado teña abandonado o Hospital e se ille agora en museos ou en auditorios.

Xa non fan os grandes arquitectos as obras sanitarias principais. Parece que a saúde teña saído do ámbito estricto da arquitectura heroica. Parece que a nova maneira de ver a arquitectura da saúde é unha nova tecnocracia: as instalacións industriais.

As dúas descubertas tecnolóxicas do século XX son a saúde industrial e o asasinato industrial. O punto de inflexión foi, tamén no ámbito da Arquitectura da Saúde, a fronteira da II Guerra Mundial. O inicio da Máquina Estatal de Sandar (o plan Beveridge) e da Máquina Estatal de Asasinar (a Solución Final). O punto crítico no que converxeron as tecnoloxías das anomalías do corpo. A que as provoca e a que as palía. A que saíu fortalecida do trance foi a tecnoloxía convertida en autoridade absoluta, en tecnocracia.

As técnicas substitúen a arquitectura que cura. En Paimio a instalación era a Arquitectura. As amplas terrazas ao sur garantían a contribución dos benéficos raios solares na curación da tuberculose. Agora a calidade ambiental engádese. Arquitectura enriquecida, coma os iogures, coma o leite. Xa non dependemos agora do benéfico dos raios solares. E se os precisaramos fabricariamolos. Raios de sol embotellados. O sistema sanitario xa non depende da arquitectura.

Os anos 60 deixáronnos a formulación de tres novos paradigmas nos que seguimos instalados: o historicismo, o estructuralismo e o minimalismo.

- historicismo nas súas dúas vertentes: pop e tendenza.
- minimalismo.
- estructuralismo: infraestructuralismo e *high technology*.

Pero os tres son paradigmas formais. Un "recuelo" de malos recordos. Unha regurxitación. É o aspecto, e non



Sanatorio antituberculoso de Paimio, Alvar Aalto



Sanatorio antituberculoso de Paimio, Alvar Aalto

o carácter, o que se pretende implementar para dar aparencia aos edificios. Os arquitectos convertidos en asesores de imaxe dos seus propios edificios.

En consecuencia, ao abandonar a arquitectura a súa responsabilidade empuxada polo medo ao seu pasado, ocupa o territorio o novo amo: a tecnocracia, e o arquitecto limítase a dar á mestura unha aparencia conveniente. ¿Cal é esa? O luxo e o confort. Agora os hospitais parecen querer ser hoteis de 5 estrelas. O confort do luxo capitalista. Son edificios carísimos e queren aparentalo. Óbviase o suxeito do problema, a curación do home doente, e enfatízase a súa representación, o confort do home san, competitivo.

Agora a curación confíase á tecnoloxía. Son os complexos sistemas de información computerizada, análises moleculares, tecnoloxía e non ciencia. Tecnoloxía non como *poiesis* no sentido que lle dá Bueno á palabra, senón como mera aplicación do saber práctico. Os edificios inflexiónanse ante o novo mandarín: o implemento tecnolóxico. E por iso cada vez máis os centros sanitarios son grandes cubículos anónimos contaminados de tecnoloxías.

Parecía mellor a arquitectura empobrecida. A arquitectura franciscana. Da pobreza absoluta. A permanencia dos valores eternos por enriba das continxencias da moda.

**Información e ecoloxía**

Xa sabemos cómo operar. Non sobre os síntomas senón sobre as causas. Non sobre a aparencia senón sobre a natureza.

É esencial definir a Saúde sen sospeita. Como un valor positivo contra o resentimento foucaultiano. Vixiar e castigar acabouse. Non temos nada que pagar. Mentres seguimos lambéndonos as feridas pouco a pouco as sociedades médicas privadas van quedando co magro do pastel. Non queren os crónicos, os sidosos, os vellos. Queren enfermos sans. Xentes que poidan pagar ano tras ano a cambio da anestesia epidural das súas

femias, mentres se baleira a Saúde Pública do prestixio que merece.

A arquitectura ten que asumir que non é a súa misión dar saúde e que si o é construír manifestando o carácter da conquista universal da saúde. Moito máis que a ausencia de enfermidade. Porque a enfermidade existe sempre, estamos enfermos, morremos desde que nacemos.

O problema está en representar o acto heroico de curarnos a TODOS. Non porque precisemos os raios solares para combater a tuberculose. Senón porque a impronta do edificio nos faga fortes. Porque nos saibamos protexidos por un sistema que atende desde o universal ata o individual. As arquitecturas necesarias non como metáfora da cousa senón como metonimia da acción. Non aos edificios da saúde que parezan fonendoscopios ou lámpadas de quirófano. Si aos edificios cun carácter que represente a revolucionaria acción de sandar. De dar saúde. De saudar.

Na construcción, os novos paradigmas de conformación da materia, información e ecoloxía, aínda non teñen forma establecida. É a nosa tarefa darlla ou descubrir que non pode tela.

O paradigma hoxe xa non é a resistencia dos materiais, como nos voadizos do Zonnestraal de Hilversum, nin o control da enerxía como na era nuclear, senón a correcta xestión de todo tipo de datos útiles e do medio ambiente entendido como un recurso natural limitado.

A definitiva superación do hospital como símbolo do *poder despótico*: defensivo, hermético e xerárquico e o nacemento do hospital como síntoma dun *poder democrático individualizado (Pastoral):* accesible, permeable, transparente, igualitario.

Edificios nos que ata o aire cure. Edificios abertos ao seu medio e enerxeticamente responsables.

Templos dunha saúde universal que conciten tanto a seguridade cómplice do doente que o usa como o lexítimo orgullo do seu dono: o cidadán que a paga.

**CORPOS SANS E DOENTES**

De volta á arquitectura da saúde e asociando saúde a un modo ordenado de vernos, o corpo actúa como o síntoma de qué é o que estamos dispostos a ver como tolerable e intolerable. A percepción do corpo como modelo de comprensión do fenómeno da saúde.

A enfermidade como algo sintomático, como síntoma histórico do mal, como unha manifestación da fraxilidade do humano fronte ao divino. Deuses sans e humanos doentes. O noso novo dereito a estar doentes fúndase no eloxio da humanidade. Eloxio da enfermidade. A humanidade completa cura e enferma.

En pleno furor hixienista, nos lonxanos anos 20, Le Corbusier definía os enxeñeiros como: sans, fortes e virís. (Non consta a súa opinión ao respecto sobre os arquitectos).

Doentes, febles e efeminados. A nova (50 anos) sociedade sá incorpora a todos os humanos. Cada vez morremos menos, daquela, os que antes morrían agora viven e queren ser coidados. Unha sociedade mestiza de sans e doentes, de febles e fortes, de homes e mulleres.

Por unha antropometría necesaria. Corpo renacentista e corpo gótico dos Adán e Eva de Alberto Durero do Museo do Prado. O corpo manierista, musculoso e exhibicionista dos escorzos de Michelangelo. O corpo vestido de burguesas roupas asfixiantes do século XIX. O corpo nu, san e deportista do hixienismo que o nazismo diviniza. O corpo de Francis Bacon coa lóxica da sensación. O corpo da revolución sexual de Robert Mappelthorpe, o morto de sida. O corpo radiografado, radiactivo, que Toyo Ito constrúe nas súas transparencias. O corpo de Cindy Sherman torturado, cortado, deconstructivo, modelo "a matanza de Texas", a sutileza da serra mecánica. As tatuaxes como novo modelo de información superposta ao corpo. Corpo informado, corpo formado informe. Corpo san e doente o anoréxico das mociñas dos anuncios de Calvin Klein.

¿Cal é a idea que temos de nós mesmos? Se, como algúns sospeitamos, Deus está feito a imaxe e semellanza dos homes, o paradigma da nova humanidade, o que a cultura da saúde universal ofreceu ao ideal humano, é o auxe das humanidades periféricas: as mulleres, os discapacitados, as razas non brancas. Deus xa non é varón, branco, forte, frontal. Un guerreiro. O que desde o século XX ofrecemos ao Olimpo é unha muller, de color, minusválida. É dicir, unha negra coxa ¿atreveranse alí a admitila?.

BIBLIOGRAFÍA

Textos

BUENO GARCÍA, Gustavo, "Medicina, Magia y Milagro".(Conceptos y estructuras mentales), *El Basilisco*, nº 14. Verán de 1993.

FOUCAULT, Michel, *El nacimiento de la clínica*, 1963, (1ª edición en español en 1966).

FOUCAULT, Michel, *Las palabras y las cosas,*1966.

FOUCAULT, Michel, *La vida de los hombres infames,* 1984.

KANT, Immanuel, *Crítica de la razón pura,* 1.997, (1ª edición 1781).

PARDO TORÍO, José Luís, "Espacio–sentido. Decir, pensar, ver". Lección impartida na ETSAM, abril, 1997.

VÁZQUEZ GARCÍA, Francisco, *Foucault. La historia como crítica de la razón,* 1.995.

Edificios

Hospital del Zonnestraal en Hilversum (1926–1928) de Jan Duiker e Bernard Bijvoet.

Hospital en Paimio de Alvar Aalto (1929–1933).

Dispensario Antituberculoso en Barcelona de José Luís Sert (1933–1937).

Hospital Clínico en Madrid, de Sánchez Arcas (1935).

Proxectos

Hospital en Venecia de Le Corbusier (1964–1965).



# CENTRO DE SAÚDE DE VIVEIRO

Arquitecto: **Manuel Gallego Jorreto.**
Arquitecto colaborador: **Juan Creus Andrade.**
Colaboradores: **José Andújar, estructuras e Consultora SYMTEC, instalacións.**
Aparellador: **J. Eduardo González.**
Aparellador da Empresa Constructora: **Juan Mateos.**
Promotor: **Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia.**
Constructor: **Construcciones FONTENLA.**
Data do proxecto: **1994.**
Remate da obra: **1996.**
Situación: **Estrada de Celeiro, Viveiro. (Lugo).**
Fotografías: **Xurxo Lobato.**

O proxecto do Centro de Saúde/Consultorio en Viveiro foi encargado pola Consellería de Sanidade, é esta por tanto a que fixa o programa funcional dando as directrices estrictas, fixando e delimitando os módulos cos seus destinos, detalles e mobles así como as correspondentes instruccións de deseño.

**UBICACIÓN**

Encóntrase situado na zona de Lodeiro, área de recheos que se obteñen unha vez realizadas as obras da vía litoral C-642 de unión dos portos de Viveiro e Celeiro.

O solar, cedido polo Concello, corresponde a parte dos terreos que quedan entre a costa e a C-642 como se acaba de sinalar, zona de recheo que presentaba no seu inicio cotas máis baixas que a estrada, incluso un leito de desaugue ou pequeno regueiro que cruza o solar.

A superficie cedida é ampla e corresponde ó ordenamento previsto para a zona (Plan Parcial) que sinala os viais perimetrais e que fixa os límites do solar.

A Normativa Urbanística fixa una ocupación máxima do solar do 50% e unha altura máxima da edificación de dúas plantas.

O Centro comprende:

1 Asistencia sanitaria
2 Educación sanitaria e rehabilitación
3 Urxencias e radioloxía básica
4 Administración e servicios

**DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA**

**XUSTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DA SOLUCIÓN ADOPTADA**

A solución adoptada pretende responder na súa arquitectura ós requirimentos do lugar e ó programa fixado. O lugar se caracteriza fundamentalmente pola ausencia dunha estructura urbana clara. Ubicado nas aforas do núcleo consolidado de Viveiro, resalta por carecer dunha orden clara, de pautas de ordenamento e de condicionantes e referencias.

O único que cabería destacar é a claridade da súa visión lonxana desde a outra beira da Ría, onde aparece con personalidade o seu carácter de horizontalidade, ligado ó mar a modo de zócolo; zócolo da desorde construída posterior que se estende debaixo das montañas.






É por isto, polo que se proxectou un edificio pechado en si mesmo, cunha forma simple e abstracta que plantee esa clara independencia do que aínda non sabemos que se situará arredor. Soamente a súa horizontalidade acentuará esa personalidade do lugar. Os lucernarios serán, coas luces do sol e das nubes, a referencia lonxana.

**O PROGRAMA**

Axustouse o máis posible ás "Instruccións para deseño e construcción de la Consellería de Sanidade".

O grao de amplitude do programa e o tamaño do Centro, dan unha certa dificultade a súa organización xa que por Ordenanzas non se pode pasar de 2 plantas de altura, resultando así ocupada una superficie importante do solar.

O edificio é unha caixa onde a idea de conxunto repetido, agregación de módulos, espacios-tipo, é básica. Por esto o edificio axustouse nas súas dimensións a este módulo (pedido) de 18 m2. Dentro da rixidez da trama modular imposta, quixen moverme con certa liberdade. Es un edificio frío e aséptico, podería ser una ambulancia. Soamente a zona de persoal e administración se constitúe con certa independencia, rompendo lixeiramente a caixa, asómase á cidade, ademais ve o mar e recibe o sol.

O edificio é branco e gris, dicía aséptico, espacios de consultas e pasos. No seu centro tórnase tépedo e acolledor, é o espacio no que o enfermo agarda.

Tentouse valorar a sala de espera como protagonista na organización do conxunto. Valorouse como espacio destinado ó enfermo e ó posible acompañante. Espacio que non debe confundirse coas esperas doutros usos públicos, coma unha estación. Debe ser tranquilo, morno dentro do conxunto hospitalario. É onde se permite a certa concentración do que agarda.

Para esto se crean espacios focais onde a cor dalla un falso teito de madeira con presencia importante. Os bancos de espera descansan baixo este falso teito como baixo as polas dunha árbore.

A calefacción no chan como unha alfombra (chan radiante), acondiciona este espacio para o inverno.

Desglosáronse as esperas para equilibrar os seus tamaños e separar ós nenos.



PLANTA BAIXA



PLANTA PRIMEIRA



*OBRADOIRO*









SECCIÓN L-2







SECCIÓN T-2



SECCIÓN T-4





SECCIÓN T-3





SECCION
HORIZONTAL POR PILAR FACHADA P BAIXA.



SECCION
HORIZONTAL POR PILAR FACHADA P ALTA.



SECCION HORIZONTAL
PILAR / VENTANA



SECCION HORIZONTAL
MACHON CON VENTILACIONES



SECCION HORIZONTAL
MANGUETON

1 TABIQUILLOS PALOMEROS FORMANDO PENDIENTES
2 ENRASTRELADO TUBO ACEIRO GALVANIZADO
3 CUBERTA PANEL 30 mm. CHAPA ACEIRO 0,6 mm. CON AISLAMENTO
4 CANALON DE CHAPA PRELACADA 2 mm.
5 VIGA DA CORNISA FORMIGON VISTO
6 AISLAMENTO RIXIDO POLIESTIRENO 3 cm.
7 PNL 70x70x7 ESTRUCTURA CUELGUE TABIQUE CARGADERO
8 FALSO TEITO ESCAIOLA LISA (canal practicable en canaleta inst.)
9 TABLEIRO DMH-19 mm. LACADO
10 TABIQUE LADRILLO 8 cm. PANDERETE
11 ESTRUCTURA MADEIRA PIÑEIRO 1ª CALIDADE TRATADO
12 ENFOSCADO MORTERO CEMENTO 2 cm. ADITIVO HIDROFUGO
13 PROXECTADO DE POLIURETANO 3 cm.
14 CAMARA VENTILADA I ESTRUCTURA DE FIXACION DE PANELES
15 PANELES ALUMINIO LUXALON (ACABADO LUXACOTE 40 cm.)
16 PERSIANA GRADULUX MINI
17 ESTRUCTURA CARGADERO E SUXECION VENTANA (2 PLN)
18 REMATE VERTEAGUAS ALUMINIO LACADO RAL (del panel)
19 VENTANA AL LACADO RAL TIPO SEGUN MEMORIA
ACRISTALAMENTO CON CLIMALIT 4+6+4
20 FORRADO CON TABLEIRO DMH- 19 mm. LACADO
21 CLIMALIT 4+6+4 SOBRE CARPINTERIA FIXA TIPO SEGUN MEMORIA
LACADO RAL según D. F.
22 VERTE AGUAS DE CHAPA PLEGADA DE AL. DEL PANEL LACADO PAL
23 IDEM Nº 9 E Nº 20
24 ENFOSCADO (PINTADO, REVESTIDO O ALICATADO)
25 FABRICA DE LADRILLO H/S DE 4,5 cm.
26 CAMARA DE AIRE 5 cm.
27 RODAPE 8 cm. PORCELANATO. EMBUTIDO
28 CANALETA MORTERO HIDROFUGO
29 PAVIMENTO PORCELANATO 43x43 cm.
30 RECRECIDO E NIVELACION MORTERO CEMENTO E AREA
31 FORJADO. ENFOSCADO INTERIOR
32 CARPINTERIA AL. LACADO (según memoria) RAL CORREDERA FOLLAS
CEGAS DOBLE CHAPA AL. CON AISLAMENTO TERMICO
33 PREFABRICADO FORMIGON DE 20 cm. ESPESOR CON CAMARA E
AISLAMENTO INTERMEDIO
34 CAMARA DE AIRE CON 3 cm. DE POLIURETANO PROIETADO
35 COTA ACERA EXTERIOR
36 MURETE FORMIGON PECHE PERIMETRAL
37 CHAPA ALUMINIO PLEGADA idem PANEL 1,2 mm.
38 TUBO ACEIRO GALVANIZADO ESTRUCT. FIXACION VENTANAS

# CENTRO SAÚDE DE ELVIÑA

Arquitectos: **Alberto Noguerol e Pilar Díez.**
Promotor: **Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia.**
Constructor: **Malvar.**
Remate da obra: **1996.**
Situación: **Elviña (A Coruña).**
Fotografías: **Leopoldo Alonso Lamberti.**

MEMORIA

O rectángulo maior para o edificio e, no menor, os accesos.

O lugar, próximo á vía principal de entrada na cidade, é unha zona de recheo sobre o antigo campo de fútbol da Granxa e cunha relacion interesante co entorno.

O edificio, un prisma alongado, de pedra negra, ten as consultas na cara sur, dispostas de modo que facilita calquera modificación de uso.

Unha reixa parasol en cada ventá.

Cara ao norte, un muro delimita o patio ao que miran as salas de espera, servicios e comunicacións.

O acceso, próximo a un extremo, permite unha boa situación das dependencias do persoal e unha correcta relación co resto do centro.

Unha pasarela elevada cruza o patio lonxitudinalmente e dá acceso directo á zona de rehabilitación, que aparece como un corpo case independente, e á área de pediatría, ao fondo.





PLANTA CUBERTAS



PLANTA PRIMEIRA



PLANTA BAIXA



PLANTA SOTO



DETALLE RELOXO 1/10




DETALLES ESCALEIRA EXTERIOR



DETALLES ESCALEIRA PRINCIPAL



SECCIÓN B




PIEZA A
ACERO GALVANIZADO GROSOR 10 MM
PIEZA B
REJILLA 0,10 x 0,05 x 0,05 PLETINA 5 MM MARCO PLETINA 5 MM
CONJUNTO GALVANIZADO
ALZADO
UPN 160
PRODEMA 2 CM
PLANTA V4
PRODEMA 2 CM
L. 30x30x5
MARMOL BLANCO VEINADO 3 CM
PLANTA V3
DETALLE V3 y V4 1/5
ALZADO SUR (PARCIAL) 1/50





# CENTRO DE SAÚDE DE VIGO

Arquitecto: **Alfonso Penela.**
Aparellador: **Manuel Cuquejo Gonzalez.**
Promotor: **Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia.**
Constructor: **Cubiertas.**
Remate da obra: **Abril 1998.**
Situación: **Rúa Faisán, Vigo.**
Fotografías: **Manuel G. Vicente.**

O solar era un pequeno resto nunha área tremendamente desordenada e descompensada da cidade.

Desde o primeiro momento o proxecto intentou crear, aínda dentro deste mínimo espacio, o seu propio ámbito, filtrando a través del a relación co medio.

O edificio estructúrase en dúas franxas: a parte traseira de consultas, máis pechada, introvertida e con luz tanxencial controlada, lugar de traballo e de confesión; a parte dianteira (case como galerías) diáfana, transparente, relacionada co exterior de modo filtrado e tamizado (axudado polas copas das árbores) pero en calquera caso lugar de luz.

Esta dobre franxa consultas–espera, arquéase ou crébase xerando, por unha parte, unha concavidade cara á zona dianteira tamizada na súa fronte pola primeira fachada de "faias Macropurpúrea", ámbito cara ao que se viran as esperas. Por outra parte, un escalonamento de consultas permite unha iluminación tanxencial aberta cara a un espacio propio, creado polo arqueo e, á vez, un escalonamento de accesos facilita unha mellor visión desde as esperas.

Unha rampla en sentido contrario á pendente da rúa crea o ámbito de acceso e o pedestal sobre o que se asenta o edificio, escalonando a pendente transversal e ocultando debaixo o aparcamento.





ALZADO XERAL



PLANTA XERAL

*OBRADOIRO*







SECCIÓN LONXITUDINAL A-A





PLANTA TIPO



PLANTA BAIXA



PLANTA SEMISOTO

1

# CENTRO DE SAÚDE DE PERILLO

Arquitecto: **Carlos A. Pita Abad.**
Aparellador: **Juanjo García Mares.**
Colaboradores: **Javier García Argüelles, arq.; Carmen Dieguez. Aparell.; Javier Lopez Cabana, arq. estructuras, Martín de Cominges, Alvaro Díez, Severo Fernández, Ramón Ojea, est. arq., Vari Caramés: murais fotográficos.**
Promotor: **Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia.**
Constructor: **Construccións Fontenla S. A.**
Remate da obra: **Agosto 1996.**
Situación: **Rúa F. Cavamontes-Perillo, Oleiros. A Coruña.**
Fotografías: **Vari Caramés (1), L. Alonso Lamberti.**

Tratábase de situar, nunha parcela estreita e alongada, 12 + 1 consultas (durante a obra houbo que buscarlle sitio a outra máis), unha aula de educación sanitaria e as esperas correspondentes. O benestar e a privacidade como preocupación fundamental; polo tanto, intentei non demostrarme nada, senón conseguir consultas eficaces e salas de espera confortables que mirasen ao mediodía, ás magníficas vistas sobre a castigada ría do Burgo.

Un sistema xeométrico e constructivo rigoroso, a color, unha visita a Ulm, os patios como espacios de articulación que permitiron introducir a arboreda e a vexetación como un elemento constructivo máis, foron as ferramentas de traballo.

Durante a construcción houbo cambios importantes nas rasantes das rúas circundantes, ás que non souben reaccionar cos reflexos adecuados, polo que se resinte o resultado final . Outra vez será.





PLANTA BAIXA



PLANTA PRIMEIRA



SECCIÓN A-A´





PLANTA DO CUARTO DE MÁQUINAS



SECCIÓN B-B´



ALZADO SUR



*OBRADOIRO*
*50*

# CENTRO DE SAÚDE CALO-TEO

Arquitectos: **Francisco Javier Rivas Barros e Xosé Manuel Rosales Noves.**
Arquitecto Técnico: **Francisco de Antas Rodríguez.**
Promotor: **Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia.**
Constructor: **Extraco.**
Data do proxecto: **1996.**
Remate da obra: **1998.**
Situación: **Parroquia de Calo, Concello de Teo. A Coruña.**
Fotografías: **Juan Rodríguez.**

Non é este un proxecto ao que te podas achegar como si fora o primeiro que se fixera, senón todo o contrario. Nos últimos anos son númerosas as obras construidas cunhas características semellantes: un programa moi específico e unha serie de condicionantes tanto funcionais como constructivos que, fixados de antemán pola administración sanitaria, se consideran imprescindibles para o seu óptimo funcionamento. A pesar desto, nos inicios do proxecto sempre xurde a posibilidade ou mais ben a necesidade de reelaborar o que xa en numerosas ocasións tivo respostas arquitectónicas especificas.

O limitado do programa obrigaba a simultanear en moi poucos elementos as actividades que se ían desenrrolar e a súa significación institucional.

Nun edificio cama este composto de catro consultas cuns 350 m² construidos, somente hai dous espacios relevantes e significativos e de características ben distintas: as **consultas** e as **esperas**. A busca dunha resposta específica a cada un deles e o xeito de articulalos entre sí, é o eixo da nosa proposta.

**Consultas**: O punto de partida foi o deseño dun modelo de sala médica que se repetira dun xeito seriado e que ordearía o conxunto da edificación. Estas unidades dispuxéronse de xeito escalonado permitindo uns amplos espacios acristalados orientados ao nordeste na dirección ás vistas do regato e a súa vexetación, e nas que se dispuxeron as areas de consulta. As zonas de exploración afastaronse dos ventanais na busca de privacidade evitando a perda de transparencia pola necesaria protección de vistas ao tempo que se dispuxo unha axeitada iluminación artificial que permita a exploración nunhas condicións homoxeneas de luz. Separando unhas salas das outras dispuxeronse uns mobles de fábrica a partir dos que se organizan a camilla, taburete, bascula, lavabo, vitrina, arquivador, e demais elementos de exploración. Entre tódalas consultas hai unha banda acristalada transparente da cota +205 ata +280 e que ten continuidade tanto coa zona de esperas como co exterior da edificación. O falso teito branco das consultas é horizontal e rexistrable para o acceso ao mantemento das instalacións.

**Esperas**: Vestíbulo, recepción e esperas, conforman un único espacio dende o que se accede a tódalas dependencias, públicas do centro (aseos e consultas), manténdose entre todas elas e os exteriores a súa conexión visual por medio do gran ventanal e a banda de transparencia existente en toda a zona pública. O seu teito amarelo sigue a pendente da cuberta e ten continuidade visual co gran beiril-canalón posterior que cubre as consultas. O seu frente aberto está protexido pola pérgola de entrada permitindo as vistas lonxanas dende as esperas, que están escalonadas acompañando ás consultas de tal xeito que nunca se enfrentan visualmente uns pacientes aos outros. O cortaventos marca unha dirección de penetración no edificio embocando ao visitante cara a zona de recepción.

**O REVESTIMENTO.**

Dentro dos aspectos constructivos da obra, o revestimento exterior é o único que tivo un tratamento singular. O obxectivo era dispor dun revestimento cun coste compatible co presuposto da obra que fora desmontable permitindo o mantemento das instalacións que poideran ir aloxadas na cámara pola cara exterior do muro de carga. Aluminio e madeira eran as dúas posibilidades que se barallaron decidíndonos polo primeiro pola súa textura e acabado metálico, estable ao paso do tempo, que reforzaba a singularidade da edificación cunha pequena dose de asepsia, e sen gasto de mantemento, aspectos ambolosdous fundamentais neste tipo de obra.

O coste da matriz que nos permitira o extrusionado do perfil levounos a plantexar a necesidade de que do perfil tipo poideramos extraer todalas pezas que nos permitiran resolver todolos encontros: pezas de esquina, inversores de montaxe, e os ocos de fachada. Plantexados todolos casos chegouse ao perfil tipo RA1 do que se obterian o resto dos perfiles a excepción do RA6 que é unha guia de persiana presente en todolos catálogos de aluminio.

Na fase de execución da fábrica de bloque, vixiamos especialmente as súas dimensións de acordo ás especificacións de proxecto no convencemento de que era fundamental para a doadal execución; do revestimento. Chegado o momento da colocación dos rastreis de aluminio, procedeuse ao último axuste métrico e de plomos por medio das galgas previstas, resultando a operación mais delicada de todo o proceso de posta en obra.

Para a colocación dos perfiles de revestimento proporcionáronse planos de despece para cada unha das fachadas, cos perfiles numerados indicandose o seu tipo e a orde de colocación. En tódolos panos se comtemplan zonas de desmontaxe autónomas inferiores aos 4m., delimitadas polos perfiles RA2, co fin de que calquera incidencia nas instalacións non obrigara a desmontar panos completos de fachada. Para que non haxa que desmontalos ao manipular a fachada, os remates superiores e inferiores permiten o desprazamento suficiente dos perfiles do revestimento permitindo a súa desmontaxe ao xeito das fiestras de corredeira. Os perfiles van atornillados aos rastreis de aluminio somente polo lado da femia, deixando o outro lateral machiembrado coa holgura de 2,5 mm. prevista para o seu libre movimento. Agás nos perfiles de remate superior, non se utilizaron selladores para pechar as xuntas entre as distintas pezas.

A Coruña - Vigo, Maio de 1998



PLANTA




ALZADO PRINCIPAL



ALZADO LATERAL DEREITO





ALZADO POSTERIOR



ALZADO LATERAL ESQUERDO





SECCIÓN TRANSVERSAL 3



SECCIÓN TRANSVERSAL 4



SECCIÓN TRANSVERSAL 5



SECCIÓN TRANSVERSAL 6





SECCIÓN LONXITUDINAL 1



SECCIÓN LONXITUDINAL 2






SECCION VERTICAL TIPO




SECCION HORIZONTAL TIPO

# CENTRO DE SAÚDE DE XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO

Arquitecto: **Alfredo Freixedo Alemparte.**
Promotor: **Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia.**
Constructor: **Extraco.**
Data do proxecto: **1994.**
Remate da obra: **1996.**
Situación: **Xunqueira de Espadañedo, Ourense.**
Fotografías: **A. Freixedo.**

XUSTIFICACIÓN DA SOLUCIÓN ADOPTADA

Considerando a forma do solar, pensouse nunha solución moi alongada que favorecese a orientación sur da sala de espera, así como as mellores vistas cara o val de Niñodaguia.

O acceso, de vestíbulo cuberto, servirá para protexer a entrada da chuvia e do exceso de soleamento da zona acristalada da sala de espera.

Esta protección refórzase cunha estructura metálica que será o soporte dunha parra que completa a forma da edificación.

A zona traseira do edificio terá un carácter máis pechado, pois nela se desenvolven actividades que non precisan tanto da súa vinculación co exterior.

Na fachada norte estarán as consultas que teñen un carácter maís privado.

A proposta trata de dar resposta a un programa suministrado pola Consellería de Sanidade e axústase, en liñas xerais, á superficie proposta pola Consellería.

Aprovéitase o pequeno desnivel do terreo para poñer a planta de soto para instalacións (calefacción e almacén), sendo factible, nun futuro, practicar pola fachada sur un acceso de coche por se houbese que gardar unha ambulancia.





PLANTA SOTO



PLANTA BAIXA



ALZADO NORTE



*OBRADOIRO*






SECCIÓNS







DETALLES

1 CUBERTA DE COBRE ENGATILLADA
2 TABLEIRO ANTIHUMEDADE DE 20mm.
3 POREXPAN DE 30 mm. e 20Kg/m3 DENSIDAD
4 CAPA DE PINTURA CON ELASCOTE
5 RASTREL DE PIÑEIRO BERMELLO 30mm.
6 FORXADO 17+5 cm.
7 CONTRACHAPADO FENOLICO 12 mm.
8 VIDRO TERMICO(3+3)+8+5
9 CARPINTERIA DE ALUMINIO LACADO
10 CHAPADO DE PEDRA 5 cm.
11 TABICON DE LADRILLO H.D. 9 cm.
12 ILLAMENTO TERMICO 3 cm. 30Kg/m3
13 REVESTIMENTO DE XESO MOURO 15 mm.
14 RODAPE DE TERRAZO COMPACTO
15 PAVIMENTO DE TERRAZO COMPACTO
16 MORTEIRO DE AGARRE E NIVELACION
17 FORXADO DE PISO 25+5 cm.
18 MURO DE FORMIGON 20cm.
19 ZAPATA DE CIMENTACION
20 TERREO NATURAL
21 VIDRO TERMICO
22 MADEIRA DE OKUMEN 12 mm.
23 MURO DE LADRILLO DE 1/2 PE
24 PERFIL ACEIRO INOX. 50/50/5 mm.
25 CANALON DE COBRE
26 TUBO ACEIRO INOXIDABLE 80 mm.



# CENTRO DE SAÚDE DE MONTEPORREIRO

Arquitecto: **Gabriel Santos Zas.**
Colaboradores: **Peter Kooij Van Essen, Xoán Vilaboa Fernández, Esther Vázquez Fernández, Antonio Reboreda Martínez, (estructuras), e Wat Calor (instalacións).**
Aparellador: **Antonio Carballo Couñago.**
Promotor: **Consellería de Sanidade Xunta de Galicia.**
Constructor: **Feyju Galicia, S. A..**
Data do proxecto: **1996.**
Remate da obra: **1997.**
Situación: **Monteporreiro, Pontevedra.**
Fotografías: **Leopoldo Alonso Lamberti, Gabriel Santos Zas.**

Corresponde a unidade asistencial primaria para unha poboación de 5.000 habitantes nun lúgubre e desarraigado complexo habitacional intensivo, escasamente dotado, situado río arriba a uns tres quilómetros de distancia do casco urbano de Pontevedra.

Nace con planta única como peza alongada con vontade de barreira, que acentúan os muros cando van máis alá do volume.

As consultas, cara ao asfalto, son o escudo. Tras delas, a espera que se pretende afable e serena.

Antes de entrar, os ocos en paredes de fábrica de ladrillo claro, á vista, tórnanse breves e tensos nunha resposta instintiva á aridez do lugar. Só a porta de vidro se mostra franca, anque embozada baixo a cuberta.

Cando se chega ao interior, unha cuña sae ao paso para deixar os nenos á parte. Pediatría, máis soleada, acomódase á esquerda, séguea unha terraza que avanza sobre o tapiz verde posterior.

A espera énchese de imaxes de fóra, só separada do exterior por un plano de vidro, estructurado por perfís de aluminio e enmarcado polo beirado. O parco xardín, primeiro; máis alá, esceas de prados en declive que fan adiviñar, no fondo, a rúbrica do río Lérez.

As aperturas dos testeiros completan a vista ao exterior e alongan o espacio.

A luz acode obedente á cita da gran fenda na que se transforma a cumieira. Os faldóns, (forxados acabados en chapa perfilada enriba e escaiola debaixo), érguense cara a ela e atopan coa caixa que a contén. Recuberta por fóra con lamas de aluminio que van continuar polos lados ata dar coa fábrica vista.

A claridade descende, lanza sombras e fai acenos. Preséntase na discreta consulta e, ao mesmo tempo, derrámase abondosa sobre o tránsito para fundirse docemente coa que chega de fronte.

Contribúen a formar esta atmósfera a color cálida da baldosa do terrazo do chan. Secúndaa o alicatado das paredes, cunha tonalidade afín que remata nunha guarnición de freixo que, ademais de aliñarse cos dinteis, viste os marcos. En contraste, as portas manteñen a súa folla escura.

O armazón portante do edificio, pórticos metálicos forxados de formigón, de disciplinada orde, busca diluirse nos muros de fábrica ou nos dobres teitos de escaiola. Os pés dereitos cando non teñen ocasión de perderse, afírmanse como mastros cilíndricos.





PLANTA



PLANTA CUBERTAS



ALZADO NOROESTE



ALZADO NORESTE



SECCIÓN B . B



1

# CENTRO DE SAÚDE DO CASTRILLÓN

Arquitecto: **Antonio Amado Lorenzo.**
Arquitecto Técnico: **Pilar Pérez Rodríguez.**
Promotor: **Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia.**
Constructor: **Construcciones Ramírez.**
Data do proxecto: **Maio 1995.**
Remate da obra: **Decembro 1996.**
Situación: **O Castrillón, Monte das Moas, A Coruña.**
Fotografías: **Juan Rodríguez (1), Antonio Amado Lorenzo**

Este centro de saúde está situado nun dos límites urbanos que corresponde ao acceso costeiro da cidade da Coruña. Límites nos que –aínda sen definir urbanisticamente– coexisten antigas construccións en ruínas, pequenos campos de cultivo unifamiliares e novos edificios de vivendas. Intúense dúas escalas de actuación ás que pretende responder axeitadamente o edificio: a correspondente ao acceso peonal desde o barrio, tratada cunha dimensión máis humana, e outra máis xeral, que permite unha lonxana percepción do edificio.

Desde as ventás desta gran fachada disfrútase dunhas agradables vistas –provisoriamente interrompidas por vellas edificacións que desaparecerán axiña– sobre os campos do val de Casablanca e sobre un futuro parque municipal. Buscouse resolver coa arquitectura a necesidade dunha imaxe clara, limpa e digna do barrio, premisa loxicamente esixible dado o seu carácter singular de edificio de equipamento.

A proposta xeral do proxecto estivo fortemente condicionada, desde o punto de partida, por varios factores decisivos: unha delimitación moi irregular da parcela, un acceso lateral conflictivo e, especialmente, unha accidentada topografía con pendentes moi fortes. Tendo moi en conta as necesidades funcionais do programa, o edificio abrése progresivamente no seu interior, invitando a pasar a unhas zonas comúns de espera, diáfanas e con grandes ventás sobre o val, tratando sempre de evitar a sensación de inquietude ou rexeitamento que provoca, habitualmente, o carácter especial deste tipo de centros sanitarios.

Volumetricamente, o edificio desenvólvese en tres plantas que se adaptan secuencialmente ao terreo, atravesadas por un montacamas hidráulico que se despraza lentamente dentro dunha caixa de vidro. Un gran muro de mármore insírese no conxunto a modo de gran timón náutico, aportando unha necesaria referencia horizontal, e organizando a entrada e a distribución interior. Utilizáronse poucos materiais e tres tons cromáticos buscando unificar e controlar o conxunto: morteiro monocapa branco, cuberta e carpinterías metálicas de zinc e aluminio visto respectivamente, e un rodapé de mármore verde claro que insinúa unha liña de flotación.

Púxose especial interese en clarificar as circulacións e en controlar a modulación dos distintos recintos, prevendo os inevitables reaxustes que se producen co tempo no funcionamento destes edificios, facilitando así o máis que probable intercambio de consultas, oficinas e demais locais con moi poucas modificacións, sen que se resinta o concepto inicial. Esta ríxida modulación interna, que contrasta cun edificio de volume tan irregular, exteriorízase nas fachadas que xiran levemente en cada unidade para resolver a privacidade das vistas desde os edificios veciños; resultando un edificio moi transparente no sentido lonxitudinal, pero moi opaco no transversal.



PLANTA SEMISOTO




PLANTA BAIXA



PLANTA PRIMEIRA





*OBRADOIRO*
*68*

# CENTRO DE SAÚDE DE VILALBA

Arquitectos: **Carlos Enrique Meijide Calvo e Francisco José Vidal Pérez.**
Arquitectos Colaboradores: **Jorge Vicente Meijide Tomás, Miguel Angel Calvo.**
Aparellador: **José Antonio Reboredo Iglesias.**
Promotor: **Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia.**
Constructor: **Extraco, S. A.**
Data do proxecto: **1995/96.**
Remate da obra: **1997.**
Situación: **Vilalba (Lugo).**
Fotografías: **Leopoldo Alonso Lamberti.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA
DO CENTRO DE SAÚDE DE VILALBA

> Autismo: (del griego, uno mismo).
> Concentración habitual de la atención de una persona en su propia intimidad, con el consiguiente desinterés respecto del mundo exterior. (Diccionario de la Lengua Española).

Un solar baleiro dentro dun entorno impersoal, froito dunha planificación sen terminar, situado na periferia de Vilalba, de costas a ela e aberto á extensa Terra Chá. Unha sinxela proposta de partida que nace de conxugar as necesidades funcionais do programa, relativamente ríxidas nestes casos, coa búsqueda dun certo espacio interior recollido, controlado, amable. O resultado parece lóxico, un edificio algo cerrado en si mesmo como defendéndose do exterior, case se podería dicir que anónimo, calado, autista...

Un edificio que nace e medra como unha semente, desde dentro e cara a fóra, concéntricamente como as ondas da auga, seguindo ao mesmo tempo unha lei centrífuga que despraza aquilo que é máis pesado cara a fóra creando un contorno definido polos límites físicos da parcela e deixando o livián, o menos pesado, no centro. Un proceso que continúa ata conseguir un baleiro central, materializado nos dous amplos patios que conforman o núcleo bicéfalo arredor do que se desenvolven as distintas estancias do público que á vez se rodean das dependencias que o programa demanda, desprazadas por esa lei centrífuga cara ás fachadas, creando así unha grosa pel de "programa" que abraza o espacio interior buscado, protexéndoo.

Un constante diálogo de transparencias e vistas atravesadas establécese entre estes patios, verdadeiros corazóns (ou cabezas) do edificio, e as distintas circulacións e zonas de estar buscando a ampliación dos límites interiores por outros menos físicos e máis espaciais. Todo iso co fin de crear o xa mencionado entorno interior recollido, no que dominan os tersos chans de mármore negra veteada, as frontes de taboleiro de madeira varnizadas na súa color e a color gris pálida de paredes e teitos. Un interior no que dous grandes ocos comunican espacial e visualmente toda a área de consultas, que se desenvolven ao longo de dúas plantas, dándolles a unidade necesaria, e onde as zonas de estar permiten tanto a espera como a necesidade de espacio e de luz.

Estas propostas do interior teñen a súa resposta no exterior por medio dunha fachada que reflicte, en certa medida, o acontecer daquelas; así, ródease esta dunha pel que pretende acentuar a horizontalidade ao tempo que mostra a distinta condición das plantas entendidas como capas diferenciadas: un soto de formigón in situ pintado en gris escuro, unha planta baixa de prefabricados de formigón colocados horizontalmente, e unha planta alta de paneis de chapa de aceiro Robertson, tamén horizontais, aínda que con distinta modulación, de color gris clara, pousada como unha caixa case autónoma sobre a peana de formigón prefabricado.

Unha imaxe xeral silandeira, autista, pero rotunda, que a penas anuncia un interior cheo de luz, amable...

PLANTA SOTO




PLANTA BAIXA



PLANTA PRIMEIRA





SECCIÓN L 1





SECCIÓN L 1

SECCION B-B
A
CALLE DE NUEVA APERTURA
98
B
CALLE DE NUEVA APERTURA
C
CALLE DE NUEVA APERTURA
100
RUA DE RIBADEO
CALLE DE NUEVA APERTURA
N
A
SECCION A-A
SECCION C-C






D1
D2
D3
D4
D5
D6
D7
D8

DETALLE 1



DETALLE 3



DETALLE 5



DETALLE 6



# HOSPITAL COMARCAL VIRXE DA XUNQUEIRA EN CEE

Arquitecto: **Jacobo Rodríguez-Losada Allende.**
Promotor: **Consellería de Sanidade.**
**Xunta de Galicia.**
Constructor: **Necso.**
Instalacións: **Aguilera Ingenieros, S. A. .**
Data do proxecto: **1993-94.**
Remate da obra: **1997.**
Fotografías: **Xan Manuel Doce Porto,**
**Xan Casabella López.**

**1. O PROGRAMA**

Unha vez definidas as necesidades asistenciais que precisa a poboación da comarca de Fisterra, preséntase un programa que se plasma na "proposta de programa funcional do Hospital Comarcal de Fisterra" redactado pola Dirección Xeral de Organización Sanitaria e que se pode resumir nas seguintes áreas:

1.– Hospitalización (12 unidades de 35 camas).
2.– Bloque cirúrxico (3 quirófanos).
3.– Consultas externas.
4.– Urxencias.
5.– Radioloxía (5 salas).
6.– Laboratorio.
7.– Servicio de admisión e documentación clínica.
8.– Farmacia.
9.– Esterilización.
10.– Cociña, cafetería, hospedaxe e almacén.
11.– Dirección e xestión.
12.– Vestíbulo.
13.– Oficina técnica de xestión da estructura física.
14.– Mortuorio con velatorio.

**2.– O LUGAR.**

Trátase dun terreo cunha superficie de 12.000. m2 aproximadamente, de forma sensiblemente rectangular, cunha topografía practicamente horizontal. É un enclave urbano, o seu perímetro está bordeado de viais, localízase nunha zona de recheo na profundidade da ría de Corcubión e, polo tanto, atópase nun terreo gañado ao mar, onde actualmente se sitúan a maioría dos edificios públicos do municipio de Cee. O recheo realizouse mediante a canalización do río e a construcción dun axardinamento de forma semicircular bordeando a praia de nova creación.

A ordenación urbana que se traza entre a estrada da Coruña a Fisterra e a vila antiga de Cee que se encontraban nas beiras opostas da ría, presenta un trazado viario de difícil comprensión.

**3.– A ESTRUCTURA ESPACIAL DO EDIFICIO.**

3.1.– Trátase de dous muros de pedra paralelos que organizan as fachadas lonxitudinais cun ritmo de ocos enfatizando o revestimento pétreo.

3.2.– Entre os dous muros organízase funcionalmente o edificio, de tal maneira que un eixe igualmente paralelo aos mesmos é sobre o que se proxecta tanto a galería de servicios como as circulacións principais e os accesos de urxencias e de instalacións.

3.3.– Dúas plantas ( baixa e primeira) recollen as funcións necesarias a un lado ou outro do eixe mencionado. Ao norte transcorre a función paralela ao eixe e ao sur organízase perpendicularmente de tal maneira que se crean uns espacios intermedios con falsa fachada onde verten os corpos perpendiculares mencionados.

3.4. Na planta segunda e sobre o eixe descrito, como un barco encallado, sitúanse as dúas unidades de hospitalización configurando un paralepípedo, facendo de engranaxe entre os corpos inferiores paralelos e perpendiculares, e creando incluso espacios intermedios baleiros, cubertos e exteriores. Os núcleos de comunicación exteriores aos elementos perpendiculares ao eixe das plantas baixa e segunda empótranse no paralepípedo de hospitalización sobrepasándoo.

3.5. A organización viaria peonal circundando o edificio principal organiza os accesos e as evacuacións xerarquicamente, mantendo a idea de edificio urbano con fachada principal.





PLANTA PRIMEIRA



PLANTA SEGUNDA

*OBRADOIRO*



SECCIÓN 3-3





SECCIÓN 4-4



# HOSPITAL DE OZA

Arquitectos: **Albert Pineda Alvarez e Andrés Reboredo Santos.**
Colaboradores: **Iraima Guerrero, Xavier Llambrich.**
Promotores: **Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia.**
Constructor: **Cubiertas y MZOV.**
Data do proxecto: **1995.**
Remate da obra: **1997.**
Situación: **Oza, A Coruña.**
Fotografías: **Xurxo Lobato.**

O novo Sanatorio Marítimo de Oza proponse como unha alternativa á necesidade de expansión e crecemento do Hospital Juán Canalejo, integra as especialidades de traumatoloxía, agudos psiquiátricos e coidados paliativos.

Do programa funcional resultaba un edificio de dimensións considerables que medraba en lonxitude con cada revisión do programa. A configuración lineal das plantas de hospitalización e o carácter illado dos edificios do conxunto hospitalario situaron inmediatamente o novo edificio sobre a beira da antiga estrada de Castela, formalizando un novo cerre, actuando de filtro entre o privado e o público, establecendo unha nova relación entre a estrada arborizada e o xardín sanitario que unificou a configuración pavillonaria do extinguido hospital. Agora non ten sentido a separación radical, non se dan as circunstancias que obrigaban a separar do resto da sociedade un Lazareto, primeiro, e un Sanatorio de Medicina Preventiva, despois. Os dous espacios, exterior e interior están unidos agora pola vexetación e pola historia, diferenciándose rotundamente do resto do entorno. Así o entendeu o documento que propón a declaración de Ben de interese cultural para o Conxunto Hospitalario de Oza coa estrada arborizada e a praia de Lazareto. O novo edificio asume esta condición ao separarse do solo e ao substituír o vello muro opaco por un enreixado diáfano, relacionando espacio vexetal con espacio vexetal, abrindo vistas sobe a paisaxe atractiva e forte da baía.

Dúas plantas altas homólogas absorben a capacidade de hospitalización que impón o programa funcional. Un corredor central e dous postos de control de enfermería con recorridos inferiores a vintecinco metros, estructuran a súa organización espacial co soporte dun núcleo central de comunicacións. Esta disposición axustada aos óptimos teóricos daba un edificio de 15.75m de ancho e 135m de longo. Un prisma potente en termos formais, capaz de competir co territorio como paisaxe que se implanta, facéndose notar, cabalgando a liña abrupta da costa sobre a arboreda e os edificios existentes. Esta peza forte e insólita necesitaba rematarse coa mesma contundencia coa que se manifestaba a súa gran masa. Era un problema formal, de entendemento e de expresión do edificio que se resistía a aparecer nos sucesivos debuxos de fachada con cubertas convencionais, sensatas e sempre ridículas. Un día, dialogando co debuxo, este contou o que precisaba: un plano sutil, flotando sobre o prisma macizo, alcanzando os seus testeiros e sobrepasándoos en voo. Era un debuxo pequeno, desinhibido, mostrando moi claramente o xesto buscado. Estes esbozos xurdidos ás veces da necesidade de contar unha idea que está a nacer, conteñen xa toda a arquitectura. Logo é preciso recorrer ao oficio, tanto ao propio como ao alleo, sen distraerse, sen deixarse enganar por outras aparencias, sen traizoar esa idea potente e clara esbozada nun anaco de papel. Agora o traballo faise loita: convencer, pedir axuda, discutir, buscar, construír modelos adiantándose no tempo para evitar erros, corrixir defectos, potenciar xestos ou rexeitalos definitivamente. Redeséñase o proxecto en cada oficio, compártese a creación con outros profesionais, e na medida que esa colaboración se fai entendemento, comeza a nacer a arquitectura con esforzo e con satisfacción.





PLANTA SOTO



PLANTA SEMISOTO



PLANTA BAIXA



PLANTA ALTA



ALZADO NOROESTE



*OBRADOIRO*





# FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE

Arquitecto: **Manuel de las Casas.**
Colaboradores na dirección: **E. Mosquera (Aparellador).**
Colaboradores: **Geasyt (instalacións), Francisco García (estructuras).**
**Raúl Freire (arquitecto), Felicidad Rodríguez (estudio plástico).**
Axudantes: **J. Blanco, B. Carballo, G. Cassiani, S. de las Casas, I. de las Casas. R., F. García, J. Gimeno, J. González, M. Lapique e P. Sánchez.**
Promotor: **Consellería de Educación, Xunta de Galicia.**
Constructor: **Agromán.**
Data do proxecto: **1994.**
Remate da obra: **1997.**
Situación: **Punta de Oza (A Coruña).**
Fotografías: **Juan Rodríguez.**

## CENTRO UNIVERSITARIO DE CIENCIAS DA SAÚDE. A CORUÑA.

A proposta, ademais de responder razoablemente á construcción, cumprimento do programa e carácter do edificio, considera como cuestión ineludible o encontro co lugar.

Nunha punta con árbores, sobre a ría da Coruña, unha serie de pavillóns asómanse ao mar, formando, entre árbores case centenarias, un fermoso conxunto que foi centro hospitalario e está a ser rehabilitado para uso universitario.

O pavillón de Colonias, obxecto do concurso, é un edificio de clara traza construído nos anos 20 polo arquitecto coruñés Pedro Mariño, sobre un bonito xardín, tamén obra do mesmo arquitecto, de 1.909, urbanizando a punta de Oza.

Hoxe, perdida a dimensión inicial, ao recorrer os seus restos por camiños casuais entre un sotobosque de mentas que enche o antigo xardín, á sombra de grandes árbores, plátanos, eucaliptos, piñeiros; restos de fontes, esculturas, miradoiros, paseos, e do pavillón, asómanse entre as rochas as areas brancas e o mar. Olores e sons completan a beleza do lugar.

A extensión do casco urbano da Coruña con bloques de gran altura, aproxímanse polo oeste ata a mesma praia–porto de Oza, limitando a visión do territorio, que conserva inalterable a súa paisaxe sobre a ría ao N.NO.

O programa solicitado é maior que os metros cadrados disponibles na construcción existente;así pois, haberá que optar, ou ben, por unha profunda remodelación do edificio para obter no volume a superficie necesaria, ou por engadir un novo pavillón que a complete, e proceder a unha ocupación non traumática do edificio existente, respectando as entradas, os recorridos e a volumetría interior.

A proposta opta por esta última solución, que na nosa opinión é a única respectuosa coa historia e coa arquitectura.

No edificio existente sitúanse as aulas menores, seminarios, áreas departamentais e administración; engádeselle un pequeno ático que non só non perturba a imaxe senón que axuda a que se valoren os remates da fachada actual. Para completar o programa créase un novo pavillón onde se sitúan d?as aulas grandes e catro de tamaño medio.

O novo pavillón a modo de xanela que enmarca a boa visión sobre a ría, resolve ademais o acceso ao antigo, creando un gran pórtico que abriga a actual escaleira de entrada, unha solaina, e dous corpos cúbicos maclados onde se sitúan as aulas maiores que rematan o conxunto ocultando a visión do oeste. Na planta inferior, fendida na rocha, colócanse as catro aulas asomándose sobre o pequeno acantilado á ría da Coruña.

O novo pavillón toca levemente o antigo sen perturbar a súa imaxe. A abstracción lingüística utilizada potencia a imaxe preexistente.

Aséntase escavando o talude actual entre o edificio e o camiño, que a un nivel de catro metros por debaixo do edificio recorre a beira do acantilado. A súa posición respecta o xardín existente, que propoñemos sexa rehabilitado na súa traza orixinal, e resolve a conexión coa ermida de Santa María de Oza.

### MEMORIA DESCRITIVA

O pavillón existente rehabilítase respectando o antigo acceso, os vestíbulos de planta, as escaleiras, os corredores, as alturas do teito, así como os ocos e ornatos de fachada. Con isto consérvase o carácter do edificio, a súa lóxica espacial que é, ademais, adecuada ao uso do ensino; os espacios de pasos perdidos –os grandes vestíbulos– son fundamentais para a relación humana, como o son, os grandes volumes para o benestar.

Na planta baixa, conectada co gran pórtico de acceso e co novo edificio, instálase a dirección, a administración, os vestiarios, a conserxería e a sala de demostracións. Aproveitando a altura do teito e as grandes ventás en planta principal colócanse as aulas, a sala de lecturas, os seminarios, o dispensario, reprografía e a delegación de alumnos. Na planta primeira, os despachos departamentais, as salas de profesores e os laboratorios.

No ático de nova planta sitúase a unidade docente do Instituto de Ciencias da Saúde cos despachos e aulas.

Uns lucernarios que iluminan o corredor da planta primeira, incorporan ademais, espacialmente, o ático ao conxunto.

O pavillón de nova traza crea en cota 0 un gran vestíbulo, unha extensa solaina e as dúas aulas maiores escalonadas; na planta inferior encóntranse as catro aulas de tamaño medio, cunha magnífica vista sobre a ría. A orientación N.NO. das aulas garante unha boa iluminación en todas elas, reforzada nas aulas maiores cunha luz cenital.

O conxunto dótase cunha torre de aseos e un gran ascensor para facilitar os movementos verticais de persoas e enseres.

### MEMORIA DE CALIDADES

A reconstrucción do edificio actual executarase con reforzos de resina e formigón en piares, e sobre–lousas armadas en forxados e trasdosados con illantes.

Como material para o illamento térmico empregarase a espuma ríxida de poliuretano aplicada "in situ", cun espesor de 5cm., unha densidade de 40kg/m$^3$ ($\lambda$=0,020) e absorción de auga 1,8–2,2 % en volume (DIN–53428).

A fachada do edificio novo, adosado, leva no exterior un panel prefabricado de formigón armado, de 8 cm. de espesor, tipo INDAGSA, con tratamento de calor a base de óxido de titanio. Estes paneis, de grandes dimensións, deberán selarse nas xuntas con cordón de neopolén e masilla.

Todos os muros actuais do edificio a remodelar trata-

ranse no seu trasdós cun gunitado de formigón D–400 kg/m³ e árido fino, en vía húmida, cun espesor medio de 8–10 cm., previa colocacion dun mallazo electrosoldado suxeito ao paramento cada 50 cm. en horizontal e vertical

Toda a tabiquería e trasdosados levará como terminación placa de cartón–xeso de 15mm. de espesor, resistente á auga e fixada con perfilería de aceiro galvanizado, no caso dos trasdosados (autoportantes), ou con pasta de agarre ás fábricas de ladrillo no caso da tabiquería.

No edificio novo empregarase como material de solado o granito silvestre, aserrado e tratado con chorro de area, en pezas de 120x80x4 cm. sentadas con morteiro de cemento e area de río 1/6.

No edificio a remodelar utilizarase como material en pavimentos un linóleo de 3,2mm. de espesor, tipo DLW, mod. Marmorette, antiestático, apto para calefacción por subsolo e resistente a aceites e graxas minerais e selado con cordón termofusible.

Toda a carpintería exterior é de aluminio anodizado especial, color aceiro, tipo Schüco, con rotura de ponte térmica, de sección segundo detalle de planos, con acristalamento tipo Climalit 6/12/6 máx.

A carpintería interior é maciza, de táboa DM–620 chapada de laminado plástico.

Os paramentos verticais irán revestidos cunha pintura de gran dureza, resistente ao roce, pétrea, de resinas sintéticas, como aglutinante, e os teitos con pintura plástica de copolímeros especiais ou resinas acrílicas puras.

O sistema de calefacción é polo chan, con auga a baixa temperatura, cun intercambiador e un depósito de acumulación para poder utilizar tarifa nocturna. Evítanse con isto os molestos radiadores, garántese un maior confort e un menor custo de mantemento.

As luminarias serán empotrables, tipo Kreon, de aluminio anodizado natural con reactancias e condensadores integrados.



PLANTA SOTO



PLANTA BAIXA



PLANTAS PRIMEIRA
E SEGUNDA



ALZADO NORESTE
SECCIÓN SL 1



SECCIÓN TRANSVERSAL 4



SECCIÓN TRANSVERSAL 5



SECCIÓN TRANSVERSAL 6


DETALLE
LOSA FLOTANTE DE HORMIGON 8cm
RELLENO DE GRAVAS 10cm
AISLANTE 3cm
HORMIGON DE PENDIENTE 10cm
FORJADO HORMIGON ALIGERADO 12cm
LOSA DE HORMIGON 8cm
MONTANTE DE ALUMINIO ANODIZADO SCHÜCO SYSTEM SK 60 V
VIDRIO CLIMALIT 6\12\6
TRAVESAÑO DE ALUMINIO ANODIZADO SCHÜCO SYSTEM SK 60 V
VIDRIO 4+4\12\4+4
LOSA DE MARMOL 2cm
MORTERO DE AGARRE 5cm
MORTERO DE NIVELADO 7cm
AISLAMIENTO POLIESTIRENO EXTRUIDO 4cm
SOLERA CERAMICA 30cm
LOSA ALVEOLAR HORMIGON ARMADO 45cm
FALSO TECHO PLADUR 10cm
CARPINTERIA ALUMINIO ANODIZADO SCHÜCO SYSTEM SK 60 V
VIDRIO CLIMALIT 6\12\6
ALVEOLLA HORMIGON PRETENSADO
MURO HORMIGON ARMADO 30cm
12.5
17.5





# ENTREVISTA CON ÁLVARO SIZA

**CARLOS G. SEOANE, arquitecto.**

*No limiar de "Profesión poética", escrito en 1986, as palabras máis reiteradas eran: "Fragmentos, conflictos, tensións". Parece que no proxecto da igrexa de Marco de Canaveses, non existen esas mesmas preocupacións.*

Agora mesmo non lembro con detalle ese texto, pero ao que se debe referir, é a que hoxe nos movemos nun contexto de conflictos e de tensións. Hai unha gran dispersión na vida contemporánea que ten que ver co incremento da información e cun aumento de intercambios, e, tamén ten relación cos grandes avances en determinados campos do coñecemento que provocan unha gran dispersión e unha especial dificultade para lograr acadar a síntese.

Este é o contexto no que se move o arquitecto contemporáneo. Con iso non quero dicir que na obra de arquitectura deba existir a lectura deses conflictos nin desas tensións. Pola contra, a obra de arquitectura e a construcción deben traspasar esa situación e conseguir acadar un estado de calmo equilibrio; sen ignorar esa circunstancia, pero sempre fundamentado nesa condición.

Este proceso do proxecto é bastante evidente cando se trata dunha igrexa, dun edificio relixioso en xeral. A intención debe ser acadar un ambiente de serenidade, de unidade, pero o punto de partida en calquera campo que un confronte, a situación subxacente, é sempre a fragmentación.

Non é un fin, non é un medio, nin un contexto, é unha condición.

*Noutros proxectos anteriores hai un intento de integrarse no medio. O obxecto arquitectónico non ten unha imaxe única, senón que desaparece nunha trama xeométrica que nace do contexto. Na igrexa de Marco Canavés, a súa presencia, sen embargo, é manifesta. O edificio érguese sobre a cidade, case con características de monumento.*

Creo que é algo completamente natural. Precisamente polo tipo de proxecto que representa...

É certo que noutros proxectos meus está presente esa preocupación de introducirse nun determinado tecido e, polo tanto, a xeometría ponse ao seu servicio, pero pola propia condición deses proxectos, polo tipo de edificios que son. No caso dunha igrexa e, en xeral no de calquera edificio público, debería, dalgún modo, tentar diferenciarse dese tecido.

A característica relativa á repetición e a case banalidade dunha construcción de tecido, é o complemento necesario para a inserción dun edificio público, dun edificio destinado a acoller unha institución, como é unha igrexa.

Sin embargo a maioría dos meus proxectos teñen sido de tecido e non de excepción ao tecido, pero esas son, en definitiva, circunstancias do traballo ao que tiven acceso no meu exercicio profesional, simplemente iso.

*Entón, ¿recoñece neste proxecto unha preconcebida condición de monumento?*

Eu non diría monumento.

*Monumento, como referencia dentro da cidade.*





Unha igrexa ou calquera outro edificio público, pero especialmente un relixioso, fai seu, inevitable e necesariamente, un valor simbólico, xunto, ademais, a unha carga histórica referida á propia tipoloxía en cuestión.

A evolución da igrexa como edificación relixiosa, pode resumir case a Historia da Arquitectura. Ten unha carga histórica, unha carga de imaxes, de solucións espaciais sempre en constante transformación; das cales, somos máis ou menos conscientes pero están sempre presentes na orixe, no momento de proxectar un edificio como éste.

*Moitos dos espacios públicos dos seus proxectos institucionais, como por exemplo o CGAC de Santiago ou a Escola de Arquitectura de Porto, son proxectos definidos en termos de intimidade. ¿É iso unha proposta sobre o entendemento dunha institución ou é o resultado dunha determinada esperiencia espacial?*

Eu creo que un edificio público deberá, na súa escala, na súa organización espacial, servir tanto para as actividades colectivas como para permitir a supervivencia do individuo, pasando incluso pola intimidade. Non me parece que haxa unha contradicción, pero si unha complementariedade necesaria e esa preparación dos espacios responde a situacións moi diferentes.

Algo semellante tamén ocorre na "casa". A "casa", o lugar da familia, o lugar do íntimo, do privado, tamén ten os seus espacios públicos.

Na "casa" resúmense todos os problemas da arquitectura. Agora ben, o grao de esixencia en relación a certos aspectos do comportamento humano son máis acusados nun programa que noutro. Nun edificio público como é unha igrexa, o espacio para a intimidade e, polo tanto, o seu grao de intimidade, será menor que nunha casa, pero nun programa tan específico como é unha igrexa, ten que haber a posibilidade para o illamento, para a concentración, dentro da mesma posibilidade de unión do grupo, de sentimento de colectividade, etc.

Polo tanto, teñen que existir condicións para que os dous comportamentos, para que os dous estados de espírito, sexan compatibles dentro dun espacio único. Esa é unha das grandes dificultades o proxectar unha iglesia. Un espacio de reunión da comunidade, de unidade. E ao mesmo tempo un espacio de concentración individual e, eventualmente, de illamento. É fundamental que as características do espacio poidan responder a esa dobre condición.

*Nos seus edificios institucionais, lonxe de definirse como contedores asépticos, optan por unha determinada proposta de institución. A Facultade de Arquitectura de Porto é un edificio que se entende desde a opción dunha educación moi específica. Igualmente, o museo de Santiago defínese desde unha proposta determinada de centro cultural. Nese sentido son edificios unívocos e, cecais, incluso poidan ser criticados pola súa rixidez, ao tomar partido por un modelo definido.*

*¿Hai no proxecto da igrexa de Marco Canaveses, tamén unha opción determinada de entendemento da relixión?*

Quero dicir, en primeiro lugar, que no caso especial da Facultade de Arquitectura, aínda que menos no caso do CGAC, había un programa que debía cumprirse forzosamente.

A concepción do espacio da Escola está ligado a unha concepción de ensinanza da arquitectura que en determinado momento foi proposta e adoptada por aquela Escola de Arquitectura. Por tanto, había que cumprir con aquela intención.

Ademais, teño que recoñecer que, para min, o proceso de proxectar consiste nunha forma moi especial de liberación dos aspectos funcionais. Cumpríndoos da forma máis estricta posible, pero tentando dar un paso máis, procurando traspasalos, logrando abrir o edificio á flexibilidade e a usos diversos.

Isto é un feito histórico na arquitectura. O exemplo máis recurrido é o do convento. O convento responde á organización dunha comunidade moi específica, unha comunidade relixiosa, con esixencias funcionais moi concretas, pero ao longo da historia o convento, é un tipo de edificio que se libera desta función determinada e que foi reutilizado para todos os usos que ún poida imaxinar, desde hotel, ata museo.

Isto sucede, ou debería ocorrer en calquera arquitectura.

Entendo sempre a flexibilidade non como neutralidade ou ausencia de forma e de organización do espacio, pero si, a partir dun entendemento que inclúe unha certa distancia en relación á función. Cumpríndoa, respectándoa, resolvéndoa, pero ao mesmo tempo, abríndoa á utilización de situacións diferentes. Eu creo que na Facultade de Arquitectura de Porto e, moi especialmente, no caso do museo de Santiago, ese segundo nivel da función estase cumprindo. Non me parece que sexan edificios ríxidos no seu uso. En absoluto.

De feito, na Facultade de Arquitectura é algo que hoxe se pode comprobar con claridade porque o programa inicial e os obxectivos orixinais foron extensamente alterados. Abonda dicir que, orixinalmente, foi proxectada para cincocentos estudiantes, tendo que obedecer a todo o que iso implica, aos metros cadrados e á distribución de espacios necesarios en relación a ese numero de estudiantes. Sen embargo, neste momento, a escola ten xa oitocentos alumnos e funciona perfectamente, non hai dúbida que funciona. Foi organizada cun sistema de aulas para grupos de 15 e isto, dado o incremento citado, non se pode cumprir na realidade. É dicir, os obxectivos do programa foron, por varias razóns, inmediatamente sobrepasados na práctica, pero o edificio segue funcionando e non creo que haxa queixas en relación a iso.

Con respecto ao museo, paréceme moito máis clara esa flexibilidade que defendo. Considerando, ademais, que a súa foi unha resposta a un programa, en boa medida construído por min mesmo, debido á ausencia dunha orientación clara durante o proceso de definición do proxecto. Isto hoxe sucede moi a miúdo. Cando se proxecta; non existe unha idea clara de cómo debe ser o programa por parte do cliente. Por tanto, a construcción do programa forma parte, ten que formar parte, das labores do arquitecto.

En relación ao caso da igrexa, o debate sobre o espacio relixioso, actualmente, está cheo de incertidumes e de dúbidas. Eu tiven a ocasión de discutir a organización desta igrexa cun grupo de teólogos portugueses, foi unha interesantísimo debate onde sairon, inmediatamente, as dúbidas que xurdiron tra-lo Concilio II, e os grandes cambios que houbo na liturxia e na organización do espacio relixioso en xeral.

Nestes momentos non hai unha liña de orientación clara como había, probablemente, na época do gótico. Estase a contruír unha nova organización da igrexa e a miña principal ambición, neste proxecto, foi participar nese debate e tamén contribuír ao seu desenvolvemento.

*¿Pero como se traduce iso na organización espacial?. Hai algúns elementos bastante explícitos, como a posición das imaxes relixiosas, a relación entre certos espacios, etc...*

Si, hai varios aspectos sobre a propia disposición dos diferentes núcleos do espacio da igrexa. Hai un exemplo moi simple, houbo un momento tra-lo Concilio, no que se estableceu que o baptisperio debería estar integrado no espacio do altar e, polo tanto, toda a comunidade debería participar desa cerimonia arredor dese espacio.

Durante as discusións que houbo no proceso de realización do proxecto, e este foi un dos aspectos de constante discusión, houbo unha petición para retomar, aínda que non da mesma forma, o concepto do espacio do baptisperio anterior ao Concilio e concluiuse que o baptisperio debería quedar na zona da entrada, cun espacio claramente delimitado para a súa función.

Tamén se insistiu, por exemplo, na organización do cortexo en dirección ao altar no momento que comeza a misa. Isto está claramente relacionado coa localización da sacristía. Inicialmente, había unha comunicación directa entre a sacristía e o altar, pero se me pediu unha inversión do recorrido, de modo que os celebrantes puidesen avanzar en comitiva polo medio da comunidade, en dirección ao altar, ao comezo da celebración.

Podería citar moitos outros aspectos, por exemplo, tamén foi moi discutido o difícil equilibrio entre algúns elementos complementarios da celebración relixiosa, así, a localización do atríl en relación ao altar e a situación das cadeiras dos celebrantes, dos tres bancos, en relación co sagrario, a localización da cruz, etc., etc.. Polo tanto, en todo este proceso proxectual interviñan aspectos que se referían á arquitectura, aos intereses, por dicilo dalgún xeito, da organización espacial global e, outros, da propia celebración relixiosa, segundo os conceptos debatidos polos teólogos que interviñeron neste proxecto xunto a participación tamén importante do párroco local.

*Abundando máis sobre o simbolismo, na organización do programa hai unha clara diferencia entre o nivel*

*dos mortos e o nivel dos vivos. Entre o lugar para a celebración da misa e o espacio para os funerais. ¿É esta unha diferenciación simbólica ou é resultante da topografía do terreo?*

En boa medida foi resultado da topografía, non foi deseñado dese modo por razóns simbólicas, aínda que ás veces ao proxectar ocorre iso mesmo. Este encontro casual de intereses comúns é como unha reafirmación importante para o proxectista. Cando elementos que deberían ser antagónicos se sobrepoñen e converxen nunha mesma dirección, parece un apoio ao desenvolvemento do proxecto, unha especie de aprobación ao xeito como foi concebido. Pero teño que recoñecer que esta non foi unha decisión "a priori".

*Hai unha apertura no espacio principal que resulta especialmente significativa. É unha gran fiestra horizontal preto do altar que introduce transparencia nun espacio relixioso, condición que non lembro en espacios deste tipo diseñados dentro do movemento moderno, para o cal a transparencia foi, sen embargo, os paradigmas fundamentais.*

*¿Hai neste oco unha proposta de transparencia ou é resultado da búsqueda dunha determinada experiencia espacial?*

Tamén existe transparencia, que eu lembre, probablemente existirán outros exemplos, nunha igrexa de Siren en Finlandia, onde todo o fondo do altar é un gran vidro que abre o espacio cara aos piñeiros da paisaxe.

Cóstame entender esa condición de obrigatoriedade de concentración implícita nunha igrexa completamente pechada, sen ningunha presencia do exterior. Eu interprétoo como unha debilidade, como unha especie de complexo.

Cando alguén vai a unha igrexa, ou para asistir a unha misa ou porque se quere concentrar na oración íntima, faino voluntariamente, polo tanto, debe ter forza espiritual para resistir unha relación co exterior, unha vista sobre a paisaxe, e por iso parecíame moi importante esa relación. Iso resultou ademais polémico, pero parecíame importante ter esa transparencia, esa apertura sobre o val, un val que ademais era belísimo, aínda que pouco a pouco, como sabes, deixou de selo, pola aparición dunhas construccións caóticas.

A idea era abrir o espacio á contemplación da paisaxe, pero tamén para ter conciencia da posición no territorio, da relación coa cidade. A transparencia non me parecía un elemento perturbador, senón que, pola contra, acentuaba esa necesidade de desexo de concentración de cada individuo.

Tamén existe outra apertura detrás do altar, pero esta non comparte esa condición de transparencia. Existe unha relación entre ambas. Unha permite a visión sobre a cidade, a outra, é apenas unha entrada de luz, aínda que pola súa posición, á altura dos ollos, tampouco é moi común nun espacio relixioso, pero neste caso, foi a forma que atopei para resolver o espacio do altar, un dos temas que me resultou máis difícil.



Antes, cando o celebrante se volvía durante a celebración cara á ábsida, esta convertíase nun espacio xeneroso, nun espacio con moito sentido e cheo de contido, porque o celebrante e a asamblea se dirixían cara a ela e a ábsida tiña necesidade desa condición de envolvente, dunha certa dimensión.

Agora, cando o celebrante se volve cara a comunidade, a ábsida perde parte do seu sentido, hai aí un problema que ten que ver cunha nova situación totalmente distinta que ten o seu reflexo en moitos aspectos da celebración, e mesmo chega a xerar un espacio completamente diferente.

Ademais, tamén está presente toda a carga histórica que hai no espacio dunha igrexa e que tampouco me sinto coa convicción suficiente para negala radicalmente.

Neste ambiente, aínda de dúbida e debate sobre a organización do espacio relixioso, non me parece nin lexítimo, nin tampouco moi fructífero, practicar unha "tabula rasa" sobre o pasado, sobre toda a historia presente no espacio da igrexa.

*Dentro dese mesmo proxecto para a igrexa de Marco Canaveses, tamén existe un edificio parroquial, aínda sen construír, peza que parece parte importante de todo o conxunto ao definir o adro.*

Sen dúbida, a construcción dese edificio é fundamental, sen el non se comprende a organización dese espacio diante da igrexa, do adro no seu conxunto.

Nestes momentos aínda subsiste a desorde que había no lugar antes da construcción da igrexa. Continúa porque lle falta ese elemento ordenador tan necesario pero, ademais, a propia relación da igrexa coa base, coa rúa a cota máis baixa, tampouco está completa. Hai toda unha relación entre os diferentes volumes e o recorrido de acceso que aínda non existe agora, porque o proxecto está incompleto sen a construcción do centro parroquial.

Subindo a escalinata, implica unha inflexión a quen vén dende a rúa, un xiro, e cando un chega ao final da escaleira ten presente o centro parroquial, co seu espacio cóncavo que formaliza o patio e, polo tanto, a unha altura menor que a igrexa. Todo iso acompaña o movemento do corpo que xira hasta atopar a porta da igrexa. Todos eses elementos son complementarios e indispensables ao proxecto no seu conxunto.

A mesma porta con os seus 10 metros de alto, nunca tería moito sentido nun edificio senón fose pola súa relación co adro. Na igrexa esta porta ten un dobre aspecto, representativo e funcional, éste, especialmente singular. Como é tradición nas igrexas portuguesas e galegas, está prevista na entrada frontal a construcción, a definición dun adro, así, nun día de festa, por medio desas portas a igrexa ábrese por completo ao espacio público, conseguindo, ademais, unha ampliación da dimensión da asamblea. Son todos aspectos que se entenden desde a visión de conxunto, conxunto no que o centro parroquial desempeña un importante papel.

Esperemos que se consiga financiamento económico

para rematalo na súa totalidade. Non só por completar o deseño nos seus aspectos formais ou de organización do espacio, senón, tamén, para completar a propia vida do complexo como foi concebida. Funcionalmente, o centro parroquial trae unha maior actividade que de por si soa, a igrexa non xera. O centro trae consigo outra función a aquel espacio que pasa a ser utilizado máis intensamente e doutra maneira, e que pasa a ser un núcleo vital naquela zona da cidade, sendo esta tamén unha parte importante do deseño.

*O azulexo é un material tradicional na arquitectura portuguesa, pero é nas igrexas onde adquire unha connotación máis subversiva, ¿Foi un material incluído no proxecto por motivacións culturais ou só polas súas características constructivas?*

Hai un peso moi grande da presencia do azulexo en Portugal, antiquísima, pero sobre todo moi forte nos séculos XVIII e XIX. Posteriormente, houbo unha recuperación do uso deste material nos anos cincuenta, creo que por influencia das propostas feitas antes en Brasil por Le Corbusier, nalgúns edificios como o Ministerio de Educación e Saúde Pública. Iso tamén tivo a súa influencia en Portugal, de aí que haxa unha arquitectura nos anos cincuenta onde se volve a usar o azulexo no exterior, eventualmente como decoración.

A súa utilización nas igrexas, tanto no exterior como no interior, é tamén de gran tradición e peso histórico, especialmente o uso do azulexo decorado á man. De maneira que neste proxecto o que hai é esa constatación da historia das igrexas portuguesas, do peso da historia, pero tamén está o meu propio interese polas características constructivas do azulexo. É un material que dá moito carácter ás cidades portuguesas, en particular a esta cidade de Porto.

Teño que recoñecer que sempre sentín unha dificultade para reintroducir o azulexo, por razóns moi transparentes.

O azulexo nas fachadas exteriores estaba sempre entre pezas de granito, polo tanto, eran paneis contidos nun marco de granito, con todo un sinfín de elementos: as xambas, as cuñas, os linteis das fiestras, etc. Agora o sistema constructivo non precisa deses elementos de trabazón, de reforzo, polo que o azulexo queda sen remate, hai unha dificultade para encontrar ese final, salvo que se caia en revivalismos.

Consciente desa dificultade engadida, pouco a pouco, comecei a facer algunhas experiencias con él, aínda que no caso concreto da igrexa, a colocación é no interior, en paneis do interior, a modo de zócolo, por tanto, cun aspecto práctico a xeito de protección, evidente. En proxectos máis recentes, en particular no Pavillón de Portugal , que estou agora a realizar para a "Expo" de Lisboa, vou colocar azulexo no exterior . Creo que é un material de grandes propiedades constructivas e tamén cunha gran condición visual porque, sobre todo o azulexo mais artesanal, provoca unha especie de vibración, de vida, de reflexos, relativa á característica propia da súa superficie. É un material que se relaciona moi ben coa luz de Lisboa, coa luz do Porto.

*Despois dun momento en que as posicións máis teóricas definían as distintas actitudes en arquitectura, hoxe hai como unha renovada atención cara a tecnoloxía como principal argumento. Aí está a posición de Frampton coa súa interpretación do movemento moderno desde a tectónica. Nos últimos proxectos de Siza, non está tan clara esta relación entre opción constructiva e forma. ¿É iso o resultado dunha posición crítica ou é unha opción por unha maior liberdade creativa, á hora de concebir espacialmente un proxecto?*

Eu non creo que exista unha distancia respecto aos problemas da construcción. É algo que xorde máis no terreo da crítica e da teorización da arquitectura. Hoxe máis que nunca aquilo que se produce neste terreo, o da teoría e o da crítica, está envolto polas preocupación e debates do momento, está demasiado atento á conxuntura máis inmediata.

Na actualidade, cando xorde unha arquitectura de máscara, unha arquitectura desvinculada, por exemplo, dos problemas da construcción que pertencen ao cotián, é moi natural e ademais moi oportuno que apareza o libro de Frampton, *Studies in tectonic culture*.

Sabes que actualmente hai unha tendencia, co perigo de convertirse en irreversible, de facer do arquitecto un diseñador de formas e nada máis que iso. Xa empeza a ser normal, en moitos países, a figura do arquitecto como diseñador; despois, será levado o seu proxecto á construcción por un constructor, por un promotor ou por un enxeñeiro, en definitiva, por alguén que foi alleo á súa concepción. Iso tradúcese nunha absoluta gratuidade porque se perde ese concurso de mil aspectos que debe ser a arquitectura, e que inclúe a función, a construcción e tantas outras facetas que fan posible, que construen realmente a arquitectura.

Eu díria respecto á construcción, o mesmo que respecto á función, que son aspectos presentes desde o inicio, pero que nun proceso completo do "proxectar", pódese alcanzar unha especie de liberación deles, débese lograr ultrapasalos como preocupacións illadas e elementais.

Hai respecto á arquitectura unha distancia no que se refire á construcción cando se desenvolve o proceso, como hai esa distancia na propia construcción, pero iso non quere dicir que non estea no cerne, na orixe da solución arquitectónica, senón moi ao contrario.

*Nun escrito de Siza titulado "Sobre os materiais", comenta, sen embargo, como o proceso de deseño resulta un proceso moi abstracto, desvinculado nun principio da materialización.*

Non. O que quero dicir é que encontro unha certa tendencia para ese desequilibrio no propio proceso da arquitectura, polo que compre estar atento ante iso, é preciso estar moi vixiantes.

Nese texto, refírome á gran indecisión que hai no inicio dun proxecto, sobre todo en Portugal, pola particular situación deste país. Noutros lugares a situación non ten que ser sempre a mesma.

Esta circunstancia é o resultado da gran modificación que está sufriendo o proceso de producción da arquitectura.

En Portugal estamos nun momento onde coexiste a agonía do mundo da artesanía cun tímido arranque da industrialización, da construcción prefabricada, da estandarización, con retraso respecto a outros países máis desenvolvidos do norte de Europa.

É un proceso mixto moi variable, incluso dentro do país, a situación cambia de rexión a rexión. Iso obriga os arquitectos a traballar nos intersticios destas situacións. Por un lado, convive a artesanía de Portugal de hai trinta anos, de grandísima calidade, coa condición industrializada en pleno, importada do norte.

Isto hai que consideralo dentro dunha actividade que é contemporánea coa que se realiza noutros países, onde a normalización, a estandarización, a prefabricación, é o común, incluso a única vía posible, sobre todo en certos programas de arquitectura.

De xeito que aí, hai unha condición ambigua, unha situación permanente de incerteza e que tamén afecta o proceso de concepción arquitectónica. É unha situación moi inestable pero é a situación real na que hoxe nos desenvolvemos.

*Esa arquitectura de máscara á que Siza se refería , comeza a ser unha proposta cada vez máis frecuente. Ante unha renovada atención dos "mass-media", xorden propostas de arquitecturas máis próximas ao obxecto de consumo. Obxectos rapidamente identificables, facilmente memorizables e asociables, ademais, cunha imaxe económica de calidade. Hai cada vez máis "cosntrucións-obxecto" que se acaban na pel, esquecéndose de aspectos máis internos.*

*¿Cal cre debe ser a posición, a actitude a tomar diante deste novo escenario?*

Eu creo que hai que reenchelos. Simplemente, a solución é enchelos de contido.

É un feito que isto realmente sucede así. Iso ten que ver co que che dicía antes, respecto a esta tendencia de convertir o arquitecto en diseñador de imaxes,en creador de máscaras. Despois, o seguinte problema que se lle presentará ao arquitecto, será cómo construílas do xeito máis rápido e barato.

Aínda que respecto da economía, creo que non é disociable da arquitectura. Non é certo que a arquitectura de calidade sexa economicamente máis cara.

Se pensamos, por exemplo, na vivenda social, no tema da vivenda para grandes grupos de poboación, os exemplos de calidade na Historia da Arquitectura, sobre todo na historia recente, na historia do movemento moderno, coinciden cos exemplos máis económicos porque conseguen incluír todo o que realmente involucra á arquitectura. Inclúen sobre todo un gran realismo con respecto aos modos de producción dispoñibles no lugar, o cal ten moito que ver coa propia identidade cultural, etc., etc. Todos estes aspectos están ligados, e aquilo que signifique separalos ou fragmentalos, é unha vía sen saída. Non é presentable como solución.



*Siza presta no proxecto do Marco Canaveses unha gran atención ao debuxo da xunta na construcción, como parte da xeometría e da orde dun espacio. ¿Responde iso á intención de relación que comentaba nun principio, a unha idea de orde total?*

Este é un espacio propio da arquitectura de hoxe. É un lugar para a necesaria e obrigada invención. É un aspecto en gran transformación debido ás modificacións que tiveron lugar no campo da construcción, por razóns económicas, técnicas, de moda, etc.

Hai materiais que continúan sendo utilizados porque se recoñecen neles algunhas vantaxes, aínda que dunha forma, imos dicilo así, subversiva. Subversiva, respecto ao xeito en que eses materiais foron traballados tradicionalmente.

Así por exemplo o caso de Galicia. Galicia aínda é un dos poucos países onde se pode construír en granito, en granito macizo, con fábricas de granito resistentes, pero xa tamén aquí empezan a coexistir con construccións onde resulta moi evidente a súa inviabilidade. Situación ademais que tende a estenderse por múltiples e variadas razóns, pero mesmo por razóns ecolóxicas nunha crecente limitación ao uso de materiais naturais, do granito, da madeira, etc. Polo menos nas cantidades que hoxe se consumen, debido ao número cada vez meirande de construccións que actualmente están en proceso de realización.

Entón aparecen solucións respecto ao uso da pedra, de aplacados de distintos tipos, que deben implicar unha invención de novas expresións dese antigo material. Aí, polo tanto, coexisten o peso da expresión tradicional da pedra, cos modernos procesos de aplicación.

Eu, persoalmente, non quero prescindir de ámbas as dúas posibilidades, da dimensión histórica do uso dese material, nin do coñecemento das novas tecnoloxías de corte, de suspensión, de aplicación, etc. As opcións dispoñibles hoxe son optar por un traballo mecánico, xeralmente de pobre calidade, ou por un uso tradicional e ortodoxo, ou tamén debe existir a alternativa da invención, da invención de posibilidades novas. Non desde unha postura mecánica, nin desde o "pastiche", pero si pensando na expresión dese material nestas novas condicións e na súa relación con outros materiais.

Ultimamente teño traballado bastante neste campo, xa sexa ben ou mal, pero é un tema que considero de importante relevancia na arquitectura contemporánea.

*Na igrexa do Marco de Canaveses hai dúas propostas moi distintas en canto ao entendemento do material. Existe un primeiro nivel que chega ata a altura do home, onde están presentes os materiais naturais, materiais cheos de texturas e onde a xunta é protagonista, para logo aparecer un nivel superior máis abstracto, onde a xunta desaparece e con ela tamén todas as texturas.*

*¿É unha decisión económica e constructiva que limita o uso dos materiais naturais ata un coste e ata alí onde son estrictamente necesarios? ou ¿é un estudio da per-*

*cepción que limita a xunta e as texturas dos materiais á altura do ollo e do tacto, alí onde permiten outros significados?, ¿Cal é o motivo desta diferenciación?*

As dúas cousas, pero tamén hai outro dato importante. Na zona de maior contacto, na zona potencialmente dañable, ten que haber unha sobreposición de diversos materiais que resistan o uso. É evidente que este aspecto constructivo e práctico roza en determinados momentos con outras simboloxías.

As zonas de xuntas, son zonas difíciles de construcción pero tamén se converten nas zonas máis ricas da construcción. Velaí o exemplo evidente do capitel na arquitectura clásica. Cando as cargas se pousan sobre o soporte vertical, aparece aí unha transición que aínda que probablemente foi resultado de problemas constructivos, acaba por ter unha dimensión formal; por tanto, son un pouco o concurso de ambas as dúas condicións simultaneamente.

Ademais habería que engadir outras razóns, por exemplo, a luz. As zonas altas, dado que a iluminación, en boa medida, vén da parte superior do espacio, son zonas que cumpren unha función reflectora importante e, polo tanto, teñen que ser zonas lisas, sen accidentes, que permitan unha difusión óptima da luz natural.

*Eses dous niveis tamén teñen xeometrías moi distintas. A zona habitable, máis baixa, está marcada por unha xeometría ortogonal mentres que esoutra parte superior é o dominio dunha xeometría máis libre, por dicilo dalgún modo, máis orgánica.*

*¿Forma parte, quizais, dunha proposta de simbolismos?*

Iso ten que ver, basicamente, co traballo da luz e tamén ten que ver co aspecto práctico da propia construcción. Cando usas un só material é máis sinxelo e, tamén, máis atractivo introducir formas orgánicas, máis que naquelas circunstancias en que os materiais teñen que ser cortados, colocados e onde aparecen, por tanto, os encontros, as xuntas, a modulación, as difíciles xeometrías, etc., etc.

*Dado que é unha entrevista que se vai publicar en Obradoiro, a única revista de arquitectura producida en Galicia, ¿Querería Siza pronunciarse publicamente respecto das polémicas que houbo recentemente sobre o seu traballo realizado alí?*

Si claro, claro que quero; pero ¿ sobre cales en concreto?

Hai moitas e diversas. A máis recente recollida na prensa é a polémica sobre o proxecto para o Centro Multiusos de Vigo, pero tamén houbo outras relacionadas con outros proxectos: sobre o CGAC, primeiro pola proposta do seu recubrimento, despois as reformas realizadas sen a sua autorización, ademais dos honorarios, etc. .

Comenzando co Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago teño que dicir, sobre o seu revestimento, que é certo que nun momento inicial tiven a intención de revestir o edificio con mármore branca, pensando nun determinado contraste. Pensando nun edificio público



que quere distinguirse do seu contorno urbano; por tanto, buscaba unha forma de conseguir unha diferenciación.

Pensando incluso na cidade onde ía ser construído. Unha cidade moi ligada ás regras de expresión arquitectónica propias do uso de certos materiais. Iso por razóns obvias, por ser basicamente unha cidade completamente construída en granito segundo as súas propias regras de construcción e composición.

Unha cidade, ademais, cun patrimonio histórico moi importante, ou mellor dito por ser todo o centro da cidade Patrimonio da Humanidade.

Debo sinalar que hai un aspecto nesta preocupación tan xusta e tan importante da conservación, que, ás veces, ten unha contrapartida que implica un certo e perigoso anquilosamento.

Hoxe sabemos que "Santiago, cidade de granito", é un concepto relativamente recente. De granito sempre foi, pero exposto ao exterior, non sempre. A maioría dos edificios eran revocados e pintados, por tanto, é bastante nova esta identidade da cidade.

Foi durante as realizacións do século XIX e sobre todo a comezos deste século, e mesmo hoxe en día, cando durante as transformacións realizadas nos edificios antigos se propón descubrir a pedra. Isto é unha actitude relativamente recente e non ten un fundamento histórico importante.

Hai que recordar o feito de que as cidades na súa evolución, e sobre todo actualmente que existe unha gran mobilidade en todos os aspectos, unha das súas características é a importación de novos materiais e, polo tanto, a aparición dunha variedade cada vez maior de acabados.Variedade que non ten que ser incompatible coa unidade, nin coa continuidade.

Polo que tiven esa primeira idea, unha idea que sabía con certeza que ía ser moi polémica. Sabía que ía selo, e iso, seguramente, tamén terá pesado no meu espírito, mais teño que dicir que a opción final polo revestimento en granito non respondeu a ningunha presión obxectiva, porque de feito non cheguei a presentar esa hipótese dunha forma claramente definida. Foi unha opción tomada con plena liberdade, con plena consciencia de que era, naquel caso concreto, a mellor solución.

Sobre as reformas de carácter temporal realizadas posteriormente no CGAC, hai que dicir que son reformas que acaban por caracterizar permanentemente o edificio, e iso é grave.

É unha situación totalmente desequilibrada da arquitectura do museo, porque as modificacións son constantes. É unha situación permanente de inestabilidade do propio edificio.

Iso responde, na miña opinión, a residuos dunha idea de museo que pertence ao pasado, como espacio neutro alterado con liberdade polos conservadores do museo e polos artistas e, polo tanto, un espacio sen carácter.



CENTRO MULTIUSOS DE VIGO, SECCIÓN LONXITUDINAL

En nome da liberdade, da flexibilidade, destrúese a idea de centro cultural. O feito que máis claramente ilustra a caída desa concepción de museo, o obsoletismo desa idea, é o illamento en que se encontra neste momento da cidade, que era a quinta esencia deste centro, con esa idea de relación coa cidade foi coa que se creou o CGAC.

Illamento que é en parte consecuencia da conclusión á que chegan os responsables do museo, sobre a dificultade que iso implicaba, os custes que supoñía e o empobrecemento das manifestacións artísticas; estas sinembargo, historicamente, foron realizadas, en boa medida, a partir desa mediación entre o espacio e a obra e, polo tanto, esa idea de museo desvinculado do propio espacio e da propia cidade, é unha idea do pasado, pero que polo visto aínda perdura nestes momentos no CGAC de Santiago.

Sobre o tema dos honorarios quero dicir que é un asunto lamentable. Eu xa escribín unha carta ao presidente da Xunta de Galicia. É un envarullo terrible, que pasa polo total impago do mobiliario que está deseñado e xa hai dous anos depositado no museo, e tamén polo impago de gran parte dos honorarios do proxecto de arquitectura.

O mobiliario foi no seu día encargado por vía dunha urxentísima chamada telefónica, unha vez, por motivos dunha visita da princesa Cristina e outra pola visita da raíña. Encargos que por suposto aceptei e hoxe en día os deseños dos mobles non só foron aceptados, senón que, de feito, o mobiliario está en gran parte, fisicamente no centro. Alí tamén están os deseños do resto do equipamento do museo.

Tamén teño que dicir que xa me preguntaron varios periodistas galegos por qué non deseñei o mobiliario da librería, ou sobre o equipamento que falta no auditorio que de feito funciona mal pola carencia de certas infraestructuras, ou polo mobiliario da biblioteca que é o corazón da vida do museo e, tamén, polo da cafetería. Isto lévame a pensar que se preguntan esas cuestións porque alguén dá a impresión de que son aspectos inacabados debido a que aínda non foron deseñados polo arquitecto.

Quero dicir que todo foi deseñado no mesmo momento que o resto do edificio e que non foi realizado porque non hai vontade de facelo, ou non sei por qué, pero en ningún caso porque eu non queira ou non realizara o meu traballo.

Por desgracia, esta deficiencia de certos equipamentos significa que é un museo obxectivamente morto, un museo non debe ser só o lugar para grandes instalacións e exposicións maxestuosas. O museo debe ser froito da actividade do día a día para o propio cidadán. Aquilo non debe ser só un museo, debe ser fundamentalmente un centro cultural. Nese aspecto non funciona ou funciona mal, e este é o caso, por exemplo, do auditorio. Non se pode concebir un centro cultural, sen unha biblioteca ou cun auditorio sen equipar ou sen unha documentada librería.

É lamentable, pero iso supón un gran perda para a cidade. Creo que só co presuposto dalgunhas exposicións se poderían pagar as infraestructuras precisas para conseguir que o museo funcione nese "día a día" de tan necesaria actividade cultural para calquera cidade.

Tamén hai outro tipo de problemas que pasan polo non cumprimento do contrato e, por tanto, polo impago de gran parte dos honorarios do propio proxecto de arquitectura, etc. etc., pero espero que todos estes serán simplemente asuntos meramente burocráticos que se resolverán nun breve prazo.

Pola contra, o asunto do proxecto do Centro de Multiusos é unha historia moito máis triste e que espertou á miña consciencia, que despois de tantos anos de actividade profesional aínda hai en min un compoñente de inxenuidade importante. Por un lado, pensei que podería ser un sinal de xuventude, de confianza e tamén de esperanza, aspectos estes, sempre positivos; pero por outro lado, tamén me recriminei a min mesmo por tanta infructuosa inxenuidade.

Teño que dicir que ao día seguinte desas noticias escandalosas aparecidas na prensa, no *Faro de Vigo,* recibín unha chamada telefónica do concello, dicíndome que o propio alcalde quería vir a Porto para falar comigo.

O alcalde, ao final, non apareceu; veu un concellal que me comunicou que lamentaba moito o publicado, que aquilo non reflectía de ningún modo a opinión do goberno municipal. Eu pedín que se realmente non expresaba a opinión do concello, debería publicarse inmediatamente un desmentido.

Eran varias as desinformacións aparecidas na prensa. A primeira era unha queixa sobre a lentitude do traballo. Teño que dicir que o traballo tivo un inicio que pasou por autoconvencerme primeiramente para facer o proxecto, que era algo que eu non quería desde o comezo, porque, unha vez máis, tiña un encargo suxeito ás datas das eleccións políticas, un prazo moi curto e coa esixencia engadida de ter que realizar o traballo en agosto, durante as vacacións de todos os meus colaboradores.

Finalmente, ante a gran insistencia, acabei por aceptar o encargo. E dado o período de vacacións do meu estudio, tiven que asociarme cun equipo de arquitectos italianos, con o que xa desenvolvera o mesmo programa para un centro semellante en Italia.

Decidín colaborar con eles por dúas razóns, a primeira, porque era un equipo co que eu traballara sobre o mesmo programa e, a segunda, porque diante da miña petición estaban dispostos a sacrificar as súas vacacións.

Traballamos moi intensamente durante todo o mes de agosto en Porto. O arquitecto Collová uniuse ao noso equipo e eu conseguin convencer aos dous arquitectos do meu equipo para perder as súas vacacións, ademais de autoconvencerme a min mesmo, aínda que isto xa non é unha gran novedade.

Comprometinme a entregar o traballo o 30 de setem-

CENTRO MULTIUSOS DE VIGO, PLANTA XERAL



bro e incluso llo confirmara ao propio presidente da Xunta de Galicia, Sr. Fraga Iribarne, nun encontro que tiven con el en Santiago onde me manifestou a súa preocupación polo tema.

O proxecto finalmente entregado é un proxecto realizado co máximo rigor e cunha resposta precisa a todas as normativas que existen relativas a un proxecto deste tipo.

Proxecto definido incluso coa axuda dunha maqueta non só volumétrica, senón con detalle de todos os espacios interiores, polo tanto, estudiada con gran precisión e que permitía a rápida elaboración dun posterior proxecto de execución.

Estes documentos foron entregados ao concello, ademais dun resumo ao presidente da Xunta, xunto a unha breve nota onde lle confirmaba o cumprimento do meu compromiso persoal. Documentación que eu teño agora interese en publicar, tan só porque me doe enormemente ver como se destrúe a verdade dunha forma salvaxe.

A pesar de ser un anteproxecto moi desenvolvido, foi presentado só como "estudio-previo", pola simple razón de que a pesar de ter xa realizado as consultorías precisas para a súa completa definición, co gabinete de enxeñeiros G.O.P. de Porto, non houbo, sen embargo, un cálculo final da estructura aínda que si un estudio da viabilidade de todas as solucións propostas e, así mesmo, do deseño do sistema de aire acondicionado, da iluminación e dos elementos mecánicos, etc., etc.

Toda a definición alcanzada sobre estes elementos, sen embargo, non se chegou a incluír como parte da documentación presentada, porque a miña intención era, e así llo comunicara ao concello, colaborar cun equipo de apoio de enxeñeiros e arquitectos de Galicia, xusto despois desta entrega do "estudio-previo". Por iso se chamou "estudio-previo", para permitir unha máis doada incorporación posterior doutros especialistas, aínda que en realidade as solucións técnicas xa estaban todas estudiadas e o nivel de definición correspondía, polo menos, ao nivel dun anteproxecto moi avanzado.

Ao inicio do traballo chegamos á conclusión de que a primeira solicitude para 12.000 persoas era inviable. Racionalmente inviable segundo a miña propia experiencia, a pesar de que tiña coñecemento de que tamén había outra proposta para 18.000. espectadores.

A miña resposta ao concello foi: "Só pode haber 6.500 asentos nunhas boas condicións" e, daquela, preciso saber se desexan que continúe co traballo, ou se non estivesen interesados na miña proposta, pararíamos o seu desenvolvemento naquel punto. O propio alcalde pediume persoalmente que continuase e, polo tanto, realicei o traballo coa asistencia practicamente permanente dun funcionario do concello, que ten un coñecemento exacto de cómo se desenvolveu todo este proceso.

Estou seguro que nesta decisión final do alcalde, debe ter pesado tamén o argumento que foi sinalado sobre a gran dificultade económica, especialmente en canto ao seu mantimento, en que se encontra por exemplo, o Pavillón de Barcelona, que estando localizado nunha cidade considerablemente de maior poboación que Vigo, acolle 15.000 localidades. Tamén a situación do precario funcionamento do Coliseum da Coruña, que ten 12.000 espectadores no seu aforo máximo. Creo que todo isto tivo que pesar na decisión final para pedirnos que seguísemos coa nosa alternativa de 6.500 asentos.

Ante a confirmación da nosa proposta, continuamos coa elaboración do proxecto para entregalo, finalmente, na data acordada.

Despois da entrega e transcorrido un tempo comecei a ter dificultades para localizar algún responsable do Concello de Vigo. Para, por último, chegar ás miñas mans esa noticia aparecida no periódico *Faro de Vigo*.

Posteriormente, tiven a entrevista xa mencionada co concelleiro de Vigo onde me confirmou que ía haber unha aclaración na prensa e, se fose necesario, incluso unha mesa redonda, e que me serían pagados os honorarios debidos, correspondentes ao "estudio previo" entregado.

Despois, todo isto se convertiu nunha gran polémica de prensa, basicamente política, e ata hoxe mesmo non tiven máis noticias.

Non teño nin idea como se pode resolver todo este asunto, pero unha cousa é certa, a miña posición é a seguinte: o meu traballo considéroo acabado. Creo que hai límites para a disculpa de responsabilidades por causas políticas, por escusas de loitas políticas.

Non se poden nin os proxectistas, nin ninguén, ver envoltos en problemas de loitas políticas.

O traballo foi entregado e para min as negociacións verbais teñen un gran valor, teñen o valor dun compromiso formal. Só sei que se me pediu acabar o traballo nunha data concreta e eu entregueino no prazo. Díxoseme que non había ningún inconveniente co contrato, pero dada a urxencia que non me debería preocupar, e que entregase o proxecto na data sinalada. Todo se podería resolver máis adiante.

Aínda hoxe non lin desmentido algún ao respecto e, polo tanto, dado o tempo transcorrido, terei que chamar a atención sobre este asunto.

A única noticia que lin nos periódicos a modo de disculpa, foron unhas declaracións do alcalde, onde dicía: "Siza Vieira é un grandísimo arquitecto, aínda que non correspondeu ás nosas peticións neste asunto, pero axiña lle faremos entrega doutro proxecto".

É evidente que eu non quero aceptar ningún outro proxecto de ningún tipo, pero si que reclamo aquilo que foi comprometido, ademais dunha reparación moral, xa que, como tantas outras veces, se di: "Foron os xornalistas, que non interpretaron ben o sentido das nosas palabras". Creo que é obrigada unha reparación moral cara á miña persoa e cara ao meu traballo, e quero que o propio goberno municipal decida en qué ten que consistir.

Debo dicir, tamén, que recibín hai uns días, anque aínda non tiven a oportunidade de responder, unha



CENTRO MULTIUSOS DE VIGO, MAQUETA

carta que me deu unha gran alegría, unha carta de solidariedade por parte do Colexio de Arquitectos de Vigo.

*Se ao final resultase que o problema do recubrimento da fachada do CGAC é un problema da calidade da pedra, ¿reconsideraría a solución do mármore como a súa primeira proposta, substituíndo o granito existente?*

Eu non creo que o problema sexa a calidade da pedra, a pedra limpouse recentemente e creo que ademais se lle aplicou un material de protección, e neste momento o seu aspecto é optimo. O problema é que cando hoxe se usa o granito non con trinta ou corenta centímetros de espesor, senón con seis centímetros por obvias razóns económicas, xorden problemas deste tipo, pero tamén xa hai solucións a ese problema, existen distintos tipos de proteccións e se a protección aplicada agora tras a limpeza foi a axeitada, creo que o problema debería considerarse resolto, aínda sendo conscientes de que é unha protección que hai que renovar cada certo tempo.

Pero a verdade é que todos os edificios de Santiago, como os de calquera outra cidade, están afectados polo tempo, no sentido visual están ennegrecidos, e límpanse periodicamente ou decídese manter esa pátina. No momento actual isto agrávase polo aumento da polución nas cidades e, no caso de CGAC., existe ademais, como ben sabes, unha cheminea dunhas caldeiras moi próxima que, sen dúbida, debe empeorar aínda máis este fenómeno, pero eses son problemas xerais de todas as cidades. Habería que facer un esforzo grande para reducir a contaminación, non só en Compostela, senón en calquera cidade, o problema é xeral. Se non non se entendería como Malraux en París, hai tempo, mandou limpar todos os edificios, a pesar de que neses edificios a pedra fora usada á maneira clásica, propia do seu tempo, con toda a gama de molduras, goteróns, etc. etc. e malia iso, todos estaban ennegrecidos.

Existiron críticas sobre o deseño do museo de Santiago nas que atribuían o ennegrecemento da fachada á ausencia desas molduras e demais elementos tradicionais, pero en París existían todos eses elementos e, así a todo, Malraux sentiu a necesidade de limpalos. Certamente, isto sucede en todas partes e implica a necesidade de manter os edificios limpos e, tamén, a urxente necesidade de controlar a polución, non só porque se emporquen as construccións, senón, ademais, porque os pulmóns das persoas sofren.

*¿Pensa que este conxunto de polémicas son froito, quizais, dunha realidade diferente da arquitectura en Galicia, froito, se cadra, de certo minifundismo político?*

Non, non quero que de todo isto quede a idea de que eu considero a Galicia un terreo impropio.

Por desgracia, situacións parecidas son tamén experiencias de Portugal, e mesmo doutros países europeos.

É un feito que hai unha tendencia hoxe para considerar o arquitecto como "o deseñador" (*), alguén que debuxa aquilo que lle piden, alguén capaz de conseguir un permiso municipal e cando chega o momento da materialización, cando se toman todas as decisións sobre o modo de construcción, ao arquitecto non se lle concede nin o dereito a opinar. O arquitecto convértese así nunha peza dun sistema, nunha engrenaxe dentro dunha máquina.

A autoría, os dereitos de autoría, nin sequera son sempre recoñecidos.

O respecto polos mesmos contratos tal como foron estipulados, non son sempre cumpridos, incluso polos gobernos dos estados.

Non está nada claro que é o que pode substituír á figura do arquitecto. Hai unha idea desatinada, que argumenta que o único que conta é a lei do mercado, a libre competencia. Todo isto, leva á desaparición de calquera norma, á non existencia dunha ética profesional.

Esa idea está invadindo todos os campos da actividade profesional, non só o da arquitectura. Pero para algúns xa está máis que probada a súa cativeza, o seu nulo valor como alternativa.

É unha situación xeral, non é unha situación específica de Galicia. De ningún modo quero que quede esa impresión.

*Agora está traballando nunha escultura para exhibir na próxima exposición de ARCO pola galería Darío Ramos, ¿é iso un intento de recuperación do seu traballo como escultor, ou procura, quizais, un distanciamento da arquitectura?*

O que quero ser agora é escultor; era o que eu desexaba e que está cada vez máis nas miñas ansias, por todas as condicións que, cada día máis, rodean o traballo do arquitecto. O traballo do arquitecto está a convertirse nun sacrificio enorme, e sobre todo, nun sacrificio inútil.

Sempre mantiven unha actividade paralela, principalmente máis próxima ao debuxo como pura actividade artística, nun intento de liberación desta dura práctica da actividade do arquitecto; pero ultimamente, ademais, recibin algúns encargos neste sentido, algo que coincide cun desexo propio, por iso estou recuperando esta parte da miña actividade.

*¿Como definiría a escultura que vai expoñer?*

É a proposta de ocupación dun espacio de 5x5x3.6 m. Un espacio definido dentro dunha gran nave por uns paneis de 3,60 m. de altura.

O tema que escollín para esta instalación é o mito de David e Goliath. Na proposta final hai un xogo coas diferencias de escala; a figura de David en ferro de fundición ten 1.50 m. de altura, e a figura de Goliat, unha peza realizada con restos de ferro vello e de madeira, ten 3.60 m. de alto.

Hai tamén unha mesa de grandes dimensións, por riba da altura dun observador, que está ademais algo inclinada e que permite a visión do fondo detrás dela. Sobre esta mesa, descansa a figura de David e á beira está Goliath da mesma altura que os paneis que o encerran, xunto a unha mesa mínima de tan só 70 centímetros de alto. Hai





unha relación de escalas entre varias das pezas.

A pesar de que iniciei o estudio desde unha solución naturalista e nese sentido son todos os meus primeiros deseños, cheguei á conclusión de que este camiño non levaba a ningures.

Comecei a realizar as miñas primeiras experiencias nunha ferrería onde puiden traballar con pezas de refugallo, en aceiro e en ferro fundido. Empecei a formalizar obxectos con restos de máquinas e así comezaron a aparecer seres moi diversos.

É un traballo fascinante, cando un ten a posibilidade de estar un tempo nun almacén de chatarra, comezan a aparecer animais, persoas. É algo abraiante. A suxestión que producen estas máquinas antigas é incrible. Por exemplo, cun dos arados antigos, de moi diferente dimensión, comecei a traballar sobre unha figura que cabalga enriba dun touro; é impresionante a suxestión que xera todo isto.

Practicamente todas son pezas utilizadas directamente, coa técnica do "objet trouvé", sen máis transformación que a unión, normalmente soldada. O problema principal é encontrar esas pezas coa potencialidade buscada.

É unha experiencia fascinante. E a partires deste traballo están a xurdir outras experiencias arredor da escultura.

¿Acaso Carlos, non é isto mellor que a arquitectura?

Porto, 26 de decembro de 1997.

# COMPLEXO PAROQUIAL DO MARCO DE CANAVEZES

Arquitecto: **Álvaro Siza.**
Colaborador principal: **Edite Rosa**
Colaboradores: **Miguel Nery, Tiago Falcão, Rui Castro, Chiara Porcu, Paul Scott.**
Promotores: **Paróquia de Fornos.**
Constructor: **Empreiteiros Casais, S. A.**
Inxenieiros: **GOP Lda.-Eng. João Maria Sobreira**
Data do proxecto: **1990.**
Remate da obra: **1994/96.**
Situación: **Fornos, Marco de Canavezes, Portugal.**
Fotografías: **Juan Rodríguez, Luis Ferreira Alves, Xan Casabella López, Teresa Siza.**

**1. Implantação**

O Complexo Paroquial será construído à margem da Av. Gago Coutinho, em terreno limitado por esta Avenida, por um caminho pedonal de acesso ao Infantário, pelo Lar de Idosos da Misericórdia e ainda por um conjunto de moradias unifamiliares em banda.

O terreno disponível tem cerca de 5.470 m² e está dois metros elevado em relação à Avenida. Aumenta de cota no sentido Nascente-Poente, com uma variação entre a cota 94.00 e a cota 98.00.

A cota intermédia (-95.00) constitui o nível de acesso aos edifícios a construir. Ligeiros movimentos de terras estabelecerão a concordância com as cotas actuais a manter.

**2. Programa**

O programa do Complexo projectado responde em pormenor ao pré-programa apresentado pela Comissão Fabriqueira. Distribui-se por três edifícios de dois pisos, designados por A e B (Igreja e Capela Mortuária), C (Auditório e Catequese), e um terceiro de três pisos, D (Residência Paroquial).

O desenho anexo nº 1 (Planta de Localização), à escala de 1/500, é acompanhado de uma legenda de identificação dos edifícios existentes e a construir.

**3. Relacionamento com o Existente**

Os edifícios designados por A e B, C e D, articulam-se entre si e em relação às construções envolventes de forma a definir um Adro central, resultante de um tecido pré-existente e consolidado pelos novos volumes.

O relacionamento proposto confere ao corpo da Igreja o papel de polo aglutinador, cabendo aos dois restantes corpos a aproximação à escala pré-existente.

**4. Acessos**

O acesso à plataforma de implantação do Complexo é feito, a Nascente, por uma rampa e uma ampla escadaria de dois patamares; e a Poente por um arruamento municipal existente. Para além disso, prevê-se um acesso à Capela Mortuária, directamente a partir do terreo adjacente, propriedade da Santa Casa da Misericórdia.

**5. Enquadramento Urbanístico**

O significado deste Complexo Paroquial para o Marco de Canavezes aconselha a adopção de algumas



PLANTA DE LOCALIZAÇÃO

medidas, tendentes a garantir o seu equilibrado enquadramento, enquanto parte constituinte da paisagem urbana e enquanto Edifício Público e Sacro.

Neste sentido, propõem-se as seguintes medidas:

a) reformulação do perfil transversal da Av. Gago Coutinho, junto ao lote Complexo, aumentando a faixa pedonal, por redução da faixa de veículos;

b) ligeira alteração na rampa de acesso ao conjunto de moradias em banda, para regularização e ajardinamento da área que confina com o posto de abastecimento de gasolina;

c) deslocamento do Posto de Transformação existente, de modo a permitir uma melhor relação entre as construções confinantes;

d) utilização de uma parte do terreno pertencente à Santa Casa da Misericórdia, a fim de permitir a existência de um Adro à cota e à margem da Avenida, com acesso à Capela Mortuária e à plataforma superior.

Estas medidas são da maior importância, considerando, sobretudo as condições de segurança de peões e a necessidade de um enquadramento apropriado à importância cìvica e religiosa do Complexo.

No desenho anexo nº 2 (Planta de Sobreposição), à escala de 1/500, representa-se, em sobreposição, o estado actual e as alterações propostas.

**6. Descrição dos Edifícios designados por A e B, C e D**

6.1. Edifício A e B (Igreja e Capela Mortuária)

6.1.1. Igreja

a) A planta da Igreja é rectangular e de uma só Nave, com a profundidade máxima de 30 m e largura e altura iguais (16.50 m).

O Acesso Principal e o Altar situam-se, respectivamente, nos extremos Sudoeste e Nordeste do eixo longitudinal da Nave.

b) O vão de 3 m de largura por 10 m de altura da porta de entrada inscreve-se numa fachada quadrada de 17.50 m x 17.50 m, tripartida, avanço de dois corpos laterais, com a dimensão, em planta, de 6x5 m.

c) O espaço do Altar está assinalado por uma diminuição de largura relativamente à Nave, e pela forma interiormente convexa e exteriormente côncava das paredes laterais; pela elevação de 0,45 m da respectiva plataforma, relativamente ao piso da nave; e ainda por um prolongamento lateral com pé direito de 5 m.

d) O Altar ocupa a posição central, estando rodeado pelo Ambão e pela Cadeira Presidencial, ligeiramente avançados no sentido da Nave.

Duas cadeiras para os Ministros ou Concelebrantes estão adossadas à parede lateral e alinhadas pelo



Altar. A Reserva Eucarística encontra-se no limiar do espaço de alargamento a Noroeste, sobre uma base de pedra.

e) O Baptistério encontra-se junto à entrada principal, ocupando toda a altura de um dos volumes avançados da fachada. O segundo volume avançado é ocupado pela ante-câmara da entrada lateral e pela escada de acesso ao órgão e aos sinos.

f) Sacristia, Cartório, Confessionários e Sala de Reuniões, bem como o espaço em prolongamento lateral do Altar e a escada e ascensor de acesso à Capela Mortuária, ocupam um volume de planta rectangular de 5x25 m e de 5 m de pé direito, adossado ao corpo da Igreja.

g) Os lugares sentados, em número de 400, alinham-se simetricamente em relação a um corredor central de 3 m, separados das paredes por corredores de 2 m de largura. Junto aos três degraus do Altar e lateralmente prevê-se uma diferente colocação das cadeiras, a qual assinalará o espaço do Coro.

h) A iluminação natural da Nave depende dos seguintes elementos arquitectónicos:

– 3 aberturas de 3.5 m de largura x 5 m de altura na parede lateral Noroeste e junto ao tecto, de profundidade grande e variável, pela introdução de uma parede dupla interior curva.

– abertura horizontal contínua, de 16 m de comprimento x 0.50 m de altura, com peitoril a 1.3 m. do piso, ao longo da parede lateral sudeste.

– chaminé de iluminação por trás do Altar, a qual igualmente ilumina a Capela Mortuária, sendo o vão de iluminação não visível.

– Porta Principal, eventualmente aberta.

6.1.2. Capela Mortuária

A Capela Mortuária encontra-se sob o piso da Igreja e ao nível dos terrenos a Norte do Complexo (cota 88.10 m.).

Está directamente ligada à Igreja por escada e ascensor. O acesso principal é feito a partir do jardim à cota 87.60, sendo mediado por um Claustro e respectivas alas cobertas. A partir deste Claustro prevê-se igualmente um acesso à plataforma da Igreja.

O pé direito da Capela e das instalações anexas é de 6.00 m.

6.2. Edificio C (Auditório e Catequese)

O Auditorio e Catequese desenvolve-se, em planta, em torno de um pátio aberto a Norte, em frente da fachada da Igreja e em prolongamento do Adro; limita duas das faces deste pátio, sendo a terceira ocupada pela Residência Paroquial (edificio D).

Ocupa dois pisos da ala Noroeste, subdivididos de acordo com o Programa proposto:

a) área social constituída por átrio, zona de convívio, bar, auditório para 240 pessoas e sala de jogos.

b) instalações para ensino de Catequese e Administração.

6.3 Edifício D (Residência)

A Residência completa, a Poente, a definição do pátio de acesso ao Centro Paroquial. Ocupa três pisos, de cujo pé direito resulta uma cércea igual à do Centro. Por adaptação à topografia do lote, o primeiro piso é parcialmente enterrado e destina-se a átrio, sala de atendimento e instalações de serviço. Nos restantes pisos situam-se sala de jantar, cozinha e anexos (piso 2) e quatro quartos e instalações anexas (piso 3).

O espaço exterior privativo da Residência está subdividido segundo dois níveis: pátio de serviço à cota 95.14 e jardím à cota 98.74. Garagem e arrecadação, com acesso pela via existente do lado Sul, completam o Programa.

**7. Construção**

a) Prevê-se a construção de paredes exteriores estruturais e lajes em betão armado e a utilização de paredes duplas exteriores em tijolo para rebocar e caiar.

Os muros de suporte, os embasamentos dos edifícios e os pavimentos exteriores serão em granito. Os volumes brancos do Complexo elevar-se-ão sobre esta sólida base, entre a vegetação que envolverá toda a plataforma.

b) Os acabamentos interiores serão em estuque (paredes e tectos), azulejo ou mármore (zonas de água) e madeira, granito ou mármore (pavimentos). A cobertura será em zinco com isolamento térmico, igualmente previsto nas paredes exteriores.





ALÇADO SUDOESTE







LEGENDA - ÁREAS BRUTAS E ÁREAS ÚTEIS PARCIAIS

| | | | |
|---|---|---|---|
| A - IGREJA | 732.0 m² | C - AUDITÓRIO E CATEQUESE (pisos - 1 e 1) | 1012.0 m² |
| 1 - ENTRADA PRINCIPAL | | 20 - ENTRADA DA CATEQUESE 24.0 m² 18.0 m² | 26.0 m² |
| 2 - NAVE | 365.0 m² | 21 - SALA | 74.0 m² |
| 3 - ENTRADA | 22.0 m² | 22 - SALA | 9.0 m² |
| 4 - BAPTISTÉRIO | 22.0 m² | 23 - ENTRADA AUDITORÍO/CINVÍVIO | 130.0 m² |
| 5 - ALTAR | 150.0 m² | 24 - FOYER | 49.0 m² |
| 6 - DISTRIBUÇÃO / CONFISSIONÁRIOS | 14.8 m² | 25 - BAR | 134.0 m² |
| 7 - SALA DE REUNIÕES | 14.8 m² | 26 - AUDITÓRIO | 60.0 m² |
| 8 - CARTÓRIO | 14.8 m² | 27 - PALCO | 23.0 m² |
| 9 - SACRISTIA | 14.8 m² | 28 - CAMARINS | |
| 10 - MONTA CARGAS | | 29 - ACESSO Á CAVE | |
| 11 - ACESSO Á CAPELA MORTUÁRIA | | 30 - ARRECADAÇÃO | |
| S - SANITÁRIOS | | 31 - DISTRIBUÇÃO | |
| | | 32 - ARRECADAÇÃO | |
| | | 33 - APOIO AO AUDITÓRIO | |
| | | S - SANITÁRIOS | |

| | |
|---|---|
| D - RESIDENCIA (piso 1) | 139.2 m² |
| 44 - ENTRADA | 15.6 m² |
| 45 - ATENDIMENTO | 15.6 m² |
| 46 - LAVANDARIA | 14.6 m² |
| 47 - QUARTO DE SERVIÇO | 11.3 m² |
| 48 - ARRUMOS | |
| 49 - PÁTIO | 36.0 m² |
| 50 - ARRECADAÇÃO | 9.0 m² |
| 51 - ENTRADA DE SERVIÇO | |
| S - SANITÁRIOS | |



LEGENDA - ÁREAS BRUTAS E ÁREAS ÚTEIS PARCIAIS

| | | | |
|---|---|---|---|
| B - CAPELA MORTUÁRIA | 452.0 m² | C - AUDITÓRIO E CATEQUESE (piso 2) | 810.0 m² |
| 11 - PORTÃO | | 34 - DISTRIBUÇÃO | 31.6 m² |
| 12 - ENTRADA | | 35 - SALA 18.5 m² 25.7 m² | 10.9 m² |
| 13 - LIGAÇÃO AO EXTERIOR | | 36 - GABINETE | 10.9 m² |
| 14 - ÁTRIO | 82.6 m² | 37 - GABINETE | 23.0 m² |
| 15 - ESPERA | 69.7 m² | 38 - CAMARINS | 124.0 m² |
| 16 - CAPELAS | 163.0 m² | 39 - SALÃO DE JOGOS | |
| 17 - ARRECADAÇÃO | | 40 - LIGAÇÃO AO PISO 1 | |
| 18 - PÁTIO | | 41 - LIGAÇÃO | |
| 19 - COBERTO | | 42 - CABINES | 14.3 m² |
| S - SANITÁRIOS | | 43 - LIGAÇÃO AO EXTERIOR | |
| | | S - SANITÁRIOS | |

| | |
|---|---|
| D - RESIDENCIA (pisos 2 e 3) | 327.0 m² |
| 52 - SALETA | 11.6 m² |
| 53 - SALA DE JANTAR | 21.88 m² |
| 54 - SALA DE ESTAR | 44.0 m² |
| 55 - COZINHA | 30.3 m² |
| 56 - DESPENSA | 2.7 m² |
| 57 - LOJA | 34.8 m² |
| 58 - JARDIM | |
| 59 - QUARTO 15.5 m2 | 16.9 m² |
| 60 - ANTECÂMARA | 2.8 m² |
| 61 - GARAGEM | 38.8 m² |
| S - SANITÁRIOS | |





PLANTA DO PISO 1



PLANTAS DO PISO 1 E - 1A





PLANTA DO PISO 1 JUNTO A COBERTURA E
PISOS INTERMÉDIOS DA TORRE SINEIRA

*OBRADOIRO*



CORTE TRANSVERSAL 2-2





CORTE LONGITUDINAL 1-1



CORTE 9-9
(ALÇADO NOROESTE)







CORTES LONGITUDINAIS 5.5 E 6.6






SALGUEIROS
300
Ruinas
FONTAO Y VILAR
RUA
250
250
Mosteiro
de
Carboeiro
300
Ponte dos Min
350
400
PENA DE LA CRUZ


N
BAR
ALMACEN
0
50
100 m.
ESCALA GRAFICA

# O POBLADO INDUSTRIAL DAS MINAS DE FONTAO (PONTEVEDRA)
## César Cort Gómez-Tortosa, arquitecto autor proxecto, Joaquín Basilio Bas, arquitecto director de obra.

**XOSÉ LOIS MARTÍNEZ SUÁREZ, arquitecto.**
Fotografías: **X. L. Martínez Suárez (1984), Margen fotografía (1998), (1, 2, 12, 13).**
Delineación: **Xosé Ramón Ramos García.**

A beira da aldea de Fontao, no término municipal de Vila de Cruces e moi preto do mosteiro de Carboeiro, érguese nunha gran esplanada o poboado das minas de Fontao, un dos exemplos máis significativos de poboado industrial construído en Galicia ao longo do século XX.

Promovido pola empresa "Minas de Estaño de Silleda-Fomento Hispania, S.A." foi proxectado polo arquitecto César Cort Gómez-Tortosa en xullo de 1.954, sendo construído entre 1.955 e 1.958, baixo a dirección de obra do arquitecto pontevedrés Joaquín Basilio Bas.

### UNHA **INDUSTRIAL-VILLAGE** NO CORAZON DE GALICIA

O "poboado industrial" das minas de Fontao pertence ao tipo de asentamento de nova creación dos que as primeiras experiencias xorden ao longo do século XIX, como unha consecuencia máis das revolucións industriais e urbanas; estes poboados coñécense cos nomes de **industrial-village** (Inglaterra), **cité ouvriére** (Francia), **arbeiter kolonien** (Alemania), **company town** (USA) ou **poboado industrial**.

A orixe destes poboados vai ligada á necesidade de dar aos traballadores unhas mínimas condicións de habitabilidade nas súas vivendas en zonas de explotación de recursos, alonxadas de núcleos importantes de poboación, pero próximas ás fontes enerxéticas e de extracción de materias primas.

Ao lado de xacementos mineiros ou de cursos de auga, pero sempre alonxadas de asentamentos urbanos de importancia, os poboados industriais constitúen unha das experiencias máis significativas do urbanismo decimonónico.

Promovidos, nuns casos, por industriais filántropos e, noutros, por socialistas utópicos, na súa materialización conflúen dúas liñas de actuación tan dispares como as dos industriais capitalistas e as dos utopistas.

Giorgio Piccinato na súa obra La construcción de la urbanística. Alemania 1871-1914, pon de manifesto esa atenuación das diferencias entre as iniciativas derivadas das experiencias dos utopistas e as realizacións edificatorias dos industriais filántropos:

Unhas e outras propoñen modelos de organización espacial substancialmente antiurbana, unha estructura de servicios autosuficiente, polo menos, en termos esenciais, unha edilicia de baixa densidade rica en xardíns públicos e privados.

Queda, certamente, unha pequena diversidade orixinaria: As propostas utópicas implican a todo o organismo social, mentres que os barrios obreiros teñen o único obxectivo de estabilizar a man de obra e atala máis estreitamente á sorte da empresa, aínda que imperen os salarios baixos. (1)

Desde os experimentos modélicos de Robert Owen nos muíños de New Lamark (1800), ata as experiencias das cidades fábrica na área do West Riding-Yorkshire cos exemplos de Akroydon (1850) e Saltaire (1851), ou as experiencias francesas de Mullhouse (1835-1853) e Le Creusot (1860-1920), ou as alemanas da man da iniciativa dos Krupp en torno á cidade de Essen... móstrannos toda unha serie de experiencias nas que xa aparecen claramente diferenciados tres dos elementos claves da cidade moderna: **a industria, a residencia e os equipamentos** (escola, centro social, tendas, parques, etc.).



1

As industrial-village son auténticos bancos de experimentación na utilización de regulamentos e estándares que constituíron as bases da disciplina urbanística, sistematizada no último cuarto do século XIX.

As reflexións tipolóxicas no campo da vivenda obreira, os traballos sobre a vivienda mínima, a organización espacial dos complexos residenciais e a investigación sobre novos tipos de relacións entre o privado e o público, a casa e a rúa, o xardín privado e os espacios comúns... son temas nos que traballaron, entre outros, Raymond Unwin e Barry Parker, difusores da práctica da cidade-xardín en Inglaterra, e que terían na experiencia de New Earswick (1.902) a primeira realización das súas teorías publicadas anos despois, en 1.912, nun dos textos emblemáticos do urbanismo do século XX: A práctica do urbanismo (Town planning in practice). (2)

En Galicia, a pesar da industrialización tardía, xurdiron xa ao longo do século XX as realizacións de poboados ligados a explotacións mineiras como é o caso de Fontao, As Pontes de García Rodriguez..., ou ligados a grandes encoros productores de enerxía eléctrica, nas concas do Sil ou do Miño.

WOLFRAM E POBOADO

O poboado nace ligado á explotación das minas de wolfram, mineral estratéxico na producción de armamento nos anos anteriores e posteriores á segunda guerra mundial, nos que alcanza a súa máxima actividade. Xa a mediados dos anos cincuenta comeza a crise pola caída dos prezos do wolfram, iniciándose un progresivo despoboamento da zona, de tal xeito que o que anos antes era un fervedoiro de actividade, con máis de 2.000 persoas, pasa a converterse nun poboado pantasma totalmente baleiro, situado nun contorno rural dunha gran beleza.

Fronte á forma de asentamento tradicional da aldea de Fontao, concentrado en torno á serpeante rede de camiños agrícolas, xorde a marca racionalizadora do novo poboado nunha clara contraposición entre o crecemento orgánico e a planificación urbanística.

As partes do novo poboado son facilmente identificables e pódense distinguir nelas, a área residencial, a zona dos equipamentos e servicios e, máis separadas, a zona de instalacións mineiras, almacéns, etc.

A área residencial ou de vivendas sitúase na parte máis elevada, en contacto co núcleo rural cara ao que converxe, dándolle, sen embargo, as costas.

A área de equipamentos e de servicios, adxacente ás vivendas, sitúase na parte inferior, na zona máis próxima á estrada xeral, pero separada dela por unha gran pendente.

Por último, a industria de extracción do mineral atópase na zona máis baixa, próxima ao leito do río Deza.

A ZONA RESIDENCIAL:

É a máis setentrional, está situada na parte máis elevada, en contacto co núcleo preexistente da que o separa un antigo camiño rural.

Hai tres tipos edificatorios que corresponden a:

A. Vivendas para obreiros.
B. Vivendas para capataces.
C. Vivendas para técnicos.

As vivendas para obreiros agrúpanse en longos bloques lineais de dúas plantas que totalizan 120 vivendas.

As vivendas para capataces apoianse no camiño de acceso ao poboado e dispóñense nun bloque lineal de dúas plantas con dúas vivendas cada unha, resultando catro vivendas.

As vivendas para técnicos resólvense nun único edificio de planta baixa no que se distribúen dúas vivendas paredadas.

A. VIVENDAS PARA OBREIROS

Esta zona residencia é a máis contundente do conxunto, dotándoo dunha imaxe "urbana" a partir da utilización dun tipo arquitectónico único e dunha disposición que, formando rúas de 8 m. de ancho, remata nun gran espacio ou esplanada que se abre á paisaxe dos montes de Carboeiro.

Hai unha colocación de vivendas que se realiza de forma perpendicular ás curvas de nivel a partir da utilización dun bloque lineal tipo de 70,60 m. de lonxitude e 7,87 m. de ancho.

Catro filas de bloques lineais tipo, con dous bloques en cada unha, compoñen a totalidade do conxunto. Rúas de 8 m. de ancho separan cada fila de bloques, en tanto que no centro e cortando o conxunto das 4 filas disponse unha rúa de 15 m. de anchura.



Cada bloque lineal tipo está composto de dúas plantas con 8 vivendas por planta, dispostas en 4 grupos simétricos de dúas vivendas por planta cada un. Esta disposición posibilita o xogo de recuados que coinciden cos accesos ás vivendas, ao mesmo tempo que van absorbendo o desnivel existente.

Cada vivenda ocupa unha superficie construída de 66 m$^2$ e distribúese a partir de dúas coxías de 3,60 m. de luz, nas que os dous muros perimetrais e o muro central serven de apoio aos forxados realizados con estructura de formigón armado.

Cada unha das coxías será, á súa vez, subdividida pola tabiquería para dar cabida a tres dormitorios no caso da coxía SE., mentres que na NO se sitúa un pequeno vestíbulo, un aseo e unha cociña-comedor.

A división dun dos bloques tipo á metade fai que o conxunto de 7,5 bloques acolla a cantidade de 120 vivendas para obreiros, nas que se fai patente a vontade de soleamento, ventilación e iluminación de todas as pezas, así como a disposición dun pequeno aseo (váter, lavabo e ducha) que as dota das condicións hixiénico-sanitarias precisas, todo conseguido coa dobre fachada sobre as rúas do poboado.

Os accesos das 4 vivendas de cada grupo "sinalízanse" a partir dun pequeno recuado de 1,50 m. na parte central do grupo, o cal permite dispoñer dunha escaleira de dous tramos de 0,75 m. cada un, que dan acceso ás dúas vivendas da planta superior.



2

B. VIVENDAS PARA CAPATACES

As 4 vivendas para capataces forman un único edificio de dúas plantas con dúas vivendas cada planta. Ocupan en planta un rectángulo de 20,60 m. de fronte e 8,35 m. de fondo.

Cada vivenda ten unha superficie construída duns 85 m$^2$, nos que se distribúen un vestíbulo, unha cociña-comedor, 4 dormitorios, un baño, un lavadoiro e unha despensa.

Cada vivenda ten acceso independente, pero mentres as da planta baixa téñeno directo desde o camiño, as da planta alta teñen o acceso pola fachada traseira.

C. VIVENDAS PARA TÉCNICOS

Un terceiro tipo de vivenda é o destinado aos técnicos, ocupan un edificio de planta baixa de 29,20 m. de fronte e 8,71 m. de fondo, no que se distribúen simetricamente as dúas vivendas: pórtico, vestíbulo, despacho, 4 dormitorios, cociña e despensa, aseo, cuarto de baño e estar-comedor.

Tanto o edificio destinado a vivendas de capataces como o destinado aos técnicos sitúanse paralelos ao camiño de acceso ao poboado e perpendiculares aos bloques lineais das vivendas para obreiros.





CINE E TENDAS

Fronte ás vivendas, e ao outro lado do camiño, constrúese o edificio destinado a cine e a tendas; un volume importante resolto a base dun corpo central cunha gran cuberta de fibrocemento que cobre a sala, e dun conxunto de edificacións de planta baixa con cubertas planas que, rodeando o volume principal, cobren os espacios destinados a tendas, perruquería, administración e aseos.

Longas franxas acristaladas separan as cubertas planas dos muros de cerramento, ao mesmo tempo que as aperturas dos locais traseiros ocupan unha parte importante da súa superficie dotando o conxunto dunha rigorosa composición na que os planos dos macizos e os planos acristalados son utilizados dun xeito plástico, tipicamente racionalista.





A GRAN ESPLANADA, A IGREXA,
E A AGRUPACIÓN ESCOLAR

O elemento espacial máis significativo do conxunto é o espacio aberto a modo de gran esplanada desde a que se percibe a inmensidade da paisaxe que rodea o lugar.

Un gran plano practicamente horizontal de 61,50 metros de profundidade e 50 metros de ancho, provocado artificialmente a partir de grandes movementos de terra, serve de plataforma sobre a que se ergue, ao fondo, o edificio que lle dá fronte: **a igrexa**.

A un lado e a outro da gran esplanada sitúanse o campo de deportes e a agrupación escolar co grupo escolar e a casa do mestre, en ambos os dous casos a unha cota moi inferior.

A IGREXA

Instálase como edificio illado, separado de todos os demais, pero que serve de referente principal no conxunto da esplanada.

Ao ser o único edificio, situado sobre a verde plataforma, ao que se accede desde o gran plano horizontal, a igrexa aprópiase, en certo xeito, deste espacio que pasa a converterse nun espacio construído como "fronte da igrexa", nun auténtico adro; a esta sensación contribúen dous feitos:

– por un lado, as catro ringleiras de vivendas en ningún caso dan fronte ao espacio da esplanada, xa que ao posicionarse perpendiculares a el, ofrécenlle as paredes laterais cegas das últimas casas.

–por outro, o feito de que tanto os diferentes edificios da agrupacion escolar como o propio campo de futbol se sitúen nun plano sensiblemente máis baixo que o da esplanada.

Deste xeito, ao saír das encaixonadas rúas provócase unha dilatación do espacio ante a ausencia de referentes laterais, abríndose a plataforma á paisaxe, á natureza da que participa, facendo que o edificio da igrexa sexa visto como un elemento referencial: a igrexa recórtase sobre o fondo paisaxístico, sobre a natureza, permitíndonos ver con claridade, por un lado, a escala arquitectónica do edificio e, por outro, a grandiosa inmensidade do espacio natural.

Ao volume limpo e abstracto do edificio engádenselle outros dous elementos fundamentais: unha delicada pérgola de 22 m. de lonxitude e 2,36 m. de alto que,









fronte á igrexa, recorre ao longo o fondo da gran esplanada, construída a partir da repetición dun módulo de 2,20 x 2,46 m. de 4 piares metálicos de dobre T 100x45 mm., a penas perceptibles, sobre os que apoia unha placa corrida de 15 cm. de espesor ao longo dos 22 metros de fronte. Esta pérgola introduce unha finísima liña horizontal, paralela ao plano do terrreo, que ao tempo que marca un límite no espacio da gran esplanada, non impide a visualización dos lonxanos montes de Carboeiro que destacan no horizonte coas súas sinuosas formas recortándose sobre a liña horizontal da pérgola. Un segundo elemento a destacar é a torre do campanario cunha planta en cruz que se ergue ata 10 m. de altura, nunha posición en esquina, fronte á pergola, ao xeito de "campanile", contrapunto do plano horizontal da pérgola.

Tras a pérgola sitúase a igrexa, volumetricamente sinxela, sen grandes pretensións formais, ao xeito da arquitectura finlandesa coetánea.

Fronte á opacidade da fachada, ocupada totalmente polas cinco grandes portas de madeira de 3,60 m. de altura, condúcesenos a un espacio interior de planta trapezoidal que se vai reducindo desde os 10,45 m. da embocadura ata os 6 m. de ancho na zona do altar.

Tras o altar, a gran cristaleira transparente, na que se despeza unha gran cruz, introduce a natureza dentro do edificio convertíndoa en obxecto de culto. Cómo non lembrar o maxistral traballo de Kaija e Heikki Sirey na



12



13



capela de Otaniemi (Finlandia) construída en 1.957![3]. A cruz recórtase sobre a gran superficie vidrada de 7 m. de altura e 3 m. de ancho, transparente e aberta á paisaxe, introducíndoa no interior do edificio.

Entre o altar e a cristaleira unha escaleira dá acceso, na parte inferior, á sacristía que se sitúa baixo o mesmo altar.

Abstracción e natureza encóntranse no interior do espacio relixioso a unha escala na que a natureza é reducida a un fondo visual enmarcado nos límites da gran cristaleira. Abstracción e natureza conflúen no gran espacio da esplanada, pero aquí a arquitectura é un elemento que está rodeado, que se mergulla, como unha pequena peza na inmensidade do espacio natural.

A AGRUPACIÓN ESCOLAR

A zona escolar do poboado industrial está composta por dous elementos: as aulas, e a vivenda do mestre. Ambos están diseñados como un proxecto único, e así se mostran xa na documentación de 1954 baixo o epígrafe de "grupo escolar"; pero mentras neste proxecto os edificios se encontran ao mesmo nivel levantándose a vivenda do mestre sobre pilares e apoiándose sobre os gardarroupas xerando así un porche cuberto ao nivel do vestíbulo de acceso na obra executada; as aulas sitúanse a un nivel de terreo máis elevado, e separadas da vivenda por un corredor exterior e comunicadas a través dunha pequena ponte que da acceso directo á planta de vivenda.

E de destacar a disposición dos volumes das catro aulas prantexadas en dous módulos ou bloques iguais con dúas aulas, gardarroupa e aseos cada un deles unidos entre si por un elemento intermedio máis baixo, a modo de porche-pérgola, soportado por perfilería metálica e un muro central a modo de eixo de simetría, separa a circulación dos nenos e das nenas.

As aulas de maior altura e con cuberta a unha auga, sitúanse dando frente á gran explanada, a unha cota sensiblemente máis baixa, á que abren as grandes cristaleiras de vidro que as dotan dunha luminosidade excepcional. Os accesos sitúanse pola parte traseira, a modo de vestíbulo exterior cuberto, no que se dispoñen a un lado e outro os aseos e gardarroupas, todo con cuberta plana.





A CASA DO MESTRE

Tras o grupo escolar, e unido a el a través dunha pequena ponte ou pasarela duns 2 m. de lonxitude, érguese a casa do mestre.

O edificio constitúe, dada a época na que se construíu entre 1.955 e 1.957, un auténtico manifesto da arquitectura moderna en Galicia no que respecta ao tema da vivenda unifamiliar, sendo, ademais, xunto coa igrexa, un referente obrigado para o estudio da conexión da arquitectura moderna da posguerra.

No proxecto inicial (1.954) estaba prevista a súa construcción na mesma cota que o grupo escolar, sen embargo, o gran desnivel do terreo levaría a Joaquin Basilio Bas, arquitecto directo de obra, a unha feliz solución a partir da aceptación da topografía como un elemento fundamental do proxecto.

Sobre a cota natural do terreo e baixo a rasante do grupo escolar érguese o baixo libre (8,90 m x 9.80 m.) no que destaca o dobre sistema estructural: en dous dos lados un muro perimetral de cachotería, no resto unha estructura de piares e trabes.

A vivenda ocupa en planta a mesma superficie que o baixo libre sobre o que se ergue, ampliándose gracias a un voadizo de 2 m. nos dous lados correspondentes ao muro de cachotería do baixo, xerando así unha ampla terraza exterior de 2 m. ao longo de toda a fronte das casas sur e oeste da edificación.

A horizontalidade dominante na composición dos ocos exteriores, o xogo cromático dos planos que os enmarcan, a cuberta practicamente plana, o gran voadizo... en fin, o mesmo tratamento das grandes superficies planas da fachada, así como a conexión a través da ponte co grupo escolar, sitúannos fronte a unha peza única nesta década, e da que podemos afirmar que pasarán aínda varios anos ata que poidamos encontrarnos cun referente vangardista deste nivel.

(1): PICCINATO, G., La construcción de la urbanística alemana 1871-1914, Ed. Oikos-TAU, Barcelona, 1993, páx. 82 a 87.

(2): UNWIN, R., La práctica del urbanismo, Ed. Gustavo Gili, Barcelona, 1984.

(3): TORINO 1973, Catálogo Mostra Nacionale della´ Architecttura Finlandese.

CONCLUSIÓNS

Ao longo dos anos corenta e na primeira metade dos cincoenta o núcleo rural de Fontao converteuse nun lugar de confluencia de milleiros de persoas. Como na "lenda das cidades sen nome" alí coincidiron mineiros, xentes do mundo rural, centos de presos republicanos en obrigada "redención de penas", aventureiros e estraperlista.

As tranquilas e pequenas aldeas de Vilar, A Brea, Merza..., pasaron a ser lugares de rebumbio e efervescencia na búsqueda do mineral.

Neste clima contradictorio e apaixoante onde o mundo da mina, da aventura, e do estraperlo, se mestura coa sociedade agraria tradicional sacudíndoa no máis fondo das súas estructuras, se erguen nos primeiros anos longos barracóns de madeira nos que vivirían os mineiros apiñados en condicións propias da industrialización decimonónica. Alí xunto coas vellas casas rurais dos asentamentos tradicionais, desa confluencia xurdiría, quizais, a primeira obra na que a arquitectura feita en Galicia na postguerra se abre ao mundo da modernidade

As técnicas constructivas, a linguaxe arquitectónica, as sinxelas pero contundentes volumetrías, os espacios "urbanos" xerados remitennos as correntes das vangardas internacionais.

Esta apertura está máis próxima aos presupostos artísticos das vangardas europeas de entreguerras, e ás posteriores á segunda guerra mundial, e lonxe das referencias americanas que terán exito na década seguinte.

Por unha banda, as Siedlungen alemanas estarán presentes na racionalidade da disposición da área residencial da vivenda obreira así como na zonificación funcional tanto do conxunto do poboado como da propia disposición interior do espacio da vivenda.

Por outra, as referencias expresas á arquitectura nórdica que se mostran non só na maior liberdade e organicidade na disposición volumétrica dos equipamentos senón, e sobre todo, na especial relación entre arquitectura e natureza expresada de forma maxistral na igrexa e no gran espacio da esplanada, abertos aos lonxanos montes de Carboeiro.

E por último unha estética neoplástica no tratamento da cor das carpinterias.

Resulta irónico que tras a industria de extracción do wolfram, inicialmente destinado para vender aos exércitos do fascismo hitleriano, se materializase, poucos anos despois, un pequeno poboado industrial cunha linguaxe arquitectónica e urbanística que entra de cheo nos presupostos artísticos das vangardas que ilusionaran a recén decapitada república española. Lonxe do folclorismo populista das realizacións do réxime franquista nos anos da autarquía, materializado, primeiro, nos poboados de "regiones desvastadas" e, máis tarde, nos grupos de vivendas sindicais da O.S.H., resulta reconfortante atoparse en pleno corazón de Galicia cunha obra que pon de manifesto a valia profesional de arquitectos como Joaquín Basilio Bas nos traballos de dirección de obra e César Cort na redacción do proxecto.



# CONCURSO PARA A REALIZACIÓN DE ÁREAS DE OCIO E PISCINAS DESCUBERTAS

Arquitectos: **Martín e Rubén Fernández Prado,**
Dirección de obra: **Fernando Cebrián del Moral, arq. .**
Promotor: **Deputación Provincial da Coruña.**
Constructor: **Pedralves.**
Data do proxecto: **1996.**
Remate da obra: **1997.**
Situación: **Concellos de Frades, Trazo, Vilasantar, Oza dos Ríos, Paderne e San Sadurniño.**
Fotografías: **Luis Carré.**

O noso proxecto intenta recoller a esencia deste programa de ocio ao aire libre e de encontro coa natureza: "Un espacio aberto á paisaxe e á luz de Galicia, un espacio para ver e ser visto, para oír e ser oído, un lugar de relación, de actividade, de xuntanza, un ambiente amable e amigo, en definitiva unha área de ocio e de deporte".

Tras o límite da parcela desenvólvense unha serie de espacios relacionados entre si a través do volume cúbico, o edificio, que se achega á entrada querendo recibir o usuario para permanecer nun segundo plano durante o disfrute, pero non perdendo o espírito de ser o eixe de funcións á hora de vivir o complexo e, permitindo, así, gozar do espacio aberto.

O edificio, conformándose na súa toalidade como un único volume claramente lexible no seu exterior, divídese, principalmente, en dúas áreas diferenciadas, unha, destinada a vestiarios e, outra, a control e bar. A primeira, presenta unha simetría deixando a ambos lados –uso masculino e feminino– duchas, vestiarios, taquillas, lavabos e retretes, pero con entrada e saída común para un mellor control e unha maior economía de medios.

O feito de ter que adaptar un mesmo proxecto a seis áreas de ocio distintas, obriga a pensar en solucións flexibles que se axeiten a distintas parcelas. É por iso que a disposición da parcela, abríndose cara a unha das súas cabezas e situando a construcción principal na súa entrada, permite unha fácil adaptación ao territorio galego, tensionado sempre polas vías de comunicación. O feito de concentrar a edificación e independizala das hipotéticas dimensións da parcela fai que a edificación tome o carácter dun obxecto que poida ser facilmente situado en calquera forma de parcela onde se realice o futuro proxecto.

De igual maneira, propuxéronse as divisións das áreas a través de elementos vexetais que permiten, por unha parte, unha comunicación visual para percibir a parcela como unha unidade e enriquecer o uso e a comunicación na zona e, por outra, manteñen a necesaria independencia física entre as distintas áreas do complexo. Eses elementos vexetais tamén poden variarse de lonxitude sen que o proxecto se resinta significativamente, e así presentar unha maior flexibilidade á hora de adaptar o proxecto á parcela de cada municipio.

A totalidade do edificio proxectouse de forma prefabricada o que permite unha maior facilidade para a repetición, así como un aforro á hora de fabricar máis dunha unidade como ocorre neste caso; esta prefabricación de estructura e cerrramentos tamén permite unha maior flexibilidade á hora de adaptalo á futura parcela e un mellor control de calidade.

O edificio preséntase en paneis fenólicos de Composites Gurea de 20 mm. de espesor ao exterior e panel fenólico a base de resinas sintéticas tipo Trespa ao interior.

Esas paredes colgan dunha estructura metálica a base de perfís "H", sobre os que apoian unhas cerchas que, á vez, recollen as cargas dunhas correas para formar unha cuberta con tres augas en shed.



PLANTA DO CONXUNTO




PLANTA BAIXA








DETALLES CONSTRUCTIVOS







DETALLE APOIO COMPORTAS. ESCALA 1:5

1. CHAPA DE ACEIRO GALVANIZADO, e=16mm.
2. TIRA DE NEOPRENO, 4cm E EM TODO O LONGO
3. CHAPA DE ACEIRO GALVANIZADO PALLA-PALILLO 4 mm.
4. SPIT dim=0,8mm.
5. CANDADO

# PISCINAS DESCUBERTAS PARA A DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Arquitecto: **Myriam Goluboff Scheps.**
Colaboradores concurso: **Manuel Dans Sanjurjo, Antonio Huerta Chamorro, Pilar Fernández Pérez, Juan Carlos Hernández Domínguez e Felipe Manta Porteiro.**
Colaboradores proxecto: **Ricardo No Fuentes, Manuel Dans Sanjurjo, Jorge Echeverría, Dulcemaría Trigo e Santiago Collazo.**
Dirección de obra: **Fernando Cebrián del Moral. arq. Juan González, aparellador, Deputación de A Coruña.**
Promotor: **Deputación de A Coruña.**
Constructor: **Huarte.**
Situación: **Concellos de Cesuras, Mazaricos, Moeche e O Pino.**
Fotografías: **M. Goluboff Scheps.**

Unha vez seleccionado o proxecto procedeuse á adaptación ás distintas localizacións: Cesuras, Mazaricos, Moeche e O Pino.

A empresa constructora adxudicataria foi Huarte e a dirección de obra foi compartida con Fernando Cebrián del Moral, arquitecto da Deputación da Coruña, e como aparellador Juán González, tamén da Deputación da Coruña.

Na elaboración da proposta partiuse de dous conceptos: primeiro, que ao estar na piscina se tivese a sensación de pertenza ao espacio natural circundante, dando moita importancia ao feito de ser a piscina descuberta, e, segundo, que o sistema organizativo e constructivo permitise a maior facilidade de adaptación posible.

Iso definiu o carácter da solución que, fuxindo de buscar unha imaxe de edificio, buscou unha serie de pequenos volumes á maneira dos equipamentos de praia.

No proceso de elaboración da idea, a imaxe foise fragmentando cada vez máis, verificando a escala necesaria na observación dos volumes construídos, optando por elementos de 3,60 m. x 3,60 m. en planta, que se repiten dando resposta aos requirimentos do programa.

O chan propúxose como un elemento modular de 1,80 m x 1,80 m., sobrelevado con relación ao terreo que permite o paso das tuberías que discorren baixo a pérgola e penetran, tamén, baixo os módulos do chan nas distintas casetas.

Esta estructuración modular e repetitiva permitiu unha proposta moi flexible que admite moi diversas configuracións e a posibilidade de ampliación; e na que os elementos se pensaron prefabricados e montados en seco na obra, facilitando a construcción de varias piscinas ao mesmo tempo e permitindo unha reciclaxe moito maior dos distintos compoñentes. A vontade de integración co medio, o concepto volumétrico, a vontade de que os cerramentos fosen de colores vivas dando unha imaxe lúdica, e a búsqueda de materiais que fosen o menos agresivos posible co medio ambiente nos distintos procesos, determinou a elección dos mesmos.



PLANTA XERAL

MODULO 4-5 ASEO-VESTUARIO HOMES



ALZADO



PLANTA



AXONOMETRIA



SECCIÓN 1








DETALLES DE ASIENTOS E CHAN

# AREA DE OCIO E PISCINA DESCUBERTA CONCELLO DE BOIMORTO

Arquitectos: **Antonio Raya de Blas, Cristóbal Crespo González e Carlos Quintáns Eiras.**
Dirección de obra: **Fernando Cebrián del Moral, A. Raya, C. Crespo e C. Quintáns.**
Aparellador: **José Manuel Yáñez.**
Constructor: **U.T.E. Varela Villamor-Indeza.**
Data do proxecto: **1997.**
Remate da obra: **1997.**
Situación: **Concello de Boimorto.**
Fotografías: **Paisajes Españoles, A. Raya, C. Crespo, C. Quintáns**

A Deputación da Coruña convocou en xullo de 1.996 un concurso de proxectos para dotar de piscinas descubertas a pequenos concellos da provincia, como primeiro paso dunha serie de plans de infraestructura deportiva. A proposta dos concursos resulta bastante novidosa: demándanse modelos arquitectónicos que, con lixeiras modificacións, poidan ser adaptados ás diferentes circunstancias dos emprazamentos disponibles.

A nosa proposta divide a parte construída do programa en dúas pezas de iguais dimensións, o que permitiu que se puidesen desprazar na súa posición relativa, ao tempo que admitir pequenas diferencias de pendente no terreo. Variando a posición destas pezas resólvense as situacións de acceso ao recinto e a orientación, específicas de cada emprazamento.

O vaso de piscina está situado tralos edificios, de xeito que para acceder a el é preciso efectuar un recorrido previo a través da rúa xerada por eles para, posteriormente, acceder á zona de baño por debaixo dunha lousa pretensada que fai de pórtico e acolle o pediluvio e as duchas de paso obrigado. Preténdese, deste xeito, controlar as visións que desde o exterior se poidan ter cara á piscina, así como dispoñer, cun mínimo de elementos construídos, dun ámbito definido por elementos recoñecibles (a rúa, a praza, o pórtico) que incorporen variedade espacial ao conxunto.

Asumir os presupostos e prazos que se demandaban para a execución das obras das piscinas, así como o volume edificado que se construiría simultaneamente, fixéronnos pensar, desde o primeiro momento, na prefabricación como sistema e nun proceso non lineal para a montaxe.



SECCION TRANSVERSAL PORTA

PLANTA XERAL





SECCIÓN

# CONCURSO ANTEPROXECTOS EDIFICIO INXENIERIA MINAS. CAMPUS UNIVERSITARIO DE VIGO.

PRIMEIRO PREMIO
Autores: **X. Carlos Martínez González, María Angeles Santos Vázquez, Carmen Ruíz Alarcón.**
Colaboradores: **Javier Caramés Paz, Ezequiel Fernández Guinda.**



ALZADO SUR





PLANTA COTA +3.60

departamentos

sala de grados

biblioteca



ALZADO NORTE



PLANTA COTA +0.00

aulas para 50 alumnos

administración

laboratorios de explotación de minas

laboratorios de inxenieria cartográfica





PLANTA COTA -6.48

aulas para 150 alumnos

aula de audiovisuais

laboratorios de medio ambente

laboratorios de prospección e explotación mineira



SEGUNDO PREMIO
Autores: **Patricia Sabín Díaz, Enrique M. Blanco Lorenzo.**

TERCEIRO PREMIO
Autores: **Celso López Martin, David Mahia Castelao, Julio Perez Estévez.**



SECCIÓN H

ALZADO A





SECCIÓN B



SECCIÓN D



SECCIÓN E



ALZADO G



P. ACCESO ± 0.00

P. AULAS -1



SECCIÓN B



SECCIÓN A





PLANTA COTA ±0.00



SECCIÓN AA



PLANTA COTA +3.75

# CONCURSO DE IDEAS PARA A ORDENACIÓN INTEGRAL DO PARQUE-XARDÍN, CARBALLEIRA E MARXES DOS RIOS UMIA E BERMAÑA EN CALDAS DE REIS.

PRIMEIRO PREMIO
Autor: **Juan Boedo Vilabella.**







SECCIÓN 1
PASARELA RÍO UMIA



SECCIÓN 2
PEIRAO RÍO UMIA

# CONCURSO PARA A CONSTRUCCIÓN DE POLIDEPORTIVA CUBERTA E AULAS EN E. U. DE EXB DE PONTEVEDRA. UNIVERSIDADE DE VIGO

PRIMEIRO PREMIO
Autores: **Oscar Castro, Alejandro Torrado, Julia Álvarez, Carlos Díaz.**



PLANO DE SITUACIÓN



ALZADO XERAL





SECCIÓN B



ALZADO SURESTE



0.- ACCESO
1.- PISTA DEPORTIVA
2.- RECIBIDOR E ASEO
3.- AULA USOS MÚLTIPLES
4.- INSTALACIÓNS
5.- CUARTO DA LIMPEZA
6.- ALMACÉN DA LIMPEZA
7.- ENFERMERÍA BOTIQUÍN
8.- ASEOS PÚBLICOS
9.- VESTUARIOS-ASEOS PROFESORES, ARBITROS
10.- VESTUARIOS-ASEOS MULLERES
11.- VESTUARIOS-ASEOS HOMES
12.- ALMACENES MATERIAL DEPORTIVO
13.- PASILLO VESTUARIOS
14.- PATIO

PLANTA BAIXA

# CONCURSO DE IDEAS U. E. 4 - ZONA 12 DO P. E. R. I. DO CASCO HISTÓRICO DE OURENSE.

PRIMEIRO PREMIO
Autores: **Carlos Quintáns Eiras, Cristobal Crespo Gpnzález, Antonio Raya de Blas.**











# ORDENACIÓN DO CONTORNO DA PRAZA DE ABASTOS E CONSTRUCCIÓN DUN APARCAMENTO EN CANGAS

PRIMEIRO PREMIO
Autores: **Martín Chazarreta,**
**Daniel Rivoira Zecca,**
**Julio D. Rdguez. Rdguez. .**

DISOLUCIÓN Na evolución histórica de Cangas a denominada Praza da Constitución foi lugar de mercado, de confluencia de percorridos e punto de encontro da rúa Real co frente marítimo.

Cos sucesivos recheos e a conformación do novo borde mariño, a Alameda perde importancia na paisaxe urbán, e a Praza da Constitución perde o seu caracter de centralidade dispersando a sua función en percorridos sin xerarquía. Ao mesmo tempo a rúa Real perde o contacto co mar e Cangas o seu frente representativo do área central na sua fachada o mar.

REENCONTRO Propoñemonos recuperar a estructura coa cual configurouse este espacio público central de Cangas.

A proposta recupera a centralidade da Praza da Constitución prolongandoa até o mar para producir o rencontro do Casco Vello co seu frente mariño de representación.

A partires deste novo espacio de referencia se interven no conxunto das partes compoñentes, co obxeto de axiñarlles a dimensión adecuada para sua potenciación.









# CONCURSO DE IDEAS "ESPACIO PÚBLICO, FAMILIA E VIVENDA"

PRIMEIRO PREMIO
Autores: **Mario di Felice Vázquez, Alberto Corral Corral.**



PLANTA BAIXO
PLATAFORMA



PLANTA BAIXA



PLANTA
PRIMEIRA



PLANTA
SEGUNDA








# CONCURSO DE IDEAS PARA A COSTRUCCIÓN DUNHA NOVA CASA CONSISTORIAL NA PRAZA MAOIR DE VIVEIRO

PRIMEIRO PREMIO
Autores: **Alfredo Freixedo Alemparte,**
**José L. Martínez Raido,**
**Ignacio Pascual Vazquez,**
**Elsa Urquijo Gómez,**
**Mª. Jesus Blanco Piñeiro,**
**Alfonso Pavón Vidal,**
**Manuel Seoane Feijoo.**













# CONCURSO PARA PROXECTO - TIPO DE CAMPOS DE FUTBOL PARA MUNICIPIOS DA PROVINCIA. DIPUTACIÓN DA CORUÑA.

PRIMEIRO PREMIO
Autores: **Patricia Sabin Díaz, Enrique M. Blanco Lorenzo.**



ALZADO PRINCIPAL

40M






PLANTA XERAL







SECCIÓN F



SECCIÓN E

40M

# CONCURSO PARA PROXECTO - TIPO DE CAMPOS DE FUTBOL PARA MUNICIPIOS DA PROVINCIA. DIPUTACIÓN DA CORUÑA.

PRIMEIRO PREMIO
Autores: **X. Carlos Martínez González,**
**María Angelesn Santos Vázquez,**
**Carmen Ruiz Alarcón,**
Colaborador: **Javier Caramés Paz.**







SECCIÓN GRADERIO E VESTIARIOS



PLANTA DO GRADERIO



ALZADO LATERAL



PLANTA DO VESTIARIO





ALZADO DE ACCESO

# CONCURSO PARA PROXECTO - TIPO DE CAMPOS DE FUTBOL PARA MUNICIPIOS DA PROVINCIA. DIPUTACIÓN DA CORUÑA.

PRIMEIRO PREMIO
Autores: **Mario di Felice Vázquez, Alberto Corral Corral.**



SECCIÓN
FASES COMPLETAS



SECCIÓN TIPO
SIN GRADERIO
NIN CUBERTA



PLANTA XERAL GRADAS
E CAMPO DE FUTBOL



ALZADO PRINCIPAL



PLANTA VESTIARIOS



PLANTA SERVICIOS

# CONCURSO PARA PROXECTO - TIPO DE CAMPOS DE FUTBOL PARA MUNICIPIOS DA PROVINCIA. DIPUTACIÓN DA CORUÑA.

PRIMEIRO PREMIO
Autor: **Carlos A. Pita Abad.**



PLANTA XERAL



ALZADO EXTERIOR



PLANTA E



ALZADO INTERIOR



CERRAMIENTO TIPO E
PLANTA



CERRAMIENTO TIPO E
SECCIÓN

CERRAMIENTO TIPO E
1- Zapata de formigón armado
2- IPE 120
3- Perfil tubular 60.5
4- Panel prefabricado de formigón armado
5- Recheo de cascotes, terra compactada e capa superficial de terra vexetal



MÓDULO VESTIARIOS



MÓDULO GRADERIO



SECCIÓN TRANSVERSAL

# IV PREMIO DE ARQUITECTURA JULIO GALÁN CARBAJAL 1997

## ACTA DO FALLO DO XURADO

Na cidade de Soria, reunido o día 12 de decembro de 1.997 o xurado cualificador do IV Premio de Arquitectura Julio Galán Carvajal, constituído por:

**Presidente:**
D. Carlos Sanz Ceballos, Decano do COA de Castela e León este.
**Vocais:**
D. Alberto Unsaín González de Suso, por delegación do Decano do COA de Galicia.
D. Alberto Combarros Aguado, Decano do COA de León.
D. Angel Mayor Villarejo, Decano COA de Asturias.
D. Antonio Barrionuevo Ferrer, arquitecto designado polo COACYLE.
D. Francisco José Mangado Beloqui, arquitecto designado polo COACYLE.
**Secretario:**
D. José Luis Pardo Castañeda, secretario do COACYLE.

**Primeiro:**
Compróbase a correcta presentación en tempo e forma dos traballos, sendo aceptados todos.

**Segundo:**
Despois dun exame de toda a documentación presentada polos concursantes, o xurado acorda outorgar os seguintes premios por unanimidade:

**A) Edificio de nova planta.**
**Primeiro premio ex-aequo:**
**Sanatorio Marítimo de Oza. A Coruña.**
Autores:D. Manuel Andrés Reboredo Santos.
D. Albert de Pineda Álvarez.
Colaboradores: D. Iraima Guerrero.
D. Xavier Llambrich.

Pola maneira de situar o edificio contribuíndo a cualificar o espacio público e o entorno inmediato, á vez que se crean espacios intermedios que evitan a "obviedade" do existente e enriquecen o Complexo Hospitalario de Oza como conxunto. Igualmente, polo modo en que se organizou o programa, dando resposta a requerimentos funcionais diferenciados creando secuencias interiores con valores espaciais que é preciso significar. A utilización dos materiais e a sutileza dalgúns detalles arquitectónicos xustifican, finalmente, esta decisión. Tamén se considera o achegamento intelectual da obra á raíz máis profunda de determinadas arquitecturas vernaculares do territorio cultural na que se insire.

**Primeiro premio ex-aequo:**
**Consultorio médico Nueva de Llanes. Asturias.**
Autor: D. Andrés Diego Llaca.

Pola elegancia e a sutileza da intervención que se manifestan fundamentalmente na vontade do proxecto de integrarse, consciente das limitacións derivadas do seu tamaño, no conxunto existente. Con este punto de partida, o edificio desenvolve unha xeometría e unha plástica certamente sutís que, á vez que definen a peza como parte dunha "colonización" continuada, serven de contrapunto aos valores procedentes do conxunto.

De maneira particular tívose en conta a expresividade e a elegancia formal dalgúns dos fragmentos arquitectónicos que, a pesar do reducido da intervención, están presentes no edificio. Valores que teñen que ver co xeito de entender o contexto existente e coa sutileza no uso dos materiais. Tamén se valora o acertado perfil desta pequena edificación que caracteriza con claridade o ámbito urbano creado, situando a entrada nunha pasaxe cuberta ideada para posibilitar o tránsito a través do espacio interior que o conxunto define, e a libre e precisa composición dos seus vans que contextualizan a obra como construcción actual.

**Accésit:**
**Centro cívico Zaratán. Valladolid.**
Autores:D. José María Jové Sandoval.
D. Félix Jové Sandoval.

**Seleccionados:**
Centro de Saude - O Castrillón - Monte das Moas - A Coruña
D. Antonio Amado Lorenzo.
Centro de Saude de Rivadulla, Vedra - A Coruña
D. Pedro de Llano Cabado.
Centro integración Social de lesionados medulares en Camino Viejo de Simancas K5 - Valladolid
D. Javier López de Uribe
D. Fernando Zaparaín Hernández.
Centro Cívico de la Rondilla de Sta. Teresa - Valladolid
D. José Antonio Salvador Polo
D. José Luis Villacorta San José.
Edificio vivenda colectiva para Cooperativa Sta. Bárbara II - Polígono La Palomera - León
D. Eloy Algorri García.
25 viv. adosadas de promoción pública, Villafranca del Bierzo - León
D. Fernandeo de Andrés Alvarz.
Viv. Unifamiliar, Couso - Pontevedra
D. Emilio Cobos Mateos.
Novo Edificio de Xulgados - Santiago de Compostela
D. Rafael Bartar Tojo
D. José A. Bartolomé Argüelles
D. Carlos Almuiña Díaz.
Centro Socio Cultural de Meira - Lugo
D. Jesús Bouza Fernández

**B) Rehabilitación.**
**Primeiro premio:**
**Rehabilitación de Nave da Igrexa e Claustro de San Francisco.**
**Pontevedra.**
Autor:D. Celestino García Braña.

Polo rigoroso e detallado do proceso que desenvolve a intervención. Igualmente, e como consecuencia diso, pola sutil e sinxela elaboración dos novos elementos constructivos que desenvolven un diálogo fructífero e respectuoso coa preexistencia, ao tempo que definen e delimitan perfectamente a natureza da nova arquitectura. Con este premio o xurado quixo significar, tamén, a natureza do edificio sobre o que se actúa, na medida en que determina un tipo de actuacións onde, seguramente, o valor da intervención radica en fuxir do "vistoso" para afirmarse no valor do rigor.

Valóranse á vez os criterios adoptados, propios dos constructores e arquitectos, de reconstruír a cuberta e o piso do claustro, arruinados polo incendio, con técnicas e expresións actuais e, asimesmo, ter alcanzado o obxectivo de harmonizar as ordes novas introducidas coas existentes.

**Accésit:**
**Ermida de San Pelayo, Perazancas de Ojeda. Palencia.**
Autor:D. Francisco Javier Blanco Martín.

**Conxunto da Torre de San Martín, Soto del Barco. Asturias.**
Autor:D. Hernández Sande y Perea.

**Seleccionados:**
Rest. Igrexa de San Miguel Arcángel, Moreruela de Tabara - Zamora
D. Marco Antonio Garces Desmaison.
Casa da Cultura, Arriondas - Asturias
D. Andrés Diego Llaca.

**C) Decoración e interiorismo.**
**Primerio premio:**
**Instituto Galego de Psicomotricidade. Vigo.**
Autor: D. José Manuel Peña Serna.

Pola sinxeleza da intervención, que se fundamenta, basicamente, no intento de resolver problemas funcionais presentes no programa ou derivados da adaptación á planta existente, á vez que deste mesmo proceso se extraen os argumentos para dotar o conxunto duns valores plásticos indiscutibles. Polo manexo da luz nalgunhas das secuencias da intervención, chegando, nalgúns casos, a crear sensacións case escenográficas que, sen dúbida, sorprenden o espectador ao tempo que cualifican e melloran o espacio orixinal.

En proba de conformidade co presente dictame, os membros do xurado asinan conxuntamente a acta en Soria, sendo as quince horas do venres doce de decembro de mil novecentos noventa e sete.

## PREMIOS

Modalidade: **EDIFICIO DE NOVA PLANTA**
PREMIO EX AEQUO
**SANATORIO MARÍTIMO DE OZA. A Coruña**
Arquitectos: **Manuel Reboredo Santos**
**Albert de Pineda Álvarez**

Publicado en este nº de OBRADOIRO

Modalidade: **EDIFICIO DE NOVA PLANTA**
PREMIO EX AEQUO
**CONSULTORIO MÉDICO NUEVA LLANES. Asturias**
Arquitecto: **Andrés Diego Llaca**



Modalidade: **EDIFICIO DE NOVA PLANTA**
ACCESIT
**CENTO CÍVICO ZARATÁN. Valladoliz**
Arquitectos: **José María Jové Sandoval,**
**Félix Jové Sandoval**

Fotografía: **Ricardo González**

Modalidade: REHABILITACIÓN
PREMIO
**REHABILITACIÓN CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO. Pontevedra.**
Arquitecto: **Celestino García Braña.**



Modalidade: **REHABILITACIÓN**
ACCESIT
**ERMITA DE SAN PELAYO, PEREZANCAS DE OJEDA. Palencia**
Arquitecto: **Francisco Javier Blanco Martín**

Modalidade: **REHABILITACIÓN**
ACCESIT
**CONXUNTO DA TORRE DE SAN MARTÍN.**
**SOTO DEL BARCO. Asturias**
Arquitecto: **Hernández Sande y Perea**



Modalidade: **DECORACIÓN E INTERIORISMO**
PREMIO
**INSTITUTO GALEGO DE PSICOMOTRICIDADE.**
**Vigo**
Arquitecto: **José Manuel Peña Serna.**

# PREMIO URBAN PARA O PERI DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela ven de ver confirmado o Premio Urban da Unión Europea polo "Plan de Ordenación Territorial para a Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica" na categoría de Planificación Local, no que se valoran "plans concretos e aos profesionais e ás administracións que fixeron posible o plan".

A nova, que xa se coñecía dende o mes de Febreiro, confirmouse no mes de Agosto, estando prevista a entrega do premio para o próximo 18 do mes de Novembro pola Comisária de Política Rexional da Comisión Europea.

Nesta mesma categoría foron concedidos dous Accésits, ún a Dublín pola renovación do casco vello da capital irlandesa e outro á cidade danesa de Aarhus pola integración da paisaxe e o espacio urbano no río do que a cidade tomou o seu nome.

Na categoría Rexional, foi galardonada o Consello do Véneto polo Plan de Ordenación do Delta do Po. Na categoría de Intervencións Transfonteirizas o premio foi para as Administracións Holandesa e Alemana polo diseño e as novísimas concepcións postas en práctica no polígono industrial transfronterizo de Aquisgrán-Heerlen. Na cuarta categoría de Planificación entre a UE e outros paises, foi premiado a cidade de Toledo pola Revitalización do Casco Histórico da cidade das tres culturas en cuia elaboración participou a Universidade de Harvard.

Nesta terceira edición dos Premios Urban, concedido cada catro anos, na anterior fóralle concedido a Allariz (ver Obradoiro 26), presentáronse 168 cidades europeas, quedando como finalistas 18.

Este premio vense a sumar a outros xa concedidos anteriormente a Santiago como o da Fundación Toledo (1993), o Gubbio (1996), Europa Nostra (1997), a Medalla da Asamblea Parlamentaria do Consello de Europa (1997) e o Premio Manuel de la Dehesa (1997).

Pero é o Urban, o Nóbel do Urbanismo, o que culmina toda unha serie de acertos na Planificación do Casco Histórico, emprendido en 1987 pola Oficina de Planeamento SA. asesorados polo arquitecto alemán Josef Paul Kleihues. En 1990 sale o Avance do Plan Especial que protexía 1.800 edificios dos 2.800 de que consta o Casco Histórico. A partir dese intre concédese licencia para varios edificios "exemplarizantes" como serían o Centro Galego de Arte Contemporáneo e o Parque de San Domingos de Bonaval de Álvaro Siza (Obradoiro 23), o polideportivo de San Clemente de Josef Paul Kleihues e espacios urbanos como o Acondicionamento das ribeiras do rio Sarela de X. L. Pérez Franco (Obradoiro 26) e o Aparcadoiro da Avda. Juan XXIII de Albert Viaplana con colaboración de H. Piñón e R. Mercadé (Obradoiro 26).

Paralelamente a estas obras singulares, empréndese en 1994, un Plan Ponte xestionado pola recén creada Oficina de Rehabilitación (dependente do Consorcio), que rehabilitou con técnicas "blandas" ata 300 edificios antes da Aprobación definitiva en 1997 (Obradoiro 26).

Segundo os menbros da Oficina de Planeamento, tres son as ideas básicas que orientan os traballos do PERI: primeira "preservar o contido arquitectónico mais profundo de todo o casco e non de determinados edificios emblemáticos"; segunda "recuperación do uso residencial, para que a vida urbana manteña a riqueza da súa orixe"; terceira "inserción de propostas urbanísticas de nova planta, para que a arquitectura comtemporánea sexa quén de medirse coa cidade histórica".

Pero todos estos estudos técnicos non serian posibles sen o apoio dun Concello con maioría socialista-nacionalista, dirixido por un Alcalde-arquitecto, que en todo momento impulsou unha política que fixera posible o desenvolvemento do PERI.

# GUÍA DE ARQUITECTURA A CORUÑA.

Autor: **Esteban Fernández Cobián**
Editor: **Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia**

**Carlos Quintáns Eiras**

A realización da Guía de Arquitectura da Coruña supuxo un esforzo considerable para todas aquelas persoas que colaboraron dende a Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. O reto consistía en recoller, non só a arquitectura que o tempo fixo incuestionable, sinón tamén a máis recente. A obxectividade foi o punto de partida; non existiron intereses persoais e a asepsia coa que se ten considerado cada edificio di moito do proceso seguido.

Este libro debería desvelar aspectos da cidade que descoñecemos, lograr que víramos dunha forma distinta o que nos rodea, que conserváramos aquello que paga a pena e que aprendéramos do xa realizado para traballar cada día con meirande rigor.

A Coruña é unha cidade de extremos, que abala entre o apolíneo e o dionisíaco. Unha cidade que se caracteriza tanto pola súa arquitectura institucional como polos magníficos edificios realizados por aqueles particulares que pensaron que a cidade era un lugar para vivir e non só o resultado casual dun fenómeno inmobiliario. De calquera xeito, non é posible pechar os ollos ante as consecuencias da especulación *desarrollista*, ainda vixente nalgúns casos, que ignora o valor da disciplina arquitectónica como instrumento axeitado para canalizar os múltiples esforzos que conflúen na práctica urbana.

Tal vez esta Guía sirva como base para meditar sobre a situación na que nos atopamos; para felicitarnos polo potencial creativo e de xestión que os nosos profesionais demostraron ó longo da historia e para recapacitar sobre as oportunidades que actualmente se lle brindan.

Por último, lembrar que ademáis das reflexións que poida provocar en quen aquí vivimos, esta Guía deberá orientar ós visitantes para que poidan perderse axeitadamente poa cidade.

*Selección de obras*
Ricardo Beltrán Pedreira
Esteban Fernández Cobián
Jorge V. Meijide Tomás
Carlos A. Pita Abad
Vicente Villarquide Seoane

*Documentación e textos*
Esteban Fernández Cobián

*Coordinación*
Vicente Villarquide Seoane

*Fotografía*
Vari Caramés

# GUÍA DE LA ARQUITECTURA DEL SIGLO XX.
## Antonio Pizza

Autor: **Antonio Pizza**
Editor: **Editorial Electra, Madrid, 1997**

**J. J. Lahuerta**

Antonio Pizza acaba de publicar en Electa a súa guía da arquitectura española do século XX: case catro anos de traballo e arredor de tres mil obras de arquitectura seleccionadas, clasificadas -¡e visitadas!- deron lugar a este libro que reúne arredor de 800 fichas que inclúen non só os datos técnicos de cada edificio, senón breves e agudas explicacións críticas, ademais dunha excepcional bibliografía de máis de 1200 títulos ordenada con distintas entradas.

Cumpría comezar esta reseña dando conta deses datos, porque no caso do libro de Pizza, non só a súa extraordinaria calidade, senón tamén o esforzo e a cantidade con singulares, convérteno nalgo máis que nunha simple guía.

En efecto, estamos acostumados a ver cómo, desde hai anos, a arquitectura española ocupa un lugar de privilexio nos medios e publicacións de todo o mundo. O propio Antonio Pizza recórdao no prólogo. É obvio que na operación propagandística que se iniciou a mediados da década dos oitenta e que culminou nos fastos do 92, encamiñada, entre outras cousas, a crear na sociedade española unha mentalidade europea -as próximas converxencias monetarias recuperaron, senón os mesmos discursos, si as mesmas voces de mando e as mesmas expresións- a arquitectura xogou un papel importante.

Non é demasiado difícil advertir o carácter institucional que a arquitectura española asumiu nestes anos, do que aínda non se desprendeu. Hoxe, a que se fai en España é unha arquitectura promovida polas institucións, desde o estado aos diferentes niveis locais, como, por certo, as guías de arquitectura que se publican, exceptuando esta da que falamos. Esta promoción institucional comporta, naturalmente, unha serie de cargas que a arquitectura debe asumir, e que son as funcións que está chamada a representar, como a eficiencia das distintas administracións ou a súa ideoloxía -chamaremos así a esa cantilena que consiste en dicir que en cada obra se conseguiu reunir modernidade e tradición -. Nesta estratexia de prestixio marcada pola realización das novas estructuras simbólicas -teatros, estacións ou museos- a arquitectura converteuse nunha constante ocasión de propaganda. É, exactamente, parte -e parte importante- dese labor de promoción que se resume na idea da integración , cun fin que é crear nos españois unha mentalidade obrigatoria de autorecoñecemento internacional.

Pero, por outra parte, neste sistema -nesta axencia publicitaria- no que á arquitectura lle foi

reservado un gran papel, a cultura española demostra unha vez máis o seu recoñecemento internacional ás veces eufórico. É a primeira constatación de que España é -como sempre- unha periferia cultural, e de que esta situación descentrada crea, necesariamente, unha mentalidade endémica.

No caso da arquitectura é obvio que nun país no que non existe ningunha actitude cara a reflexión, no que están ausentes as discusións e os debates -o único que demostrou a recente IV Bienal de Arquitectura foi cómo os comentaristas de arquitectura españois saben vivir, sen complexos, de ese aire de la botija en la que pean-; é obvio, dicía, que neste ambiente, as únicas obras significativas se produzan en círculos reducidos, case persoais, e que, así, nazan xa mistificadas. Pola súa parte, as revistas, tan numerosas nos últimos anos, serven tan só para mostrar as cousas. E cando se mostra con tanta insistencia acábase demostrando o que se quere, ou o que sexa.

A guía de Antonio Pizza é a excepción neste panorama. Fronte á banalidade e ao oportunismo, trátase dun traballo cheo de xenerosidade, como xa demostran os datos que lembraba ao comezo.

É unha guía, en efecto, e como tal pode ser usada coa maior efectividade, pero ademais, a visión que xorde desa gran cantidade de edificios reunidos por primeira vez é unha visión necesariamente crítica. Quero insistir nesa necesidade: os criterios de selección que seguiu Antonio Pizza non foron determinados por presións ou prexuízos mediáticos nin doutro tipo, e conducen, no extremo e sen paradoxo, á eliminación das exclusións. Por dicilo dalgún xeito, o que vemos é o que hai. Son as manipulacións intermedias -estilísticas, biográficas, etc.- o que Pizza eliminou. Así, a arquitectura española do noso século móstrase sen desviacións: a guía de Antonio Pizza é a cidade ao mesmo tempo laberíntica e reiterativa desa arquitectura. Ninguén a puxera antes ca el, nos termos máis crús da súa cantidade, diante dos nosos ollos. Nesa cantidade os exemplos singulares encontran un novo lugar: un lugar próximo, sen utopías consoladoras. Esta guía da arquitectura española do século XX é, en si mesma, a súa historia contraída e a súa crítica máis certeira.

Repito: unha guía imprescindible, e máis que unha guía. Quen viaxe con ela, aínda que sexa sen moverse do sillón da súa casa, comprobará a súa utilidade. Usala sen prexuízos será un modo de empezar a ver en serio, sen ilusións, a nosa arquitectura.

# IN MEMORIAM DE ALDO ROSSI (1931-1997)



O 4 de Setembro de 1997 morreu en Milán o arquitecto Aldo Rossi a consecuencia dun accidente de tráfico.

Rossi foi un teórico fundamental para os arquitectos da xeneración dos anos 70. O seu libro sobre *A Arquitectura da Cidade* fixo cambear todolos prantexamentos que por eses anos se realizaban nas Escolas de Arquitectura e posteriormente no mundo profesional. Igualmente obras suas como o Bloque Gallaratese en Milán, o Cemiterio de San Cataldo en Módena, e a Escola de Fagnano en Olona, invadiron coa súa poética metafísica o traballo de toda unha xeración de profesionais de todo o mundo.

En Galicia a intervención de Rossi no 1º SIAC (Seminario Internacional de Arquitectura en Compostela, celebrado entre o 27 de Setembro e o 9 de Outubro de 1976), revolucionou o xeito de abordar o Proxecto nunha cidade histórica, rematando aquela *"bela ilusión do Movimento Moderno que confundía moral e estética, política e técnica e que pensaba e vía a arquitectura como o elemento capaz de redimir os conflictos sociais"* según decía Rossi na introducción deste Seminario.

Consecuencia deste Seminario foi o nacemento dunha *Tendenza* que acaparou as revistas especializadas, os debates arquitectónicos e as Escolas, prolongándose en outros SIA en Sevilla, Barcelona, etc.

Ainda que o obxetivo de Rossi era crear unha metodoloxía do proxecto a partir da análise das tipoloxías arquitectónicas dun territorio, pois segundo él dicía *"A tipoloxía, a forma dunha casa, é diante de todo a vida do home, cos seus contrastes e os seus conflictos e tamén co seu lento e constante progreso"*, esta teoría caeu en algunhos dos seus seguidores nun certo academicismo que lle acarreou a morte.

Pero a investigación persoal de Rossi continuou vigorosa como demostrou coa publicación da súa *Autobiografia Científica* publicada en Español en 1984, e a realización de obras como O Teatro Veneciano (1979), as Portas para a Bienal de Venecia (1980), etc., e a súa labor académica no Instituto Universitario di Architectura de Venecia.

Arquitecto de poucas, pero importantes, obras, adicou a súa actividade a pronunciar conferencias por todo o mundo, impartindo ensinanza na Cooper Union e no Institute por Architecture and Urban Studies de Yale, entre outras.

Ultimamente o traballo de Rossi tiña pasado a un certo descoñecemento, a raiz de ser solicitado por empresas multinacionais para a realización de traballos importantes ligados ó ocio en Estados Unidos e Xapón.

Como nos contaba nunha entrevista publicada no Obradoiro 22, compaxinaba estes grandes traballos con outros de maior interés para él como eran o Museo de Maastricht e o Museo do Mar de Galicia en Alcabre (Vigo).

Entre as últimas creencias de Aldo Rossi estaban *"as de facer unha arquitectura sin tempo, que non se resintan do efecto das modas das revistas de arquitectura, pero sobre todo que non esteñan demasiado ligadas a un estilo"*. A forma, esa preexistencia fundamental que lle da sentido á cidade e o tempo serán os auténticos xuices da súa obra.

En calqueira caso deixa dous libros que crearon unha inflexión do pensamento arquitectónico do seu tempo e referencia obligada cando se fale da arquitectura do seculo XX e unhas obras que son a súa ilustración acaída. A obra inacabada que escomenzou en Galicia, e en homenaxe á súa querencia desta terra, debia rematarse canto antes.

Un párrafo da memoria do Museo do Mar de Galicia parece como unha metáfora da súa vida:**"Questa ricerca tra la costruzione e il luogo, tra la storia e la storia futura, é il progetto. Nel suo costruirsi en el tempo esso potrá modificarsi: ma non si modificherá la sua luonga linea di granito grigio che attraversa il Patio del Museo e le sue mura, che attraversa l´ acquario come un grande horreo e giunge alla luce inquietante del faro alla soglia dell´Oceano"**.

En Cumprimento dos artigos 21 e 24 da Lei de Prensa e Imprenta, o Consello de Redacción de OBRADOIRO pon en coñecemento dos lectores os seguintes datos:

**Director:**

Xosé Manuel Rey Pichel
Decano do C. O. A. G.

**Consello de Redacción:**

Xosé Lois Martínez Suárez
Xan Casabella López
Plácido Lizancos Mora
Xan Manuel Doce Porto
Manuel Rivas Barros

**Redacción gráfica:**

Xurxo S. Lobato / Voz Noticias

**Correspondentes e Colaboradores:**

Andrés Fernández-Albalat Lois, A Coruña.
José González-Cebrián Tello, A Coruña.
Carlos Almuíña Díaz, Santiago de Compostela.
Salvador Fraga Rivas, Vigo.
César Portela Fernández-Jardón, Pontevedra.
Santiago Catalán Tobía, Lugo.
Manuel Vecoña Pérez, Ourense.
Jacinto Rodrígues, Porto.
Roberto Segre.

**Grafismo:**

P. A. Estévez

**Revisión Lingüística:**

María dos Anxos Martínez Suárez

**Redacción:**

Rúa de Xoana de Vega, 10-bis/10º
15.003 A CORUÑA
Teléfono 981. 22.87.94/29.54.59
Telefax 981. 22.87.94
http://www, coag.es
e-mail hostmaster @ coag. es

**Propiedade:**

Colexio de Arquitectos de Galicia
Casa da Conga
Praza da Quintana, s/n
15.704 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981.58.01.00
Telefax 981.56.16.55/8

**Fotomecánica:**

Macrom

**Impresión:**

Alva gráfica S. L.

**I.S.S.N.: 0211-6065**
**Dep. Legal: C-1.219/83**

**Setembro, 1998**

Os criterios expostos nos diversos artigos deste número son da exclusiva responsabilidade dos seus autores e non reflexan necesariamente os que poidan te-lo Consello de Redacción da Revista ou o COAG, OBRADOIRO autoriza a reproducción total ou parcial dos seus textos e orixinais gráficos sempre e cando se cite a súa procedencia e se lle envíe ó Consello de Redacción un exemplar da publicación na que apareza dita reproducción.
O CONSELLO DE REDACCIÓN RESÉRVASE O DEREITO DE PUBLICAR CALQUERA ORIXINAL FORA ESTE SOLICITADO OU NON.

**Precio do exemplar:**

3.000 pts. (IVE incluido)

Portada: Facultade de ciencias da Saúde, A Coruña
Fotografia: Juan Rodríguez

# CONTIDO


MONOGRAFIA: ARQUITECTURA SANITARIA

Manuel Gallego. A emoción do tempo
**Manuel Rivas**

Edificios para Institutos de investigación,
Campus Sur, Santiago de Compostela
**Manuel Gallego Jorreto**

A saúde dos homes infames
**Fernando Casqueiro**

Centro de Saúde de Viveiro
**Manuel Gallego Jorreto**

Centro de Saúde de Elviña
**Alberto Noguerol e Pilar Diez**

Centro de Saúde de Vigo
**Alfonso Penela**

Centro de Saúde de Perillo
**Carlos A. Pita Abad**

Centro de Saúde Calo-Teo
**Francisco J. Rivas Barros e Xosé M. Rosales Noves**

Centro de Saúde de Xunqueira de Espadañedo
**Alfredo Freixedo Alemparte**

Centro de Saúde de Monteporreiro
**Gabriel Santos Zas**

Centro de Saúde do Castrillón
**Antonio Amado Lorenzo**

Centro de Saúde de Vilalba
**Carlos E. Meijide Calvo e Francisco J. Vidal Pérez**

Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira en Cee
**Jacobo Rodríguez-Losada Allende**

Hospital de Oza
**Albert Pineda e Andrés Reboredo**

Facultade de Ciencias da Saúde
**Manuel de las Casas**

Entrevista con Álvaro Siza
**Carlos G. Seoane**

Complexo Paroquial do Marco de Canavezes
**Álvaro Siza**

O poboado industrial das minas de Fontao
**Xosé Lois Martínez Suarez**



COLEXIO
OFICIAL
ARQUITECTOS
GALICIA
C. O. A. G.